



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 123

Sesión plenaria
9 de xullo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGNCL3TMj3i0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm. 48795, 10/PL-000014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 482, do 04.06.2019

Publicación do informe da Ponencia, BOPG nº 492, do 25.06.2019

Punto 2. Comparecencia

52101 (10/PPP-000105)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do impacto das estratexias de desenvolvemento local participativo dos GALP nas zonas pesqueiras de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

Punto 3. Mocións

3.1 52050 (10/MOC-000152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller (moción consecuencia da Interpelación nº 45948, publicada no BOPG nº 434, do 20.2.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

3.2 52051 (10/MOC-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego (moción consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 458, do 09.4.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

3.3 52057 (10/MOC-000154)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (moción consecuencia da Interpelación nº 50774, publicada no BOPG nº 486, do 12.6.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 44961 (10/PNP-003369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

4.2 49349 (10/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

4.3 50000 (10/PNP-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

4.4 51389 (10/PNP-003849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

4.5 51406 (10/PNP-003850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

4.6 51541 (10/PNP-003860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019



4.7 51587 (10/PNP-003868)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e de concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

4.8 51998 (10/PNP-003894)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 495, do 01.07.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 48636 (10/INT-001612)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención do abandono escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

5.2 51374 (10/INT-001708)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

5.3 51518 (10/INT-001713)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre a xestión de Xóvenes Agricultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 52123 (10/POPX-000157)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a desigualdade económica e social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019



6.2 52126 (10/POPX-000158)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a avaliación das políticas do Goberno galego para frear o devalo demográfico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

6.3 52127 (10/POPX-000159)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que van ter as novas iniciativas no afrontamento dos problemas demográficos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 52120 (10/PUP-000259)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da situación xerada no encoro da Baxe, en Caldas de Reis, dende a presenza da alga microcistina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.2 52111 (10/PUP-000257)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a necesidade dunha explicación e dunha valoración por parte do Goberno galego respecto das súas relacións con Pemex

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.3 52122 (10/PUP-000260)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central para que rectifique a súa decisión de denegar a solicitude de conexión do polígono industrial de Balaídos á rede de 200 quilovoltios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.4 51771 (10/POP-006073)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural Agrupado de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019



7.5 52119 (10/PUP-000258)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa privatización de servizos sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

7.6 51422 (10/POP-006030)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis**Sobre a valoración do Goberno galego respecto da campaña de verán do 2019 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentada baixo o lema *O verán que queres vivir*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

7.7 50958 (10/POP-006005)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o motivo polo que a Xunta de Galicia se atrasou nos pagamentos dos fondos para Programas de Desenvolvemento Rural (PDR)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

7.8 51573 (10/POP-006051)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas na saúde dos traballadores que os manipulan e nos cultivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

7.9 51713 (10/POP-006065)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á modificación polo Goberno central da normativa que regula o IRPF no referido á tributación das axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

7.1 050335 (10/POP-005966)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre os principios nos que se basea o Plan de acción do marisqueo Galicia 2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada. (Páx. 12.)

A señora Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 12.)

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 12.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 1ª Institucional, de Administracións Xeral, Xustiza e Interior (Rey Varela). (Páx. 13.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 14.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 19.), Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 23.), Sr. Díaz Villoslada (S) (Páx. 28.) e Sra. Vázquez Domínguez (P). (Páx. 31.)



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 36.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 38.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 39.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 41.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 43.)

Votación do texto legislativo

Votación das emendas formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 52064) non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación das emendas formuladas polo G. P. de En Marea (doc. núm. 52069) non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación das emendas formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52070) non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia: *rprobado por 41 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións* (Páx. 46.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do impacto das estratexias de desenvolvemento local participativo dos GALP nas zonas pesqueiras de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 52.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 54.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 57.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 60.), e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 63.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)* (Páx. 66.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 70.) Nesta rolda interveñen o señor Casal Vidal (M) (Páx. 70.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. .), a señora Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 74.), a señora Toja Suárez (S) (Páx. 76.), a señora Egerique Mosquera (P) (Páx. 79.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 83.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (GM) (Páx. 88.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 91.) e Sra. Rodríguez Vispo Rodríguez (P). (Páx. 93.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 94.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Burgo López (S). (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 99.) e Sra. Novo Fariña (P). (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 103.) e Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 104.)

A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 105.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 111.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 113.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 117.)

A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 118.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller: *aprobada por 33 votos a favor, ningún en contra e 37 abstencións.* (Páx. 120)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quintero Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Chao Pérez (S).* (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 127.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 129.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 132.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 132.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 134.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 137.) e *Sr. Pérez Seco (S).* (Páx. 139.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 141.) e Sra Chao Pérez (EM). (Páx. 142.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 143.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 145.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M). (Páx. 148.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 149.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 151.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 153.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 154.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias. Entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar, pasamos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte da nova deputada dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia da nova deputada. Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, prometo» ou «si, xuro» á pregunta desta Presidencia.

Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, ¿promete ou xura acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada a promesa ou xuramento adquire a condición plena de deputada.

Benvida ao Parlamento. (*Aplausos.*)

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

O señor PRESIDENTE: O primeiro punto da orde do día é o debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia. Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don José Manuel Rey Varela.



Cando queira.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Rey Varela): Señor presidente, señorías, moi bos días.

A ponencia designada pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior para emitir informe sobre o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia, na reunión e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou para o seu debate este informe:

<<I. Antecedentes

1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 5 de abril de 2019.
2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 8 de abril de 2019, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.
3. Presentáronse tres emendas á totalidade que foron cualificadas o 15 de maio e rexeitadas na sesión do Pleno do 28 de maio de 2019.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 12; o Grupo Parlamentario de En Marea, 88; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 77; e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 59. Foron cualificadas o 4 de xuño de 2019.

II. Constitución, composición e reunións da ponencia

1. Constitución e composición da ponencia.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 4 de xuño de 2019, designou a seguinte ponencia: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Sandra Vázquez Domínguez —titular— e don Jacobo Moreira Ferro —suplente—; polo Grupo Parlamentario de En Marea, dona Carmen Santos Queiruga —titular— e don Luís Villares Naveira —suplente—; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Juan Manuel Díaz Villoslada —titular— e dona Patricia Vilán Lorenzo —suplente—; e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luís Bará Torres —titular— e dona Olaia Rodil Fernández —suplente—.

2. Reunións da ponencia

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 10 de xuño de 2019 coa asistencia do presidente da Comisión 1ª e de todos os ponentes titulares. Nas seguintes reunións, que tiveron lugar os días 13 e 18 de xuño de 2019, analizáronse as emendas cuxa aceptación se recomenda, e presentáronse ofertas de transacción.



O día 21 de xuño rematouse o informe co posicionamento que a seguir se recolle.

Pronunciamento da ponencia sobre as emendas respecto das que recomenda a súa aceptación:

A ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda á Comisión a aceptación das emendas formuladas por este grupo parlamentario números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13.

A ponencia recomenda a aceptación das emendas 4, 6, 7, 8, 11, 14, 23, 31, 38, 39 e 60 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e das emendas 33 e 35 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Emendas transaccionais das que a ponencia recomenda a súa aceptación á Comisión: a transacción elaborada coa emenda número 3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o artigo 1, nos termos que a seguir recolle o texto articulado; transacción número 54 —transacción das emendas 25, 27, 28, 43 e 63, da emenda 62 e 82 de En Marea, transacción elaborada coa emenda 9 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao punto b) do artigo 4, coa redacción que a seguir recolle o texto articulado—; transacción elaborada coa emenda número 30, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao artigo 18 no seu punto 3; transacción elaborada coa emenda número 90, do Grupo Parlamentario de En Marea, ao punto 6 do artigo 75.

Emendas rexeitadas:

O ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda o desbotamento das restantes emendas.»»

Este é o informe.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rey Varela.

Comezamos, polo tanto, coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

En relación co proxecto de lei, o Grupo Parlamentario de En Marea ten a ben facer as seguintes consideracións. E quixera facelo lembrando a un físico...

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, é que existe outro Grupo Parlamentario de En Marea; neste caso tería que ser o Grupo Parlamentario Mixto.

O señor VILLARES NAVEIRA: Ben, como voceiro do partido político En Marea, integrado dentro do Grupo Parlamentario Mixto no Parlamento de Galicia, quixera comezar a miña



intervención cunha cita dun físico, Arthur Bloch, que, nunha obra brillante e sarcástica sobre o mundo xurídico, dicía que un ordenamento xurídico no que houbera unha lei que dixese que a ignorancia da lei non exime do seu cumprimento, e que ao mesmo tempo este fose tan amplo que fose imposible coñecer todo o ordenamento xurídico, sería unha lei, por definición, inxusta.

Este é o mapa dixital de Galicia. (*O señor Villares Naveira amosa un mapa desde a tribuna de oradores.*) Este é o mapa da cobertura da banda larga que ten o noso país, onde agás o azul escuro —o azul escuro de En Marea— e agás a cor mostaza, o resto de zonas non teñen unha adecuada cobertura de banda larga. Son máis dun terzo da poboación e dous terzos do territorio de Galicia.

Facendo o símil con esta comparación que facía Bloch, unha norma que obrigue ao desenvolvemento e á relación dixital da cidadanía coa súa administración e que ao mesmo tempo non prevexa un acceso universal á Internet, de tal forma que teña unha conexión suficiente para poder acceder a este servizo, é unha lei que para nós, por definición, é inxusta. E esta é a razón pola que nós imos rexeitala.

Pensamos que se perdeu unha oportunidade, unha oportunidade de ampliación dos dereitos cidadáns nunha democracia moderna. Xa estaba recollido nos anos setenta o dereito ao acceso á información, o dereito ao acceso á informática, pero posteriormente numerosos tratados internacionais configuraba como un ben básico da poboación o acceso de toda a poboación, de toda a cidadanía, á Internet, o acceso á banda larga, o acceso, en definitiva, para non quedar descolgados e descolgadas dos tempos; un acceso para non aumentar a fenda dixital existente neste momento na sociedade.

Pois ben, as primeiras pretensións do espazo político de En Marea foi garantir ese acceso por medio desta lei. Era unha lei da Administración dixital. Logo, o normal, o coherente, tería sido que se establecese unha garantía de acceso, en primeiro lugar, á Internet, á banda larga, para a partir de aí establecer unha serie de obrigacións de relación da cidadanía e dos profesionais coa propia Administración. Ben, isto non se fixo, e é unha oportunidade perdida para a ampliación de dereitos cidadáns.

Isto, señorías, non é o futuro, xa é o presente. E, polo tanto, nunha lei que ten vocación de permanencia, nós xa denunciámos, no inicio da tramitación desta norma, que supoñía unha conxelación de rango, algo que non era habitual neste tipo de normas polo cambio tecnolóxico. Pero unha vez que se aposta por que a norma teña un carácter de estabilidade propio dunha norma con rango de lei, o normal tería sido que non se fixesen previsións miopes do presente, senón visións de cara ao futuro, que non é un futuro tan lonxano: a necesidade e a configuración dun acceso básico universal á banda larga de Internet en toda Galicia. Ben, pois isto non se fai e é algo que nos rexeita a propia Ponencia no artigo 3.

En coherencia co anterior, nós pensamos que non se debería de poder exixir a aquela parte da cidadanía que poida acreditar non ter acceso á banda larga de Internet a relación por medios dixitais coa propia Administración, e iso foi algo que posteriormente foi rexeitado tamén por esta Ponencia.



Igualmente se rexeita, dentro dos contidos esenciais desta norma, o dereito do acceso á Rede. Nós pensamos que era necesario abrir un debate político nesta Cámara sobre esta situación. Estamos no século XXI, señorías, non no século XIX ni no século XX, estamos no século das novas tecnoloxías, estamos no século da alfabetización dixital, estamos no século no que se nos está dicindo que unha das ferramentas para loitar contra o despoboamento do territorio é a implementación de negocios no espazo rural, nos espazos das vilas intermedias. Estásenos dicindo que xa non hai distancias porque os novos medios de comunicación permiten outro tipo de relacións. Ese é o fundamento ideolóxico, ademais, desta propia norma. Pois ben, sexamos coherentes con esa norma e dotemos a cidadanía de dereitos. E o primeiro dereito tiña que ter sido, efectivamente, dotar do dereito de acceso á Rede. Isto ¿que significa? Que a Xunta de Galicia, que a Administración pública galega, efectivamente, tería que dotar de medios tecnolóxicos o conxunto do territorio para superar este mapa ao que acabo de referirme. Este mapa é superable, e é superable porque, entre outras cousas, existe unha empresa pública galega que se chama Retegal, que ten dentro das súas funcións precisamente garantir a comunicación e garantir as telecomunicacións dentro do noso país. ¿Por que non se utilizan as competencias da Xunta de Galicia e as competencias dunha empresa pública galega para garantir este servizo? ¿Por que non se utiliza unha innovación lexislativa para facer unha ampliación de dereitos? Nós non o entendemos, non entendemos por que.

Nós fixemos unha crítica na configuración inicial do proxecto de lei, que era a excesiva privatización á que, en determinados ámbitos, se sometía a actuación da propia norma. Pois ben, nin sequera en relación con ámbitos de actuación dentro do mercado privado se superou esta fenda dixital. Púidose superar a carencia de banda larga tamén propoñendo, por exemplo, conveniar cos operadores privados a extensión a todo o territorio, de tal maneira que o papel de Retegal fose única e exclusivamente de supervisión. Pero non se quixo facer así. O porqué será algo que terá que contestar o grupo maioritario.

En segundo lugar, e tamén dentro da configuración de dereitos cidadáns, non se establece unha configuración dun dereito de igualdade de acceso de carácter equitativo. En primeiro lugar —e téñeno no folio 118 do propio *dossier*—, non se incorpora plenamente ao ámbito da inclusión, non se incorpora plenamente ao ámbito da non discriminación, nin se fai unha linguaxe plenamente democrática. Non se fala de diversidade funcional, non se fala de diversos colectivos que desta maneira non quedan interpelados tampouco pola norma dentro do amparo e da protección fronte a situacións de falta de equidade ou falta de acceso igualitario á Administración dixital de Galicia. Parécenos que é unha perda de oportunidade realmente grave para a cohesión social do noso país.

Prodúcese, ademais, unha inexplicable exclusión dos estándares de protección de datos marcados pola Unión Europea. Vivimos no século XXI, no século e no momento das tecnoloxías da información e nun momento de especial celo na protección de datos persoais. Pois ben, sistematicamente a Ponencia denega a aplicación —sistemática tamén dentro dos ámbitos oportunos— do Regulamento 679/2016, algo que para nós é absolutamente inexplicable. Como saben, o regulamento de aplicación directa existe en determinados ámbitos, nos que suporía unha especie dentro do xénero de aplicación do regulamento, e esta é unha técnica que se utiliza pola lei para referirse a outras normas por remisión. Polo



tanto, non entendemos por que o empeño en non facer remisión tamén neste caso concreto da protección de datos. Haberá que dar unha explicación de por que razón, tratándose dunha lei de Administración dixital, coa sensibilidade e cos problemas que hai de seguridade hoxe en día en relación coa protección de datos no ámbito telemático, no ámbito electrónico, non se fai esta debida protección de datos.

Non se recadan por outra parte, en coherencia con isto, as debidas autorizacións para o tratamento de datos máis alá das propias finalidades previstas pola lei para a incorporación de datos aos ficheiros da propia Administración, e isto é especialmente grave tamén. A incorporación de datos cidadáns para a utilización para fins diferentes daqueles polos que se achegan é algo que, con carácter xeral, a Lei orgánica de protección de datos impón para a Administración ou para particulares; sen embargo, aquí non se permite a súa incorporación. Nin se recolle tampouco o valor da revogación do consentimento no tratamento precisamente deses datos persoais.

Ben, unha oportunidade perdida para a ampliación de dereitos, pero ademais unha oportunidade perdida tamén para axudar á superación das desigualdades, tanto territoriais como sociais. Así, por exemplo, hai unha falta de garantía do soporte institucional de acceso no rural. Así o intentamos no artigo 5.2, no que, finalmente, por parte da Ponencia se decidiu que non se facilitasen puntos de acceso ou oficinas de atención á cidadanía. Este é un debate que xa se abriu en relación coa superación da fenda dixital, concretamente en relación cos rexistros civís e cos xulgados de paz e o papel que cumprían especialmente no espazo rural e en relación coas persoas de idade máis avanzada. Realmente cumprían unha función non soamente administrativa, senón unha verdadeira función social para poder axudar a cumprimentar trámites que moitas persoas maiores non son capaces de facer por si mesmas. Ben, pois houbo oportunidade de facer isto con carácter xeral sen un incremento substancial de medios, porque cabía facer un aproveitamento dos recursos existentes por parte das administracións e facer de todas as administracións —non soamente a autonómica, tamén da Administración local— axentes para coadxuvar a que esta lei saíse adiante e a que, máis ben, o que prevé esta lei se fixese realidade. E, sen embargo, non se fixo así.

En materia de Administración dixital e superación da exclusión social queremos lamentar tamén que a Ponencia non aproveitase para garantir o acceso fóra do espazo dixital a quen acredite non estar dentro do sistema, algo que nós intentabamos no artigo 6 e que, sen embargo, non foi autorizado. Non soamente non se dispensan estes medios, senón que tampouco se prevén recursos humanos para atender esta situación.

En relación coas garantías lingüísticas, o artigo 12 recolle unha serie de prescricións, e, finalmente, a Ponencia rexeita unha proposta de En Marea relativa ao incremento das garantías lingüísticas que dispensa a propia Lei de normalización lingüística. Unha vez máis seguramente se nos dirá desde a Ponencia que é unha técnica de remisión a outra norma e que, polo tanto, é innecesaria; o cal deixa sen explicar por que razón se fai a remisión en relación con outras normas e non con esta norma. Por certo, o precepto proposto era tan perigoso como promover o uso da lingua galega nas relacións dixitais, en coherencia cos outros dous parágrafos do artigo 12.



Ben, pero é que, ademais de non ampliarse dereitos cidadáns, ademais de non axudar a aqueles que estean nunha situación de debilidade ou de desigualdade territorial ou social, non se aproveitan as vantaxes da utilización dun espazo dixital por parte da Administración como o previsto nesta lei. Refírome —por exemplo no artigo 16— ao escurantismo que se promove fronte á transparencia que podería promoverse. Miren, non se permite por parte da Ponencia que finalmente se elaboren informacións estatísticas relevantes para a cidadanía; é dicir, o uso dos *big data* en beneficio do conxunto da cidadanía. ¿Por que? Porque cando alguén está nunha lista de agarda podería resultarlle de interese saber cal é a lista de agarda total ou cal é a lista de agarda para unha residencia ou cal é o volume de subvencións concedido ou o número de persoas beneficiadas. Todo isto protexería os datos de carácter persoal e permitiríanos saber como está funcionando regularmente unha administración. Ben, ¿por que razón, se os *big data* e o tratamento dos *big data* se fai mediante a incorporación de datos das propias persoas usuarias, despois non se poden utilizar no seu propio beneficio? ¿Por que non se aproveitan para incrementar a transparencia da Administración? Así poderíamos saber que espazos administrativos están máis saturados, cales necesitan máis dotación de persoal, cales necesitan dunha actualización dos seus medios de traballo, etc. Ben, todo isto é desaproveitado nesta norma.

Pero é que, ademais, non se produce, á diferenza do que podería pensarse popularmente, un abaratamento de custos. Nós pretendíamos que a dixitalización levase a que os certificados dixitais fosen gratuítos, dado que, unha vez feita toda a base de datos e dixitalizado todo o mecanismo, non tiñan un custo adicional para a Administración. Pois ben, no seu afán recadador e, unha vez máis, establecendo unha fenda de carácter social, de carácter económico, establécese a non gratuidade dos certificados emitidos.

Existe outra situación que tamén é absolutamente incomprendible, e que forma parte do noso día a día. É dicir, cando realizamos calquera operación telemática, todos e todas queremos xustificantes da operación. Pois ben, no folio 62 poderán comprobar como a Ponencia rexeitou que se xerasen PDF automaticamente e xustificantes de recibos das operacións realizadas. E isto é o normal. En calquera comprobante de calquera compra damos un ticket que nos serve tamén de garantía de que se realizou a operación e de cales son as súas características, que serve en ocasións de factura simplificada.

E en relación coa factura simplificada tamén vou ao seguinte asunto: os pagos por medio de recibo dixital e a súa realización. No folio 91 poderán contemplar como non se garante esta xustificación de pago da mesma maneira que estaba explicando, e, ademais, que se poida facer nas vinte e catro horas do día e calquera dos días do ano. É algo que é inexplicable. Unha das vantaxes da Administración dixital é que pode traballar fóra do horario de oficina. Pois ben, se se molestan en comprobalo, comprobarán como a Ponencia rexeitou tamén esta situación.

Miren, unha das vantaxes que sempre se predica da Administración dixital é a simplificación administrativa. ¿Para que? Pois para apurar nos trámites e, polo tanto, para rematalos antes. É algo que é lóxico, porque, na medida en que non hai que transportar papel, os tempos de resolución deberían ser menores. Ben, pois iso é precisamente...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.



O señor VILLARES NAVEIRA: ...o que non se garante con esta norma. No folio 120 poderán comprobar que, cando se di que «se procurará a axilización burocrática na tramitación», non se di tamén «e da resolución». ¡Ollo!, non estamos falando da modificación da Lei de procedemento administrativo, estamos falando de que non existe xa tanta xustificación no retardo dos procedementos, porque o traspaso de documentación é momentánea, sen mover o papel de bandexa a bandexa nas administracións.

Finalmente, para rematar esta primeira intervención, farei referencia a dúas cuestións. A lei non pensa en dous colectivos que teñen unha relación especialmente intensa coa Administración dixital. En primeiro lugar, os sectores económicos. No folio 122 poderán comprobar como se rexeita unha emenda que buscaba incorporar as pemes e os autónomos cunha mención especial nos procedementos dixitais, para que tivesen unha configuración específica conforme as súas propias necesidades. Se queremos impulsar a pequena e a mediana empresa en Galicia, se queremos impulsar a posición dos autónomos en relación coa posición dixital, temos que apostar por eles tamén na norma. E, finalmente, na formación do funcionariado. No folio 177 recoñécese que ás veces pode ser imprescindible formar os funcionarios, pero non se establece a obrigatoriedade administrativa de formalos, o cal non deixa de ser un contrasentido.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Por esta razón, a nosa posición en relación co ditame é negativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

O BNG, cando comezou o debate desta lei, tiña sobradas razóns para non apoiala. E agora, desde o último mes, temos aínda máis, e temos unha moi poderosa, que se deu a coñecer o pasado 10 de xuño a través desta nova: «A Xunta e Microsoft colaboran para facilitar de xeito gratuíto a plataforma Office 365 a todos os centros públicos galegos». Este anuncio non é casual, non é froito do espírito altruísta, moi coñecido, deste grande benefactor da humanidade que se fixou en Galiza, que é Bill Gates.

Esta noticia é a segunda parte dun plan, dun plan que foi anunciado en maio coa adxudicación, por parte de Amtega, dun macrocontrato de subministración e actualización tecnolóxica de *software*, de servidor, *back office* e escritorio, por valor de 13,5 millóns de euros. Esta cantidade non é desde logo pequena. O obxecto deste contrato era a adquisición de 72.000 licenzas de produtos de *software* básico propiedade de Microsoft. E ¿saben quen foi a adxudicataria deste macrocontrato de 13,7 millóns de euros? Pois evidentemente Microsoft, que é quen tiña ese *software*.



Entón o que confirma isto é que é un plan preconcebido, unha folla de ruta, que é un dos principais motivos do desacordo con esta lei por parte do BNG. Porque é un plan de privatización da Administración pública, e é un plan de grandes dimensións, como veremos despois. E ademais confirma a aposta decidida da Xunta de Galiza —tamén nesta lei, principalmente nesta lei, porque rexeitou todas as emendas presentadas polos grupos da oposición a este respecto— polo *software* privativo, polo negocio dunha multinacional como Microsoft fronte ao *software* libre e aos intereses do tecido empresarial galego.

Parécenos, ademais, moi grave que se utilice o ensino público para favorecer o negocio e os intereses dunha multinacional dos Estados Unidos, que ademais resulta máis caro porque Microsoft quere facer caixa dúas veces, primeiro vendéndolle as licenzas á Xunta e, agora, a través do alumnado e do profesorado dos centros públicos. Porque á fin de contas teñen aí a 280.000 alumnos e alumnas como potenciais clientes e tamén a 360 ensinantes de 27 centros de FP que van impartir formación tamén a través da formación que lles van dar profesionais de Microsoft. Ademais, isto supón un risco polo uso de datos e información extraordinariamente sensible, porque esta plataforma vai estar na nube e, polo tanto, require que tanto o profesorado como o alumando se rexistren. Os datos persoais para poder usala estarán nos servidores de Microsoft; polo tanto, non baixo o control galego, nin sequera do Estado español. ¿Que garantía imos ter da privacidade e da confidencialidade destes datos?

Por se fose pouco, este acordo é moi lesivo para os intereses do tecido empresarial galego, e do *software* libre, que publicamente, a través dun manifesto, denuncia que este servizo, este contrato, xera maior custo, xera dependencia tecnolóxica e xera este problema de privacidade dos datos.

O segundo motivo do noso desacordo con esta lei ten que ver con que é unha lei que queda a medio camiño, unha lei que queda curta, porque á fin de contas se limita a adaptar o marco legal á lei estatal e a toda esa maraña de decretos e de ordes que foron publicadas nos últimos dez anos, pero non vai máis alá diso. Para o BNG esquecen unha cuestión que é absolutamente fundamental, e que debía estar blindada nunha lei coma esta, que é garantir o acceso ao dixital e á internet para toda a poboación como un dereito básico e fundamental, como está xa recoñecido na lexislación doutros países. Esta lei era a oportunidade para facelo e non se fixo.

E non se fai porque esta non é unha lei social, esta non é unha lei democrática, democratizadora. Esta é unha lei tecnocrática, é unha lei privatizadora, é unha norma desigual e desequilibrada que lle dedica o 97 % do articulado ao desenvolvemento da Administración dixital e moi pouco —só 3 artigos no título VI— ao impulso dixital na sociedade. En lugar de potenciar, polo tanto, a inclusión dixital, esta lei consolida a fenda dixital xeradora de desigualdades económicas, xeográficas, xeracionais e de coñecemento.

Ademais, non garante unha boa cobertura territorial a través desa rede que prevé de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro, prevista no artigo 32. E neste sentido temos que deixar claro que o grupo maioritario rexeitou a proposta do BNG para que houboese unha extensión territorial e unha cobertura suficiente ao longo de todo o territorio por parte desta rede, que se podía, ademais, facer coa colaboración e en cooperación con outras administracións.



Esta lei tampouco garante que Galiza deixe de ocupar o furgón de cola no Estado e en Europea en materia dixital. Miren, Galiza, segundo o Ministerio de Economía e Empresa, é a segunda comunidade con menor cobertura de poboación con conexión con máis de 100 Mgps, só estamos por diante de Estremadura. Somos a segunda pola cola. Segundo datos do INE do 2018, somos a penúltima comunidade en número de vivendas con conexión de banda larga, somos a segunda pola cola, só por detrás está Castela e León. E tamén saímos moi mal parados no informe do INE de decembro de 2018 sobre equipamento de uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. Miren, en Galiza, en canto a persoas que utilizaron internet nos últimos tres meses —segundo este informe— é a última do Estado, somos os últimos do Estado. En canto a persoas usuarias habituais de internet polo menos unha vez á semana, pois resulta que tamén somos a segunda pola cola en todo o Estado. Isto desmonta toda a propaganda do señor Feixóo, que cae polo seu propio peso, que en xaneiro do 2015 nos prometía que a Galiza rural superaría a fenda dixital e que no 2020 teremos internet aquí de banda larga. Pois non, a realidade é que estamos en 2019 e estamos nestes postos, á cola do Estado.

A realidade é que esta lei deixa unha parte importante da poboación atrás, é unha lei excluínente, unha lei discriminatoria e unha lei segregacionista. Porque tamén, por exemplo no artigo 9, establece obrigas de emprego de medios electrónicos para determinados colectivos sen garantías de poder cumprirse. Ademais, deixa o país no seu conxunto atrás con estes datos que puxemos aquí en evidencia.

E chegamos, digamos, ao nó gordiano, á auténtica liña vermella que nos afasta máis desta lei. Porque esta lei confirma e consolida a tendencia á privatización da Administración galega, con Amtega como unha especie de auténtico cabalo de Troia das grandes empresas multinacionais, que están empotradas na Administración. Non son moitas empresas, son poucas empresas, que captan, que copan, a maior parte dos contratos por centos de millóns de euros, e que teñen tamén centos de persoas traballando directamente na Administración pública galega, nunha administración que está sendo privatizada a marchas forzadas. Ademais é que xestionan servizos auténticamente estratéxicos, como a xustiza, a saúde pública, o ensino, os servizos sociais e a propia Administración central da Xunta de Galiza.

Están construíndo vostedes un gran «chiringo» privatizador no que participan empresas que nos deixan moitas dúbidas e sospeitas. Por exemplo, unha das empresas máis agraciadas, ademais de Microsoft, como vimos antes, chámase Indra. Sóalles Indra, ¿verdade? Pois, miren, Indra está investigada en varias tramas de corrupción, tramas vinculadas ao Partido Popular, como por exemplo a trama Púnica ou o caso Lezo. Léolles unha noticia da prensa dos últimos meses: «*Indra ten problemas para xustificar pagos de 1 millón de euros que foron parar á caixa B do Partido Popular*». Esta é unha das grandes empresas beneficiarias destes máis de cincocentos contratos adxudicados por Amtega e por outras dependencias da Administración pública nos últimos cinco anos —sobre todo a tres empresas, que son Indra, Atos e tamén Everis—. Curiosamente son tres empresas que foron sancionadas pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia o pasado agosto do ano 2018 nada máis e nada menos que por crear un cártel, unha trama empresarial, que repartiou clientes, pactou os prezos e as condicións comerciais e intercambiou información sensible para encarecer a contratación pública. E despois véñennos vostedes dicir aquí que todo isto



o que fai é aforrar custos para a Administración. Pois non, o que di a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia é que isto encarece a contratación pública.

Mire, voulle dar algúns datos: sobre a administración xudicial electrónica, os servizos TIC da Administración de xustiza están xestionados por Indra por valor de 3 millóns de euros cun contrato do 2018; no Sergas temos o sistema IANUS, Hospital 2050 e Innova Saúde con Indra —contratos de 2012 por 1,5 millóns, no 2013 por 1,4 millóns, no 2016 por 1 millón de euros, a historia clínica electrónica adxudicada a Indra por 3,7 millóns de euros; a historia social única foi adxudicada a Indra por 2,2 millóns de euros; a plataforma de información de turismo adxudicada a Indra por 1,2 millóns de euros; a sede electrónica da Xunta de Galiza, adxudicada a Indra, que controla media Administración galega, xunto con Everis, que tamén xestiona a plataforma de contratación pública, determinados aspectos do proxecto Abalar, o nodo de interoperabilidade pasaxe, o arquivo da administración dixital, a nova oficina fiscal, o desenvolvemento do proxecto Primare, a Axenda dixital de Galiza 2020, etcétera, etcétera. Podíamos seguir aquí e aínda nos quedaría moito por falar de todos estes contratos.

Pois ben, o que vemos con toda esta trama, con todo este entramado de empresas, é que son empresas que crean unha sorte de dependencia tecnolóxica, unha relación parasitaria coa Administración. Porque, unha vez que entran como adxudicatarias, eternízanse e volven ser sistematicamente as adxudicatarias dos contratos. Son adxudicatarias dos contratos desde os anos 2010 e 2011 as mesmas empresas para os mesmos servizos. Porque lóxicamente desenvolven a tecnoloxía, as plataformas tecnolóxicas, e teñen unha vantaxe competitiva que as fan ser adxudicatarias destes contratos. Este si que é un verdadeiro mundo dixital, porque, como temos denunciado reiteradamente, estas empresas son obxecto de adxudicacións «dixitais», a dedo, con contratos de adxudicación directa. Ou fórono, polo menos, ata que entrou en vigor a nova Lei de contratos, ou mediante a fragmentación de contratos para que as cantidades permitan esa adxudicación directa. Polo tanto, é unha administración paralela que está baixo sospeita.

E tamén é unha oportunidade perdida esta lei porque nós defendemos —e así o puxemos por escrito en numerosas emendas que foron rexeitadas— que fose unha lei para toda a Administración galega, para non crear reinos de taifas...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...nin administracións a distintos ritmos.

Quédanme dous minutos, segundo vexo aquí.

O señor PRESIDENTE: Dixen «vaia», non dixen «remate». Sabe que cambiamos un pouco a mecánica.

O señor BARÁ TORRES: Tamén botamos de menos no seu día, e reiterámolo aquí, porque nos parece unha cuestión importante, que esta lei, coa transcendencia que ten en materia social e en materia económica —porque ten moita transcendencia económica e sobre todo



social—, se fose unha verdadeira lei social, parece moi chamativo e digno de crítica que non pasase polo trámite de informe do Consello Económico e Social. E nós non defendemos que viñese aquí unha persoa do Consello Económico e Social a comparecer no trámite de ponencia, porque non ten sentido que veña unha persoa. Tiña que ter o informe de todas as persoas que corresponda do Consello Económico e Social. E non se fixo.

En definitiva, non apoiamos esta lei porque é unha norma que blinda de maneira legal o macronegocio da Administración dixital, por ser unha lei privatizadora que pon a Administración galega en mans de empresas privadas e de empresas pouco fiables, porque xera un negocio millonario para multinacionais e as migallas para o tecido empresarial galego. É unha lei que non garante o acceso de toda a poboación á sociedade da información e do coñecemento como un dereito básico e universal, como se está facendo nos países máis avanzados de Europa. Esta era a ocasión para facelo e non o fixeron. E, por último, porque consolida e agrava a fenda dixital, a división social e territorial do país entre cidadáns de primeira que teñen acceso ás redes competitivas e cidadáns de segunda que non o teñen; e porque sitúa a Galiza no furgón de cola do Estado e de Europa en materia de dixitalización.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, como ben saben, nós xa presentamos a emenda á totalidade con solicitude de devolución deste proxecto de lei con base en distintas consideracións que, finalizado o trámite e a ponencia, mantemos. E vai condicionar o sentido do noso voto, que vai ser claramente en contra.

Hai unha nova situación tecnolóxica dixital na que debemos enganchar para estar na vangarda, pero desaproveitouse —na nosa opinión— unha oportunidade magnífica de facer unha boa lei, consensuada, de progreso, sen deixar a ninguén atrás, e que servise para corrixir as desigualdades que somen a Galicia na subalternidade non só política senón tecnolóxica e no referente ás telecomunicacións e ás novas formas de dixitalización da sociedade, pero incluíndo todos os sectores do noso país e todos os sectores sociais. E vemos que é unha nova escusa para seguir implementando un modelo privatizador e, á fin e ao cabo, precario non soamente para as persoas que traballarán neste modelo senón para o conxunto da cidadanía, dos galegos e das galegas. De feito, por iso consideramos que non é casualidade que se obviase na tramitación o informe do Comité Económico e Social, cando a súa valoración é un tema clave e podería influír de xeito decisivo no xeito de como se plantexase esta lei e a súa aplicación.

O desenvolvemento da Administración dixital é, sen dúbida, un dos grandes desafíos da adaptación das administracións públicas ao cambio tecnolóxico do presente e do futuro. Este non é un proceso de agora, xa hai bastante tempo, bastantes anos para atrás, que se leva



implementando no conxunto do Estado. E consideramos totalmente necesaria a regulación nesta materia. Sen embargo, non compartimos o resultado final, o xeito e o modo de como se vai aplicar este tipo de cuestións nesta lei —que finalmente vai saír adiante grazas á maioría absoluta do Partido Popular— nós non o podemos compartir.

Nós presentamos bastantes emendas, á parte da emenda de devolución. E o Partido Popular é certo que na ponencia transaccionou con nós e con todos os grupos determinadas cuestións. Pero isto o que nos confirma ao final é a sensación de que era un simple trámite para dar a imaxe de que se aceptaban cuestións de todos cunha vontade de consenso e colaboración que no fondo non era real senón un lavado de cara, cara a fóra, nun momento no que pasar o rodillo das maiorías e o clima de confrontación constante se penaliza no conxunto da cidadanía.

Señores do Partido Popular, nós temos unhas ideas, un programa e un modelo que en case todo choca frontalmente co seu. Iso é inevitable. Eu diría que ata sería san en termos de saúde democrática nun sistema que non estivese totalmente desvirtuado e danado pola praxe política dos últimos anos. E non me refiro só ao clientelismo e á corrupción, do que xa se falou no caso de Indra, vinculado ao caso Lezo e á Púnica na corrupción do PP madrileño, que ao final é un modelo de praxe política que inunda todo o conxunto dos gobernos do Partido Popular. E, sen embargo, parece que non vai co seu grupo, queren dar unha imaxe de que estes son inventos da oposición, cando temos titulares e vemos constantemente as tramitacións xudiciais. Non queren dar imaxe de imposición, de pasar o rodillo, pero realmente é que é a verdade. E o honesto é que cadaquén defendamos aquí os modelos políticos e de xestión nos que cremos en realidade, e que se traballe e se vote neste Parlamento en consecuencia dos modelos de cadaquén.

Nós agradecemos o traballo conxunto pero non imos contribuír a lavar a súa imaxe, cando no fundamental, na base e no espírito desta lei, do seu modelo real, do que non queren falar aos cidadáns e ás cidadás, non estamos de acordo, estamos totalmente en contra. Mellor dito, estamos en total oposición a unha privatización que vai beneficiar ao final aos de sempre, ás empresas de sempre, que despois, cando pasen os anos, imos saber en que remata, como estamos vendo actualmente coas xestións de anos anteriores. E isto non se fai por un interese partidista senón porque cremos de maneira convencida que isto vai prexudicar o conxunto dos galegos e das galegas, e sobre todo a certos grupos e sectores moito máis que a outros. Vai empeorar o nivel de atención e a relación coas administracións que van ter que cumprir moitos galegos e galegas nas súas obrigas. E, sen embargo, van sacar beneficio certas empresas. Dános igual que sexa Indra, sexa Microsoft ou sexa «x», dános igual. Pero o problema é que estamos acostumadas a que isto pase sempre neste país en todo o referido aos servizos públicos, ás súas externalizacións e a todo o seu modelo de xestión, e deberíamos dicilo claramente. E o Partido Popular tamén debería dicilo claramente e defendelo con orgullo, xa que están tan convencidos de que este é o seu modelo.

Nós estamos convencidos de que hai que innovar, de que hai que avanzar, de que non hai que excluír, no caso de que sexa necesario, todo o que poida mellorar os servizos. Pero non pode ser unha escusa para utilizar os nosos cartos para implementar outras cousas que non son as cousas para as cales os galegos e as galegas pagamos impostos. E sobre todo cando



se trata de tantos millóns, como no caso da Amtega, tal e como vimos denunciando xa dende o principio da lexislatura a través das contratacións da Amtega.

Entrando en materia, tamén queremos dicir que nin sequera estamos nada convencidas de que plantexar esta lei sexa o mellor ou o máis axeitado para regular a necesaria dixitalización da Administración galega e o conxunto do noso sistema autonómico. E, de feito, sabemos que as leis básicas estatais incorporan distintas medidas legais de regulación, tanto do procedemento como do funcionamento interno das administracións. E isto vai traer grandes problemas administrativos e mesmo xurídico-competenciais, xa que a regulación das materias de procedemento electrónico, ciberseguridade e de protección de datos está na actualidade absorbida en gran medida por normas básicas estatais e comunitarias, polo que as normas de adaptación autonómicas deberían manter unha flexibilidade maior do que vai ter esta lei.

O proxecto de lei, ademais, consideramos que no esencial tampouco trae nada novo, non hai ningún incremento orzamentario, o que tamén nos chama moitísimo a atención. Porque non sabemos como se vai implementar entón de xeito efectivo, de xeito correcto e de xeito eficaz esta nova regulamentación. Chócanos bastante. E, ademais, non se afrontan os cambios necesarios para responder ás transformacións que a Administración dixital vai supor, como, por un lado, na demanda de emprego público, tanto a nivel cualitativo como a nivel cuantitativo. Porque non se fala de formación, non se fala dos custos. Ao final esta vai ser a nova escusa para seguir externalizando e privatizando, porque van ter a escusa perfecta para dicirlles aos galegos e ás galegas que o público non funciona e que teñen que vir as empresas privadas, coas cales vostedes teñen despois outros tratos máis ou menos públicos ou privados. E é a escusa perfecta para que os galegos e galegas traguen cun servizo máis caro e máis ineficaz.

E por eses motivos cremos que a crítica que facemos ao Goberno e ao Grupo Popular polo seu incumprimento constante do seu propio plan lexislativo é o que os impulsou, entre outras cousas, a traer este proxecto de lei, que non deixa de ser máis que unha peza da lexislación baleira, de lavado de cara e de márketing para o Partido Popular, esa á que nos ten acostumados. E é unha oportunidade, ademais, de negocio para utilizar os contratos públicos como os levan utilizando durante tantos anos; sen contar con que o Partido Popular está aburrido no Goberno e non trae nada novo nin ten ilusión por facer nada realmente ambicioso ou diferente.

Algo tamén moi importante é que consideramos que este proxecto de lei está máis orientado a minguar e a dificultar os servizos que a Administración galega ten que prestar en igualdade á cidadanía, que ao final é do que se trata, do servizo que se vai dar aos galegos e galegas. E os galegos e galegas xa teñen moitísimas dificultades a día de hoxe con tanta burocracia innecesaria e complexa —que, por outra banda, tamén sufrimos as empregadas e os empregados públicos nas tramitacións—, e coas dificultades para acceder á Administración electrónica. Porque é complexa, porque se impoñen xa pasos previos farragosos, como o uso do certificado dixital, o que implica obrigatoriamente ter conexión á Internet, e dá igual a situación persoal, laboral ou as capacidades dos cidadáns por cuestión de idade ou do que sexa. Cargan máis as persoas que teñen dificultades, e, xa digo, sobre todo os nosos maiores,



que non teñen ou non queren aprender a facer trámites coa Administración de forma electrónica. Non implementan nin garanten nin teñen unha previsión orzamentaria para que, de maneira efectiva, estas persoas non queden excluídas e non teñan dificultades para poder acceder á Administración deste xeito. Entón, volvemos ao mesmo: ¿por que se fai isto se sabemos que vai traer problemas se non ten unha previsión orzamentaria e regulamentaria suficiente? Porque se favorece os de sempre, favorécese o sector privado, que é o que realmente obtén beneficio deste tipo de leis.

Nós temos o temor de que, por unha mala implementación da lexislación e xestión administrativa, por este tipo de leis se caia outra vez noutra forma de exclusión social —como se xa non tivésemos suficientes—, que é a exclusión dixital. Para nós é fundamental garantir a posibilidade de acceso ás novas tecnoloxías e en condicións de igualdade, de forma que a totalidade da poboación galega teña garantido o acceso universal ao coñecemento, ás redes e ás ferramentas que eviten a exclusión dixital que sofre xa a día de hoxe gran parte da cidadanía. Todas temos nas nosas casas e nas nosas familias persoas que están sufrindo xa este tipo de exclusión na súa vida cotiá, e non é unha exclusión ocasionada unicamente por motivos económicos, aínda que si hai unha parte grande destes motivos.

A obriga, que se recolle en diferentes apartados da lei, e o deber de uso dos servizos dixitais que impón esa forma de comunicación coa Administración, aínda que non se especifica como se vai facilitar o acceso destes servizos á cidadanía, repetimos que ao final é o fundamental. Non se explica o método de como vai influír no traballo e na atención se hai unha interrupción do servizo, unha caída da rede, unha fenda de seguridade, unha interrupción momentánea que pode deixar unha solicitude a medias e o proceso para a súa reanudación, así como as fendas de seguridade e o roubo de datos que se poidan aproveitar para facer un ciberataque ou un roubo dos mesmos. E danse moitos problemas no día a día. Eu mesma vin desde o 2007 en distintos departamentos e ministerios a implementación de certas aplicacións e de certos procedementos dixitalizados. E eran procedementos complexos que facían que moitas veces, cando caía o sistema, fosen totalmente complexas as xornadas de traballo, nas que non se podía realizar ningunha tramitación, nas que quedaba a xente sentada nas cadeiras esperando a que o sistema se volvесе reanudar, e con cita previa. O cal non é menor, e non vemos que o estean prevendo. E ao final son os cidadáns os que pagan unha mala atención.

Tampouco se regula, por exemplo, que nos concellos cunha poboación envellecida se poida dar un servizo para atender a estes maiores. Ao final sería necesaria e obrigatoria a contratación de profesionais para que realicen eses labores de apoio e de asesoramento cando vemos que moitas persoas non están en condicións de relacionarse electronicamente coa Administración. E tamén a obriga dos profesionais autónomos a nós preocúpanos moito, porque, se xa teñen habitualmente que contratar profesionais para realizar as tarefas que teñen no exercicio da súa actividade profesional coa Administración, pois isto aínda llas dificulta máis. E van ter que tirar de apoio externo para poder desempeñar as súas actividades.

Tampouco se establece cales son os criterios para establecer a obrigatoriedade do uso das comunicacións electrónicas coa Administración doutros colectivos que, por razón da súa



capacidade, poidan comunicarse deste xeito. E, ademais, moita desta información que a propia cidadanía vai aportar xa está en poder da Administración, só que non está informatizada. O que debería é informatizarse, porque hai milleiros de expedientes que, ademais, deberían revisarse na medida do posible. Pero, claro, para iso é necesario contratar persoal, e sabemos que a Xunta de Galicia non está polo labor.

Non hai nin sequera canles de interrelación entre as administracións nin as condicións de seguridade pertinentes para que flúa correctamente a información entre as consellarías. Tampouco se regula como se lles vai garantir o acceso ás persoas con diversidade funcional, os casos e os xeitos concretos, á parte de manifestar a vontade de garantir o seu acceso. De feito, transaccionouse que se incorporara as persoas con diversidade intelectual para garantirles o seu acceso á dixitalización, pero non sabemos como se vai facer. O proxecto non contempla os mecanismos para asegurar a igualdade e a inexistencia de barreiras no acceso á información, e, polo tanto, estamos ante un proxecto incapaz de garantir o acceso en pé de igualdade á Administración dixital. Calquera emenda que supuxese algún tipo de compromiso...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...foi rexeitada de forma contundente e automática, como saben todos os ponentes que estabamos nesas xuntanzas.

Fálase de colectivos en risco de exclusión social pero non se recollen os mecanismos para evitar a exclusión social nin como. E xa non digamos que non existen tarifas a día de hoxe de carácter social accesibles para as persoas en exclusión ou familias con dificultades económicas. O proxecto non contempla mecanismos públicos para evitar esta situación. Se xa existen grandes carencias en materia de vivenda para pagar as facturas, a luz, a auga, os impostos, comida de calidade —un mínimo vital para subsistir—, xa non toquemos o tema da dixitalización, que é un luxo para moitos galegos e galegas, por moito que a maioría ou moitos dos que estamos aquí fagamos o noso día a día con móbiles ultramodernos, con internet cunha boa calidade. Pero esa non é a realidade dos galegos e galegas, da súa maioría. Segue sen chegar a banda ancha a todos os recunchos do noso país —xa se falou tamén disto—. Estamos á cola do Estado, como en tantos temas, por desgraza, non soamente neste. Só nos gaña Estremadura en ser os que temos peor conexión e peor acceso á banda ancha. Hoxe debería ser un dereito ter acceso á información dixital e ás redes da información. E debería ser algo cotiá, non que prexudicara os cidadáns e as cidadás para desenvolver os seus dereitos e as súas necesidades.

E por último —e xa remato—, o actual proxecto contempla un proceso de profundamento da privatización da Administración pública galega, que é o modelo do Partido Popular, recoñecendo a necesidade de exercer a xestión indirecta de diversos servizos que teñen que ver coa dixitalización e coa Administración dixital. O noso grupo aposta pola xestión pública directa, consideramos que é a mellor, a máis eficiente, a máis humana, a máis cercana e a menos cara. E evita, ademais, que existan desigualdades e que acaben todo este tipo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora SANTOS QUEIRUGA: ...de contratos en mans de grupos empresarias e de *lobbys* —por exemplo, Microsoft—, de grupos de presión que acumulan enorme poder a través da xestión de información privilexiada da cidadanía galega.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Ten outro turno despois.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Entón, por estes motivos, que despois seguiremos ampliando, nós imos rexeitar este proxecto de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

No debate que tivemos das emendas á totalidade para analizar e para iniciar a análise parlamentaria deste proxecto de lei, xa comentabamos dúas ou tres ideas forza principais. Por unha parte, en primeiro lugar, que estabamos a observar como este proxecto de lei estaba sendo moi pouco ambicioso, moi pouco ambicioso en termos lexislativos. Porque unicamente se estaba limitando —e segue limitándose, con algúns retoques no trámite de ponencia— a refundir a dispersión normativa que existe actualmente en Galicia e a implantar a normativa básica estatal. Pero sobre todo é pouco ambicioso en termos de desenvolvemento da economía dixital de Galicia. E a outra cuestión que sinalabamos, e que nos preocupaba dunha forma especial, era que precisamente o texto deste novo proxecto de lei para regular a Administración dixital de Galicia non protexía, non protexe, suficientemente os dereitos dixitais da cidadanía.

Había varios escenarios de datos que presentabamos naquel debate de totalidade. Eu, deses datos que constan no *Diario de Sesións*, quedaría con tres, basicamente.

En primeiro lugar, hai que ser conscientes unha vez máis de que o sector TIC está supoñendo en Galicia en torno ao 2,5 % do PIB galego —en datos do clúster TIC—. Había outro dato que tamén nos chamaba a atención —e que nos chama a atención e hai que manter no debate—, como que, segundo os datos da Comisión de Administración Electrónica, da Administración do Estado, que traballa conxuntamente nestes temas coas administracións autonómicas a nivel case de conferencia sectorial, Galicia ocupa a décima posición en orzamento executado total por habitante en materias TIC. E o terceiro dato, do que se falou de forma permanente tanto nesta Cámara no debate de totalidade como agora neste debate da ponencia, como nos traballos precisamente de ponencia, Galicia presenta precisamente uns datos máis que preocupantes para os efectos de fenda dixital territorial e, sobre todo, de cobertura poboacional, como é en materia de banda larga. Galicia, como se dicía de forma reiterada, está ocupando a penúltima posición, por riba de Estremadura, en cobertura a 100 ou a máis megabytes.



No debate de ponencia, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha proposta de traballo para dar audiencia a unha serie de axentes e de sectores económicos, sociais e profesionais de Galicia de máximo relevo para tratar de acadar un proxecto de lei realmente convincente para o desenvolvemento da Administración dixital de Galicia. E a eiva fundamental que remarcabamos e que se remarca hoxe —que seguiremos incidindo nela— é que precisamente, de forma eu diría que increíble, non se solicitou, como tiñamos sinalado, o ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia. Díciásenos no debate de ponencia que foran consultados algúns dos entes ou dos axentes que conforman o CES, que conforman o Consello Social de Galicia. Pero, ben, por esa dinámica podemos prescindir de todos os órganos consultivos do Goberno galego, da Administración autonómica de Galicia ou incluso desta Cámara e dedicarnos a consultar con cada un de forma asistemática. Por iso nós pediamos un trámite de audiencia en ponencia.

Pediamos tamén nesa ponencia —vouno sintetizar— a presenza da Federación Galega de Municipios e Provincias, a presenza dos principais centros de investigación e facultades de informática e de enxeñaría informática do Sistema universitario de Galicia. Pediamos a presenza ou a audiencia aos principais colexios profesionais, que teñen moito que dicir na materia —telecomunicacións, enxeñaría informática ou enxeñaría industrial—. Ou pediamos tamén a participación, no trámite de audiencia, das principais entidades ou federacións que aglutinan os autónomos de Galicia. E, como non, pediamos que tamén puidera prestar o seu informe ou dar as súas suxestións tanto o clúster TIC, é dicir, o sector empresarial e tecnolóxico de Galicia, como a asociación, evidentemente, das empresas que están a traballar en *software* libre de Galicia e a alianza que aglutina os centros tecnolóxicos de Galicia, Atiga.

Ningunha destas audiencias foi admitida polo Partido Popular en trámite de ponencia. Eu creo que é unha mágoa que por correr cun proxecto de lei —que, como digo non é ambicioso e unicamente o que está a implantar é normativa básica, basicamente a refundir a dispersión normativa autonómica actual— non se teña precisamente concedido este trámite de audiencia. Pero insistimos en que o máis grave é que non se pedira o informe do Consello Económico e Social de Galicia cando —insisto— a propia lei reguladora do CES indica no seu artigo 5.2 —e leo literalmente outra vez— que especialmente lle corresponde ao Consello elaborar informes ou estudos sobre as posibles repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social de Galicia. Pois ben, debe de ser que este proxecto de lei non introduce ningunha mellora, ningunha modificación, no sistema social e económico de Galicia mediante a dixitalización do sector público autonómico. É, certamente, chamativo.

E, nesta situación, unha cuestión que tamén nos preocupaba e nos preocupa especialmente é tratar de evitar que os procesos de dixitalización —neste caso do sector público autonómico, pero de calquera entidade que compoña a Administración pública e de calquera entidade que funcione tanto conforme ao dereito público como conforme ao dereito privado e que interveña nas relacións dixitais da cidadanía—, que estes procesos de robotización inevitables, non afonden nos procesos de deshumanización, como dicíamos moitas veces, na prestación dos servizos públicos; sobre todo na prestación dos servizos públicos dirixidos ás persoas. E, nese sentido, sempre falamos, sempre se fala, se escribe e se escoita o de tratar



de evitar que camiñemos cara a unha administración orwelliana, de 1984. É dicir, do que temos que tratar é de que neste caso Amtega, ou calquera outro dos organismos que teñen que desenvolver estas competencias, non se convertan dalgunha forma nese «gran irmán» que nos describía George Orwell. E nese sentido é fundamental tratar de presentar un catálogo completo de dereitos dixitais da cidadanía que protexan os cidadáns precisamente destes procesos tecnolóxicos que levan adiante uns procesos, como digo, de deshumanización relevantes. Por iso hai unha serie de eivas en materia de persoas delegadas de protección de datos que nós reclamabamos nas nosas emendas que non se incorporaron ao texto. E, aínda que estean na normativa básica do Estado, non podemos entender como Galicia non as incorpora na súa propia normativa autonómica.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas presentou en termos cuantitativos no trámite de ponencia, como describía, 77 emendas. Foron aceptadas ou transaccionadas, do noso grupo, 24. E, nese sentido, poderíamos chegar á conclusión de que o resultado de ponencia puidera ser en termos cuantitativos —insisto— positivo. Pero, como tamén tivemos ocasión de debater na Comisión 1ª do pasado 28 de xuño, no debate de ponencia, en termos cualitativos, consideramos que os principais aspectos, as principais emendas que presentou o noso grupo parlamentario, quedaron fóra do texto articulado que hoxe se presenta para este debate.

E nós dicíamos —eu dicíao en ponencia, na Comisión 1ª e reitéroo nesta sesión plenaria— que, se o Partido Popular, o Grupo Popular, acepta as emendas que remarcabamos no debate da Comisión 1ª, nós, o Grupo Parlamentario Socialista, podería estar en condicións —porque apoia a Administración dixital de Galicia e a economía dixital de Galicia— de votar incluso a favor deste texto. Pero necesitamos saber se o Partido Popular, precisamente, incorpora esas emendas para nós principais que quedaron fóra no debate de ponencia, e ás que me referirei de novo, para saber se estamos nesa situación. Se esta variación de posicionamento por parte do Partido Popular non se produce, o Grupo Parlamentario Socialista absteríase á hora de votar este proxecto de lei.

É certo que se incorporaron basicamente tres puntos das nosas emendas que consideramos fundamentais como aportación das emendas aceptadas ou transaccionadas a este proxecto de lei. En primeiro lugar, reforzar os compromisos do Goberno galego para tratar tamén de impulsar a dixitalización inclusiva da Administración no ámbito das entidades locais de Galicia, cos necesarios mecanismos de fomento, de coordinación e de asignación de recursos. Unha segunda cuestión que considerabamos fundamental —non só nós senón os diferentes grupos políticos que estamos nesta Cámara— era facer unha referencia explícita a tratar de traballar a fondo neste texto pola inclusión dixital das persoas con discapacidade intelectual e sensorial. E un terceiro aspecto, que foi unha das cuestións que nós tamén presentabamos con certa insistencia, era regular tamén dalgunha forma as relacións das empresas de forma dixital co sector público autonómico.

Pero fronte a estes tres ámbitos de traballo que si se incorporaron, ben de forma literal ou ben de forma transaccionada, hai toda unha serie de cuestións que para o Grupo Parlamentario Socialista son claves e son fundamentais, e que quedaron fóra do ditame da Ponencia que hoxe estamos a debater.



Nese sentido, nós incidimos nas seguintes cuestións. Algunha delas xa se comentou, pero para nós tamén segue sendo un aspecto clave, un dos aspectos que precisaríamos que se incorporara para apoiar de forma clara este proxecto de lei, e é apostar claramente pola posibilidade da utilización de estándares abertos, é dicir, de *software* libre. Porque o *software* libre é unha ferramenta clara de ética tecnolóxica e de democratización tecnolóxica, á parte de que é unha ferramenta e unha panca fundamental para apoiar e para impulsar o tecido tecnolóxico ou microtecnolóxico, que en Galicia cada día está sendo máis boiante.

Un segundo aspecto, que dalgunha forma tamén algún dos voceiros dos grupos políticos o comentaba anteriormente, é que nós solicitabamos que o proceso de dixitalización debe levar a un progresivo proceso de redución de taxas e de redución de prazos dentro da normativa básica, na medida en que as relacións dixitais dos cidadáns co sector público autonómico evidentemente ten que tratar de reducir custos e de reducir tempos.

Insisto, e insistía anteriormente, que a outra cuestión para nós clave á hora de apoiar ou non este proxecto de lei sería, e segue sendo, que se incorpore un catálogo completo de dereitos dixitais da cidadanía, como teñen, por certo, non só a Administración xeral do Estado na normativa básica, senón outras comunidades autónomas. ¿Por que Galicia non se dota na súa normativa en materia de Administración dixital precisamente dunha relación completa, dun catálogo completo, de dereitos que protexan os cidadáns e que establezan garantías nas súas relacións electrónicas co sector público autonómico e con toda a Administración autonómica?

Parécenos outra cuestión clave —para nós esa é unha das catro ou cinco cuestións clave que presentamos como oferta para que o Partido Popular cambie o sentido da consideración das nosas emendas—...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que para o colectivo de autónomos, que se establece unha obriga de relación electrónica directa, se estableza un programa de progresividade e un programa de apoio.

Hai outros aspectos nos que incidirei na segunda parte, pero non quero deixar esta intervención sen remarcar dous importantes, que son tratar non de intentar senón de garantir a presenza equilibrada de homes e mulleres nos órganos colexiados que se establecen neste proxecto de lei e garantir que a institución do Valedor do Pobo teña competencias como comisionado de transparencia para a defensa dos dereitos dixitais da cidadanía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Moi bos días, señorías.

Señor Villares, o primeiro que ten que aclarar vostede é a que emendas fai vostede referencia, porque o Grupo Mixto, do que vostede forma parte —ou, se prefire, a «marea alta», como vostede queira—, presentou a este Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia cero emendas, ¡cero emendas! Gústelle ou non lle guste. Mire, para rigor, o de vostede, que, antes do debate deste proxecto en comisión, vostede xa incorporaba as emendas dun grupo do que vostede non formaba parte antes de que se debatera. Así é que, seriedade, cero.

Señor Bará, vostede xa tiña clara a súa posición antes do debate deste proxecto de lei. A verdade é que progreso non teñen.

E, señora Santos, o Grupo Popular propuxo propostas de transacción sobre as súas emendas, e vostede non aceptou. Así é que, de consenso, nin idea; e de progreso xa nin falemos.

Señorías, o principio de boa administración debe presidir as actuacións das administracións públicas nas relacións coa cidadanía. Estamos ante o trámite final do Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia. A Administración debe situarse na vangarda do uso das tecnoloxías para facer de tractor da sociedade e da economía. Debe ser capaz de adaptarse de maneira áxil ás novas demandas e de proporcionar información e servizos dixitais en calquera momento e en calquera lugar, e da forma máis conveniente para o cidadán e para os empregados públicos, nas condicións adecuadas de confianza e de seguridade; así como habilitar as canles de comunicación a través das cales se poida participar na definición e mesmo no deseño dos servizos públicos, de forma que estes se adapten mellor ás súas necesidades reais. Para iso, débese emprender unha transformación integral e converterse nunha Administración dixital.

Gustárame comezar cunha frase que probablemente resuma o proxecto de lei que estamos a debater: «*Vamos, hay que crear el mañana y no preocuparse por el ayer*». Así parafraseaba Steve Jobs. Pois si, señorías, debemos construír unha Administración máis dixital, unha Administración máis eficiente, máis transparente e de maior calidade; en definitiva, señorías, poñer a Administración en contacto directo e cercano cos galegos e coas galegas. Para iso é necesaria a aprobación deste proxecto de lei e así poder alcanzar a Administración dixital de Galicia.

Señorías, son vostedes coñecedores de que estamos ante un proxecto de lei que conta coa participación dos diferentes departamentos da Administración autonómica e, o que é máis importante, co voto favorable de todas as organizacións sindicais representadas, tal como consta no certificado emitido polo secretario da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

Dende logo, o que me sorprende é que vostedes se opoñan, ou, mellor dito, que se poñan de perfil, que vén sendo exactamente o mesmo. Porque, miren, as súas críticas podemos establecelas en catro cuestións.

Por unha parte, poñen vostedes de manifesto a falta dun informe preceptivo por parte do Consello Económico e Social de Galicia, pero saben que en realidade non é necesario. Miren,



primeiro, este proxecto de lei vai dirixido a acadar unha regulación única, coherente e actualizada; segundo, ao longo do procedemento de tramitación tivo lugar a intervención dos distintos axentes, tal como se reflicte na memoria; en terceiro lugar, o anteproxecto de lei foi aprobado por unanimidade das organizacións sindicais. Por outra banda, o Consello Económico e Social está composto por tres grupos diferenciados: as organizacións sindicais, as organizacións empresariais e as entidades culturais e universitarias. A todas elas déuselles trámite de audiencia, gústelles ou non lles guste. E miren un exemplo moi claro para que o poidan entender: se cada un de vostedes recibe información no seu correo electrónico, é evidente que xa está informado, sen necesidade de que lla envíen de novo ao grupo do que forman parte. Porque, señor Villoslada, no escrito que vostede solicitaba —e tamén aquí o comentaba na súa exposición— establece un trámite de audiencia de distintos organismos e institucións, e non nomea nin tan sequera a Asociación Galega de Comercio Electrónico ou o Consello da Avogacía Galega, que, dende o meu punto de vista, tamén son colectivos implicados. Dende logo, na memoria aparece ben reflectido, e, se non, mire a páxina 11, onde pode comprobar exactamente que aparece a Federación Galega de Municipios e Provincias. Simplemente míreo.

Vamos ser realistas. Deuse trámite de audiencia a todos e cada un dos colectivos implicados, pero vostedes seguen a poñer trabas a este proxecto de lei.

Como segunda crítica, señora Santos e señor Villares, din que esta lei non garante as infraestruturas necesarias para que a cidadanía poida acceder á Administración dixital. Claro, é que xa houbo unha lei específica dedicada a iso, que se debateu nesta Cámara parlamentaria, a Lei de impulso das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. ¿E saben o que votaron vostedes? En contra. ¿Saben o que fixo o Goberno galego mentres vostedes pulsaban a cor vermella para impedir que houberse mellores infraestruturas en Galicia? Apostaron pola mellora da conectividade da nosa comunidade autónoma. ¿Como? Pois moi fácil, duplicando o orzamento en banda ancha con máis de 8 millóns de euros para continuar a extensión das redes de 100 Mb en máis de 400 núcleos rurais, mellorando a conectividade de empresas illadas; con máis de 14 millóns de euros para avanzar na dixitalización da Administración e con preto de 4 millóns de euros para reforzar a seguridade e a dispoñibilidade dos servizos públicos dixitais.

Señorías, isto é o que fai o Goberno galego: proxectos e orzamento. Mentres outros, nin plan nin orzamento, e nin tan sequera existen ás compañías telefónicas que instalen internet no rural, que lle corresponde ao Goberno do Estado.

Escoitei críticas en canto ao *software* libre. Señor Bará, mire, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia continúa promovendo o emprego de tecnoloxías libres en proxectos de calado para a Administración, reforzando a súa posición, referido ao exemplo de políticas de eficiencia e bo uso das tecnoloxías libres, grazas á implantación de solucións de *software* libre na súa infraestrutura tecnolóxica, coa consecución de aforro e de mellora da produtividade.

En relación co convenio de Microsoft, señor Bará, debería estar mellor informado. Mire, o obxectivo do acordo é ampliar o abano de ferramentas ofimáticas coas que traballan os



alumnos dos centros públicos galegos, e facilitarlles o uso e o acceso a unha plataforma que poidan ter que empregar no seu futuro laboral. O convenio ten custo cero para a Administración, e permite ter as ferramentas á disposición do alumnado e do profesorado de centros públicos que así o soliciten de forma gratuíta, sempre baixo os criterios de seguridade que ten que garantir o provedor da plataforma. Foi este Goberno, señorías, o primeiro en pór en marcha un plan para o impulso do *software* libre —en 2010—, en colaboración cos principais axentes do sistema do *software* libre.

Señor Bará, vostede sempre en contra dos empregados. Agora, señorías, tócalle a Indra. Se falamos a nivel empresarial, 6 de cada 10 microempresas galegas empregan *software* libre, que experimentaron un aumento do 10,3 % no último ano. No caso de dez ou máis empregados, a porcentaxe supera o 87 %, por diante de comunidades autónomas como Madrid, Cataluña ou País Vasco, como se pode ver neste mapa. Señor Bará, Galicia lidera. (*Aplausos.*)

Señor Villoslada, critica vostede que non haxa un catálogo de dereitos. Mire, estará de acordo comigo en que as leis deben ser simples, útiles e eficaces. E o catálogo de dereitos que vostede menciona aparece recollido noutros artigos da lei.

Vostede fala da utilización de calquera das dúas linguas oficiais. Vexa o artigo 12, usos lingüísticos; e a maiores incorporamos unha emenda do Bloque Nacionalista Galego dentro dos principios xerais —artigo 4—.

Segundo punto, coñecer o estado de tramitación dos procedementos. No artigo 20, señor Villoslada, aparece a finalidade da Carpeta cidadá. Sobre a privacidade dos dereitos persoais e a intimidade persoal e familiar, vexa o artigo 91, política de seguridade da información. A seguridade e a calidade na transmisión dixital ou electrónica, no artigo 96, licitude do tratamento dos datos persoais.

É que, se imos facer unha lei realmente redundante, entón volvemos á Idade de Pedra. Eu non sei que lles parece. Creo que debemos ser conscientes e acadar un proxecto de lei o máis simple posible para a súa comprensión por parte de toda a cidadanía. Non por poñer máis artigos dicindo o mesmo mellora unha lei.

No eido da contratación poñen en cuestión os seus procedementos. Señor Bará, vostede, se ten algo que dicir en materia de legalidade, eu prégoille que se dirixa aos xulgados e alí que o resolvan. Un dato relevante que vostedes omiten sempre —é unha crítica constante— é que o emprego do sector TIC galego acadou os 23.300 traballadores, un 6,1 % máis respecto do ano anterior.

Eu só lles pido que recapaciten, que pensen e que analicen a postura deste ambicioso proxecto, un proxecto de lei que pivota en cinco áreas destacables e que se foi enriquecendo coas aportacións realistas de todos os grupos que conformaron a Ponencia.

«Novos principios básicos». Señor Villares, vostede poñía en dúbida aspectos como garantir o uso da lingua galega, ou que non haxa o principio de igualdade e non discriminación.



Prégolle que volva ler os principios básicos desta lei, porque son consensuados e recollen o sentir desta lei.

«Mecanismos fronte a incidencias técnicas». Señora Santos, un decreto do que xa lle informei e que llo vou deixar aquí ao señor presidente para que estea informada de cando o Goberno galego está preparado fronte a posibles incidencias técnicas e para poder ampliar os prazos se fose necesario cun decreto que resolvería este problema. Aquí llo deixo ao presidente para que despois o poida ler.

«Guías de políticas *web* corporativas» —que tamén melloraban este texto lexislativo— «e, como non, a posta en marcha do funcionario habilitado, que aquí tanto se puxo en dúbida». Señorías, a aposta por esta figura, esta persoa habilitada, posibilitará que unha persoa autorizada poida facer trámites telemáticos en nome doutra persoa.

«A finalidade da Carpeta cidadá totalmente privatizada». É que aquí case se poñía en dúbida, e que nos ían vir —non sei— a colapsar parte da Carpeta ou que nos ían entrar entes que non corresponden dentro da Carpeta cidadá. Está totalmente protexida, e para iso está amparada dentro dunha lei de protección de datos. Eu só lles pido un pouquiño de coherencia.

Este Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia centra a súa elaboración en catro obxectivos básicos: dotar a Xunta de Galicia dun marco legal estable, establecer legalmente os principios reitores das administracións públicas, ofrecer maior eficacia, eficiencia e simplificación dos procedementos e acadar un contexto normativo global e coherente. É un proxecto de lei con tres principios básicos: presentar a documentación unha única vez, señorías, con servizos personalizados adecuados ás necesidades das persoas e unha boa xestión dos recursos necesarios.

O Goberno galego seguirá a estar ao lado das galegas e dos galegos, gústelle ou non lle guste á oposición. E, ademais, para que o entendan, un claro exemplo: o nacemento dun fillo supón unha das experiencias máis maravillosas que un ser humano pode vivir. A chegada dun membro á familia supón trámites administrativos e burocráticos que quitan tempo do desfrute do meniño. Por iso, o proxecto de lei que estamos a debater quere facer posible que a Administración, sempre que a persoa usuaria o autorice, poida facer a tramitación da Tarxeta Benvida automaticamente. Se iso non é unha aposta e non é ambición por parte dun proxecto de lei, díganmo vostedes, señorías. (*Aplausos.*)

Señorías, esta lei chega á Cámara parlamentaria precedida de consenso, e iso xa o nomeei, cun consenso por parte de todos os representantes sindicais, con acordos co señor Villoslada...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ...por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e con outros, como o señor Bará ou mesmo a señora Santos, con acordos primordiais e esenciais en aspectos relevantes para os grupos desta Cámara, señorías, enriquecendo este



proxecto de lei en materia de seguridade e en formación, en materia de igualdade e non discriminación, e, como non, en materia de transparencia, coa man tendida sempre cara aos grupos que me precederon no uso da palabra para que Galicia sexa pioneira no eido da Administración dixital e sempre buscando o mellor para os galegos e para as galegas.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señora deputada do Partido Popular, non se enfade. Vostede e eu debatemos aquí nesta mesma Cámara no debate de totalidade cando se tomou en consideración o proxecto de lei; polo tanto, espero que me recoñeza polo menos esa interlocución e o feito tamén de que fose un dos asinantes das emendas ás que me referín antes. Polo tanto, iso en canto ao mínimo. Se prefire que non falemos e que vaíamos para o asento, non ten máis que dicilo, aínda que teño algún que outro amparo da Cámara.

E fala vostede, e con cita de Steve Jobs, de construír o futuro, que hai que deixalo pasar e construír o futuro. Este é o mapa co que vostede quere construír o futuro. Falemos deste mapa, porque este mapa é importante. Este mapa é moi importante porque é o mapa da cohesión territorial, é o mapa das igualdades; ou máis ben é o mapa da fenda territorial e é o mapa das desigualdades, das desigualdades dixitais, das desigualdades no acceso aos medios dixitais do noso país, da desigualdade no acceso ao exercicio e ao cumprimento dos deberes que se imponen nesta nova norma. Polo tanto, ese mapa é importante. A oposición non se pon de perfil, a oposición está aí sinalando cales son os problemas que vai ter a cidadanía para poder cumprir coa norma. A oposición está aí sinalando cales son os problemas que ten a xente para poder acceder ao espazo dixital.

Di vostede que xa houbo unha Lei de impulso das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia. Pois, moi ben, este o resultado da norma. Este é o mapa do seu fracaso. Este é o mapa do fracaso da dixitalización: dous terzos do territorio e un terzo de poboación sen acceso á banda larga. Claro, é que esta é a situación que hai. Entón, o único do que nos estamos facendo eco é dunha situación real. Calquera persoa que estea escoitando este debate e que viva non só en espazos de alta montaña moi afastados senón moitas veces en espazos periurbanos ou en espazos rururbanos, que son os que compoñen unha parte maioritaria do que é o espazo organizado galego, están nesta situación. É dicir, non fai falta ir a Manzaneda, non fai falta ir ao Piornedo, para encontrar esta situación. Esta situación encóntrase a 30 quilómetros ao redor de Santiago. Entón nós estamos aquí dando conta dunha realidade. E o papel pode con todo. Vostedes poden poñer e escribir negro sobre branco o que queiran, pero hai unha realidade tecnolóxica que non soporta as obrigacións que vostedes imponen nesta nova norma. Polo tanto, nós o que estamos facendo aquí é sinalar esas carencias.

E a nós parécenos que é unha oportunidade perdida. A garantía do acceso á banda larga non é algo que desenvolvese a Lei de impulso de infraestruturas —como di vostede—, porque



esa lei non recoñece dereitos subxectivos. Eu emprázoo, se quere, a que discutamos sobre esa lei, e esa lei non recoñece dereitos subxectivos á cidadanía no acceso á banda larga. Non os concede, non é unha lei que amplíe dereitos. E esta lei establece novas obrigacións para a cidadanía pero non amplía dereitos tampouco. Un dereito permítelle ao cidadán e á cidadá dirixirse á Administración e dicirlle: recoñéceseme este dereito e non se me están dispoñendo os medios tecnolóxicos para cumprir. Nin aquela Lei de impulso nin esta Lei de administración dixital recoñecen, nin unha nin outra, ese dereito. Iso é así. E eu estou disposto a volver aquí e rectificar, pero é que non o hai porque xa comprobamos que non o había. Por iso dicíamos que era unha oportunidade perdida para ampliar novos dereitos, que iso é o que ten que facer unha lei, ampliarlle dereitos á cidadanía e non restrinxilos.

Cando aquí se establecen novas obrigacións para os cidadáns e as cidadás e ao mesmo tempo non son dotados de mecanismos para poder cumprir con eses deberes de forma non desproporcionada, de forma que non lles sexa excesivamente custosa, o que se está facendo é agrandar unha fenda; que é unha fenda territorial, é unha fenda social, unha fenda económica, unha fenda de idade, unha fenda de xénero. E vostedes non están atendendo esta situación e é o que lles estamos dicindo.

Mire, á xente normal ¿gustaríalle relacionarse dixitalmente coa Administración? Por suposto que si, pero non todo o mundo pode. O que estamos dicindo é que se poñan os medios para que esta lei se poida cumprir, estamos falando diso.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: E estamos falando disto tamén: de que, en relación coas relacións de consumo, a normativa de defensa dos consumidores establece unha serie de obrigas para as empresas privadas cando se producen as contratacións que lles aseguran aos consumidores e ás consumidoras unha serie de dereitos —xustificantes, capacidade de pago, etc.—. Ben, nin iso sequera se recolle na lei como obriga para a Administración. Polo tanto, a nós gustaríanos que iso todo se tivese en conta.

Nós pensamos que esta é unha oportunidade perdida para ampliar dereitos, para reducir as desigualdades. É unha oportunidade perdida para ampliar a dixitalización do noso país. O papel só non vai levar a cabo esa situación. É unha oportunidade perdida tamén para cohesionar desde distintos puntos de vista, sobre todo o territorial. E despois é unha oportunidade perdida tamén para impulsar nas pequenas e medianas empresas e nos autónomos unha mellor relación co que é a Administración pública a nivel dixital.

Nós, polo tanto, pedímoslles que consideren esas emendas e, se non, evidentemente a nosa posición será votar en contra do proxecto e sumarnos ás emendas do resto dos grupos da oposición.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: A señora Vázquez veu aquí co piloto automático, co piñón fixo —como é habitual—, non hai cambio de marcha no Partido Popular. Entón, independentemente do que dixeramos aquí, ela xa viña co seu argumentario e non entrou no debate do que plantexamos aquí.

Miren, vostedes son o partido conservador pero son tamén o partido inmobiliista, non nos veñan falar aquí de futuro. Nós o futuro que queremos para este país é o futuro de Estonia. Si, en Estonia pódese rexistrar o nacemento dun fillo por medio da administración dixital. E vénnos aquí vostede falar da Tarxeta Benvida. ¡Queremos ser como Estonia, queremos o futuro que ten Estonia!, onde, por certo, internet é un dereito fundamental básico de toda a poboación, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) un dereito humano fundamental. (*Aplausos.*) Ese é o futuro que queremos para este país. (*Aplausos.*) Así que ao mellor teñen que viaxar un pouco máis vostedes, porque así aprenderían que realmente hai mundo moito máis avanzado que este que nos plantexan aquí. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, Rusia, si. (*Murmurios.*) Rusia ao mellor tamén. (*Murmurios.*)

Vostedes non acaban de entender unha cuestión básica de funcionamento democrático e de participación pública. Vostedes empéñanse en pechar as portas do Parlamento á sociedade. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É verdade, de pe a pa, de cabo a rabo. (*Murmurios.*) Si, porque o trámite de audiencia e de participación pública tense que dar ao longo de todo o proceso de tramitación dunha lei. E agora tamén, o trámite de ponencia é un trámite no que pode haber audiencia e participación pública, e vostedes vétano sistematicamente porque se negan a abrir as portas do Parlamento para que veña aquí a xente para dar a súa opinión, falar das leis e criticar as súas leis. (*Aplausos.*) Un parlamento pechado á xente é o parlamento que crean vostedes. Está no Regulamento do Parlamento a posibilidade do trámite de audiencia. ¿Sabe cantas veces a utilizaron vostedes? ¡Cero! Negaron sistematicamente a posibilidade do trámite de audiencia. ¿Que medo teñen a que veñan aquí os colectivos e entidades a falar das leis? ¿Que queren ocultar?

E, claro, non me veña dicir aquí tamén que o sector do *software* libre está aplaudindo coas orellas ese convenio que acaban de facer con Microsoft, que tampouco ten custo cero. Vostede sabe que non ten custo cero. Porque, como dixo o sector galego do *software* libre no seu manifesto do 26 de xuño —non sei se o leu—, este convenio e a anterior contratación de 13,5 millóns de euros en licenzas de código aberto están claramente vinculados desde o punto de vista da planificación. Son dúas fases do mesmo plan, dun acordo estratéxico con Microsoft para converter a case 300.000 alumnos e alumnas dos institutos galegos en potenciais clientes desta multinacional. ¿Ou pensa que vén aquí Bill Gates regalarnos o seu *software* privativo? A maior crítica fíxollela o sector do *software* libre. Polo tanto, señora Vázquez, temos dous modelos completamente antitéticos e opostos: vostedes teñen o modelo tecnocrático e privatizador e o BNG ten un modelo democrático, socializador e público que quere acabar con esas desigualdades. Porque internet e o acceso á sociedade do coñecemento ten que ser un dereito fundamental de toda a poboación, un dereito á garantía do acceso ás redes competitivo, do acceso tamén ao coñecemento que permita que teñamos unha cidadanía activa, crítica, que se poida desenvolver a través do uso da tecnoloxía.

E vostedes con esta lei, en vez de blindar e de potenciar o *software* libre ou o carácter público da Administración, o que blindan por lei é a privatización. E é unha privatización, ademais,



monopolista de grandes empresas que están copando áreas fundamentais e estratéxicas da Administración pública...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que teñen acceso a servizos e a datos que son tamén privados.

E, claro, non me estraña, nese sentido, que vostede veña defender aquí a Indra. ¡Claro!, é que é totalmente coherente e congruente. Se vostedes lle adxudican a Indra máis de 70 millóns de euros, se Indra non dá xustificado como é que lle pagou ao Partido Popular para a «caixa B» 1 millón de euros, o lóxico é que veñan vostedes aquí a defender, desde logo, a Indra. Non esperabamos outra cousa. Defenden ese monopolio.

Polo tanto, hai varias liñas vermellas que nos afastan desta lei, porque non dá ese impulso, ese salto dixital cara ao futuro que queremos, porque non aposta polo *software* libre, porque non é unha lei para toda a Administración e porque é unha lei privatizadora e monopolista. E, polo tanto, non a imos apoiar. Si imos apoiar as emendas dos outros grupos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

Señora Vázquez, é que nós non buscábamos o consenso co seu grupo nin coa súa proposición de lei. É que creo que o deixamos o suficientemente claro. Eu non son sospeitosa de ser militante do Partido Popular, ¡Deus me libre! Pero é que estamos xa na falacia de intentar buscar consensos cando son vostedes os que necesitan eses consensos para non dar a imaxe de rodillo. Pero unha cousa é que poidamos chegar a acordos puntuais en cuestións moi concretas que son de sentido común e outra cousa é que vaiamos apoiar os seus modelos de xestión e as súas leis. Eu creo que é unha cuestión que non se pode nin discutir. Se quere, vólvollo explicar. Pero a verdade é que nós estamos en contra destes modelos privatizadores e de precarización dos servizos á cidadanía, que van ter un custo non soamente para as arcas dos galegos e galegas senón un custo para a súa atención, sobre todo das persoas que van ter maiores dificultades a expensas desta dixitalización e desta modernidade. E por suposto que hai que facela, pero hai que facela prevendo que esta situación non lles quite dereitos, senón que lles garanta dereitos, que lles amplíe dereitos e lles mellore a súa atención.

Por iso vostedes son os que queren aquí impoñer un consenso que é imposible. É o mesmo que a lei que vostede citou, para nós «a lei de depredación», que xa o dixemos claramente. É que ¿como iamos apoiar nós unha lei que considerabamos que prexudicaba o conxunto dos galegos e galegas, como é este caso? É que temos un modelo frontalmente oposto ao



seu. E non falo soamente polo tema de que despois eses modelos deriven na práctica de corruptelas políticas —e temos a hemeroteca para velo—, senón que ademais é que, aínda que non existira iso, estamos en contra tamén porque consideramos que se fai negocio a expensas dos dereitos e dos cartos dos galegos e das galegas.

E despois faime aquí a recomendación de que eu mire non sei que dun documento de ampliación de prazos. Diso xa falamos na ponencia, eu non citei con respecto ás trabas de implementación o tema da ampliación de prazos. Eu creo que me expliquei, e que, se hai unha caída do sistema nunha xornada laboral —como eu teño visto e teño sufrido—, a xente queda na porta, queda nas colas e queda nas cadeiras cando tiveron que pedir días libres, tiveron que pedir citas previas, tiveron que facer unha serie de cambios para poder asistir a unha cita na Administración. E quedan colgados eles e quedamos colgados nós sen poder atendelos. E non hai unha previsión, vostede sabe que non hai unha previsión para situacións deste tipo. Ou sexa, que creo que debe informarse un pouco mellor ou escoitar un pouco mellor e non vir co argumentario preparado, porque non me refería a iso.

E o éxito da Xunta de Galicia e a modernidade da Xunta de Galicia na cuestión da implantación da banda ancha de acceso a internet é estar soamente por diante de Estremadura no conxunto do Estado? ¿De verdade este é o éxito das súas leis e das súas apostas en telecomunicacións, infraestruturas e en banda ancha? Porque aquí insistiuse moito, na intervención do noso grupo, sobre a exclusión dixital nos nosos maiores, nos autónomos, en como se vai implementar, se hai problemas, uns mecanismos para non prexudicalos, en como se vai asegurar nos concellos rurais e nos concellos doutras características aos colectivos que teñan problemas o acceso á Administración dixital para que poidan ser atendidos correctamente e que non sexan excluídos das súas actividades cotiás, como xa está pasando a día de hoxe. E non dixo nada. Dixo que somos a vangarda e que somos aquí pioneiros. Si, pioneiros en precariedade, por detrás de Estremadura. Ou sexa, só Estremadura nos gaña, niso e en tantas cousas.

Pero é que vostedes, claro, non entenden, non entenden que nós falemos de exclusión dixital, que falemos do problema de que non hai un acceso universal e do dereito de acceso á Internet, para poder implementar isto, estas leis e estas accións deste tipo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque, se non entenden o da pobreza enerxética —porque é máis importante que as eléctricas sigan abusando sen que se fagan os cambios normativos nin as políticas públicas axeitadas, que iso son cartos para o país aínda que a xente despois teña os problemas de pobreza enerxética que ten, e non é soamente unha cuestión de pobres, de excluídos, é de familias de clase media—, e se despois tampouco entenden o dos alugueiros, o dos fondos buitres, entón ¿como van entender iso e os nosos medos a que apareza Microsoft utilizando a información dos galegos e galegas, a que se siga caendo nas trampas dos *lobbys*, a que se sigan utilizando os recursos de todos e os contratos dos galegos e galegas pagados por todos para os intereses destas empresas, e ao que se vaia facer cos seus datos? A vostedes non lles preocupa, igual que non lles preocupa o alugueiro e a pobreza enerxética. Claro, isto vailles preocupar menos. Pero a nós si, a nós si nos preocupa. E preocupánnos as consecuencias de todo isto e deixar entrar estes monopolios...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...na Administración galega, e máis con carácter de multinacionais estranxeiras. Entón, nós imos votar en contra da lei sen prexuízo de que as transaccións das emendas —para esas cuestións que se plantexaban desde os outros grupos, o mesmo ca nós— as vaíamos apoiar. Pero, como comprenderá, nós non podemos apoiar isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas de novo, presidente.

Señora Vázquez, eu creo que se dan conta de que hai un erro, unha eiva grave na tramitación deste proxecto de lei: non pediron o ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia. Ou é un erro ou algo máis grave ca iso, que é un uso torticeiro dos órganos estatutarios de Galicia. (*Aplausos.*) Dígoo porque, ademais, como lembraba, a Lei reguladora do CES é manifestamente clara nesta cuestión. Pero, tal e como estamos vendo o estado actual de hibernación da institución do Valedor do Pobo e o uso nalgunhas ocasións do Consello Consultivo de Galicia, non podemos máis que chegar á conclusión de que non é un erro, senón que se prescinde precisamente de que ditamine —de forma non vinculante, porque ademais non son vinculantes os ditames do Consello Económico e Social de Galicia—, de que ditamine e de que aporte a visión da parte social e da parte económica, que ten algo que dicir sobre os avances neste caso lexislativos, económicos e sociais en Galicia. Que informen as organizacións sindicais está ben, pero informaron nun trámite de consulta en materia de xestión de persoal autonómico. É dicir, iso non significa que as organizacións sindicais representativas deste país se pronunciaran sobre o proxecto de lei en termos de avance socioeconómico pola dixitalización do sector público autonómico de Galicia. Entón, nese sentido pensabamos que podía ser un erro, pero podemos chegar á conclusión de que se trata dese uso —dicía— torticeiro, dese uso eu creo que non democrático dos nosos órganos estatutarios en Galicia.

E é certo, como dicía o señor Villares, que un texto pode incluír dereitos, pode regular dunha forma ampla un catálogo de dereitos, pode establecer unha serie de garantías. Pero é certo tamén que, se non establece a Administración —neste caso autonómica— os instrumentos e os mecanismos que fagan efectivos eses dereitos, evidentemente os cidadáns e as cidadás de Galicia non poderán exercelos. E, nese sentido, tamén me gustaría lembrarlles algúns datos. Porque falamos antes da fenda dixital en Galicia —insisto, non territorial, senón de cobertura de poboación, que é moi distinto, porque moitas veces fálase nestas tribunas da problemática orográfica de Galicia, pero estamos falando de cobertura poboacional, non de territorio—, e Galicia, por moitas normas, leis ou estratexias dixitais que vaia sacando a adiante, non está facendo os seus deberes. Outras comunidades autónomas, como tivemos ocasión de sinalar no debate de totalidade, fixeron esforzos moi superiores. Andalucía —



que estaba en taxas baixas—, de 2017 a 2018 fixo un esforzo de 7 puntos; Canarias, de 10 puntos; Castela-A Mancha, de 14 puntos; Estremadura, de 7 —que estaba na cola—; e Galicia, de 1,5 puntos. Son datos que resaltabamos no debate de totalidade e que están aí para acreditar que o esforzo para superar esa fenda dixital —insisto, de cobertura de poboación— non está sendo en absoluto suficiente.

Señora Vázquez e señores e señoras do Partido Popular, cando nós falamos de incluír dereitos, entre outros, como pode ser a participación por medios electrónicos na actividade administrativa mediante audiencias e informacións públicas, dereitos de privacidade, dereitos á seguridade informática ou dereitos, entre outros, a utilizar libre e gratuitamente os medios e servizos electrónicos autonómicos, creo que non estamos falando de redundancias á hora de establecer precisamente unha seguridade dixital dos cidadáns e das cidadás de Galicia.

Había dúas ou tres cuestións tamén que non quería deixar de remarcar e que nos preocupaban neste texto.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: En primeiro lugar, en moitos apartados faise referencia —vou rematando, presidente— ao sistema de acreditación dixital, que non ten ningún engarce co sistema de cualificacións profesionais ou co sistema educativo. Non se incluíron emendas —que nos pareceron importantes— que impidan a publicidade na promoción de servizos electrónicos ou —insisto outra vez— unha serie de garantías que deberían establecer a independencia das persoas delegadas de protección de datos.

En todo caso, e para rematar, señora Vázquez, había catro ou cinco emendas que considerabamos oportunas. Espero, finalmente, que accedan a incorporalas neste proxecto de lei para que poidan contar co apoio á Administración dixital de Galicia neste texto articulado. Do contrario, o Grupo Parlamentario Socialista verase na absoluta obriga de absterse porque estamos nunha lei simplemente tecnocrática, non é en absoluto ambiciosa e non protexe suficientemente os dereitos dixitais dos galegos e das galegas.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, artigo 3, fins da lei: «Asegurar a interoperabilidade do servizo». Siga lendo vostede, porque nos cinco minutos non me dá tempo.

Señor Bará e señora Santos, vostedes din que non entrei no debate, ou que traio o argumentario preparado. Claro, ¿saben o que pasa? Que non lles gustou o que lles dixen porque é a auténtica verdade, iso foi o que pasou.



Señora Santos, o decreto, como vexo que non lle quedou claro, voulo ler, e despois xa llo paso ao presidente: «Proxecto de decreto polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións na sede electrónica da Xunta de Galicia no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o seu funcionamento ordinario». Lea, señor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Villoslada, está o Partido Socialista para dar leccións de respecto ás institucións. ¡Si, señor...! Levamos máis de tres meses cun goberno en funcións, sen a Deputación Permanente, sen órganos que fagan control ao Goberno. Entón, si, as leccións déixenas. De verdade, doulles un consello: déixenas para outros partidos que necesitan que os apoiem no seu goberno. *(Aplausos.)* ¡Déixeo para aquel momento! *(Aplausos.)*

O Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia entraba neste Parlamento cunha emenda... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Non, non lles gusta, señorías, claro. Pero escoiten, escoiten, que lles vai gustar máis. *(Murmurios.)*

Entraba cunha emenda á totalidade por parte dos tres grupos da oposición que a día de hoxe seguimos sen entender. Criamos que, a través das emendas parciais, entenderíamos e comprenderíamos por que a oposición non quere avanzar, por que a oposición non quere progresar e mesmo, en definitiva, por que non quere ir da man da tecnoloxía. Agora temos representadas nesta cámara parlamentaria as catro esquerdas que pretenden ser a alternativa ao goberno do Partido Popular de Galicia. Señorías, os galegos e as galegas xa vivimos como se desgoverna pola mañá e como se fai oposición pola tarde nun bipartito. O que non temos claro é como vai ser posible un cuadripartito. Dende logo, fácil non o vemos; e de consenso, moito menos. *(Fortes murmurios.)* *(Aplausos.)* E digo desgovernar porque, analizando as emendas dos grupos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lle gusta, señora Noela, non lle gusta, claro.

Digo desgovernar porque, analizando as emendas dos grupos, que as presentan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilos! Tranquilidade, aínda non empezou a campaña, jeh! *(Protestas.)* ¡Vamos con calma! Aínda queda moito para a campaña. ¡Vaiamos con calma! *(Fortes murmurios.)* Tranquilos, tranquilos. ¡Vamos alá, veña!

Señora Vázquez, prosiga, por favor.

Silencio.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Digo desgovernar porque, analizando as emendas que presentan, é curioso. Porque, miren, por unha banda o Bloque Nacionalista Galego fai un gran avance cambiando «sector público autonómico» por «sector público galego». Pero o



que é realmente curioso e asombroso é que se suprime literalmente, no artigo 9, o apartado 3, que establece a utilización dos medios electrónicos para a concesión de subvencións. É dicir, señor Bará, en lugar de avanzar co mundo, volvemos á Idade de Pedra, empregando a carretilla para elevar os documentos ás administracións, e así seguimos malgastando, como é habitual cando gobernan vostedes.

As Mareas —que xa non sei se é a marea alta ou a marea baixa— van máis aló. Pretenden suprimir a colaboración de entidades privadas —artigo 36—. Señor Villares, señora Santos e señor Bará, ¿saben o que ocasionaría a supresión deste apartado? Pois, miren, o acordo que mantén a Amtega coa Federación de Asociacións de Xordos de Galicia e que non ofrezca o servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas con algunha discapacidade auditiva. Creo que deberían analizar as súas emendas.

Señora Santos, a súa emenda á totalidade indicaba que non debe facerse unha norma con rango de lei. E van vostedes...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: E van vostedes nas súas emendas parciais e regulan ata o formato dun arquivo PDF. E, coma se non fora moito, o horario das oficinas de información.

Señorías, ¿por que non recoñecen que estamos ante un proxecto de lei ambicioso, asumible e, o que é máis importante, útil para os galegos e para as galegas? (*Aplausos.*) Este proxecto de lei pretende acadar un marco único de principios. Dunha única vez, a proactividade, como non, que sexa conseguir unha xestión máis eficiente. A prioridade é consolidar unha Administración integramente dixital e universalizar o uso e o acceso da cidadanía aos servizos públicos dixitais. En definitiva, señorías, que a Administración sexa próxima aos galegos e ás galegas.

Remato xa, señor presidente.

Señorías, en breve terán a oportunidade de pulsar o botón verde, estar ao carón dos galegos e das galegas; do contrario, seguirán poñendo pedras e impedindo o progreso da cidadanía galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación deste texto lexislativo.

Pechen as portas, por favor.

En concreto, imos votar as emendas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia.



Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 52064) non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación das emendas formuladas polo G. P. de En Marea (doc. núm. 52069) non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52070) non incorporadas ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos o ditame da comisión.

Votamos.



Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de administración dixital de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame.

O señor PRESIDENTE: Consecuentemente, queda aprobada a Lei de administración dixital de Galicia.

Remataron as votacións, abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día. Neste caso, co punto 2, de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do impacto das estratexias de desenvolvemento local participativo dos GALP nas zonas pesqueiras de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías, moi bo día.

Comparezo hoxe nesta sesión plenaria para dar conta do traballo realizado en Galicia en relación coas estratexias de desenvolvemento local participativo nas zonas costeiras de Galicia e avaliar o seu impacto e alcance.

Debo comezar poñendo en valor a importancia que para o noso territorio constitúen as denominadas estratexias de desenvolvemento local participativo, que chegaron coa implantación do Fondo Europeo de Pesca en 2007 e que se incrementaron coa posta en marcha do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, tendo en ambos os casos a prioridade de aumentar o emprego e a cohesión social nas comunidades pesqueiras.

Entre os seus principais obxectivos están o da atracción dos mozos e mozas a estas zonas, a promoción da innovación nos produtos procedentes da pesca, así como o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca, pero tamén o impulso do patrimonio ambiental e cultural destas zonas e o reforzo do papel da comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da cogobernanza dos recursos pesqueiros e nas actividades marítimas locais. Ademais, estas estratexias abordan retos de futuro, tan importantes para a costa galega, que inclúen aspectos relacionados coa política pesqueira común, o crecemento azul e o cambio climático. En resumo, ao noso entender, estas estratexias son claves na contribución á diversificación e complementación das economías das zonas



costeiras, tendo como eixo o sector marítimo-pesqueiro e, como cerne dese punto común, as actividades de pesca costeira artesanal e do marisqueo.

Antes de poñerme a debullar a evolución da posta en práctica destas estratexias, creo que debemos centrar o inicio desta traxectoria sinalando a súa orixe, que está apuntada no Regulamento da Unión Europea 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

Nesta norma, os considerandos 32 e 33 apuntan a que procede establecer medidas de acompañamento da política pesqueira común que poidan reducir o seu impacto socioeconómico mediante a aplicación de estratexias de desenvolvemento local para unha evolución sostible das zonas pesqueiras. Asemade, e atendendo á diversidade de situacións e rexións, a propia Unión Europea sinala que a estratexia territorial debe ser apropiada e adaptada ao contexto local, estar descentralizada como sexa posible, promover a participación de axentes locais, basearse nun plantexamento ascendente, permitir as operacións de pequena escala e garantir unha ampla participación do sector privado. Esta declaración de intencións toma forma no capítulo IV do Regulamento, entre os artigos 43 e 45, e dispónse neles como ten que funcionar o eixo prioritario 4, relativo a ese desenvolvemento sostible das zonas de pesca.

Coa chegada deste goberno á Xunta de Galicia en 2009, constituímos os grupos de acción costeira co obxectivo de actuar como entidades colaboradoras da Administración pesqueira galega e de dar forma práctica a ese desenvolvemento do eixo 4 do FEP. Fixémolo tal e como se reflexaba no regulamento, e durante ese período FEP constituímos un total de sete grupos, nos que se integraron trescentas trinta entidades públicas e privadas que representaban os intereses socioeconómicos de cada respectiva zona.

A lección máis importante aprendida do eixo 4 do FEP foi a importancia da implicación dos profesionais do sector marítimo-pesqueiro nos grupos de acción local, xa que cada grupo foi quen de organizarse e definir a súa estratexia territorial e plasmalo nos seus respectivos plans.

En total, no período que comprende os anos 2010 a 2014, tempo no que estivo operativo o FEP, Galicia aprobou un total de catrocentos vinte e seis proxectos por un importe total de axuda de 23,2 millóns de euros, e o número de empregos xerados estímase en máis de douscentos cincuenta. A boa acollida deste fondo traducíuse nunha moi importante execución financeira, que acadou durante o período FEP o setenta e cinco por cento de execución, chegando ao redor do noventa por cento nalgúns zonas costeiras.

A boa experiencia e as ensinanzas extraídas neste período levaron a Galicia a redobrar a aposta por este eixo e obxectivo, cuestións que puidemos levar a cabo ao ver tamén ampliada esta aposta no novo Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. Este novo texto normativo, definido no Regulamento 508/2014 do Parlamento e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, recolle esta proposta de forma corrixida e aumentada nos considerandos 55 a 59, facendo fincapé en que os plantexamentos participativos aplicados ao desenvolvemento local foron positivos. Amais, subliñase que



parte do éxito destas estratexias reside en que teñen plenamente en conta as necesidades multisectorais do desenvolvemento endógeno, polo cal o apoio neste ámbito debe seguir prestándose e intensificándose no futuro.

E iso foi o que fixemos, seguindo o disposto no capítulo III do regulamento, que contén os artigos do 55 ao 64, e tendo en conta a prioridade de aumentar o emprego e a cohesión social nas comunidades pesqueiras, co que chegaron a poñerse en marcha as estratexias de desenvolvemento local participativo. De novo, cobran protagonismo as asociacións locais, agora denominadas grupos de acción local do sector pesqueiro, compostos por membros do sector público e privado de cada zona e co obxectivo de responder ás necesidades de cada zona.

Comparativamente co fondo anterior, houbo unha serie de melloras: aumentouse o número de grupos, pasando de sete a oito; incluíronse no ámbito das zonas pesqueiras as catro cidades nas que o sector pesqueiro era significativo, e, por último, aumentouse o seu orzamento. Precisamente nese aspecto fíxose un esforzo importante, xa que os fondos destinados a este obxectivo roldan os cincuenta e oito millóns de investimento público total, o que duplica o disposto no anterior período de financiamento. En definitiva, actualmente hai máis de trescentas sesenta e unha entidades sociais representadas a través dos oito GALP, das que cento cinco entidades son organizacións do sector pesqueiro, que representan máis de once mil pescadores do sector.

Cómpre agora facer o primeiro balance deste período FEMP. Dende que no 2016 se publicou a primeira orde ata finais do 2018 xa se aprobaron trescentos un proxectos, dun total de seiscentos corenta e nove presentados, por un importe de dezanove millóns de euros. Importante é que, do total de proxectos aprobados pola Consellería do Mar, saíron adiante o oitenta e catro por cento, e cómpre sinalar que conseguiron mobilizar un total de corenta e tres millóns de euros de investimento, dos cales o corenta por cento son de axuda pública.

Estes datos confirman a capacidade do programa para favorecer o investimento privado nas comunidades costeiras dependentes da pesca, cifrado en vinte e seis millóns de euros. Pero aínda máis, cremos que o impulso económico e o dinamismo que ofrece esta ferramenta en zonas costeiras non urbanas son uns dos principais puntos positivos que podemos extraer desta experiencia. Pero eses datos xerais que traio aquí, e que xorden dunha análise da evolución dos GALP, deben ser debullados para comprender mellor cales son as teclas que esta liña de actuación toca, co ánimo de mellorar a situación socioeconómica presente e futura da nosa costa.

Sen dúbida, o obxectivo FEMP máis beneficiado polas axudas é o apoio á diversificación, que recibe 9,8 millóns de euros, xusto o dobre que o seguinte obxectivo do FEMP con máis axudas concedidas, que é o aumento do valor engadido, que recibiu ata o de agora 4,8 millóns de euros. En conxunto, ambos os obxectivos aglutinan o oitenta e sete por cento do total das axudas. En canto aos proxectos que abordan os novos retos dos GALP, estanse apoiando modelos de gobernanza na xestión dos recursos, estratexias de diversificación cara ao turismo mariñeiro e o fomento da calidade das capturas, da certificación e da comercialización.



En relación co crecemento azul, as actividades vencelladas ao turismo mariñeiro e costeiro sustentable representan a principal tipoloxía de proxectos que financiar, acadando os nove millóns de euros de axuda pública. Outras actividades vencelladas ás infraestruturas tradicionais e a biotecnoloxía ou á loita contra a mitigación do cambio climático tamén están recibindo axudas.

Por último, en canto á creación de emprego, nestes primeiros anos avaliados estímase en douscentos sesenta e sete os empregos directos a tempo completo en tres anos. Amais, debemos ter en conta que esta cifra ten que ser posta en relación coa xeración de emprego nas áreas costeiras non urbanas e coa súa poboación, amais de significar que estes empregos son complementados por moitos que se sosteñen e se crean no sector extractivo e na cadea mar-industria ao seu abeiro. É dicir, non é só o obxectivo de crear emprego, senón tamén os preexistentes e relacionados que sustentan e impulsan a súa mellora, e todo iso dentro dunha esfera costeira de menor poboamento e propensa á perda de habitantes.

Paso agora a esmiuzar os datos destes fondos no eido propiamente pesqueiro. O certo é que o sector pesqueiro promoveu un total de cento sete proxectos, isto é, o corenta e dous por cento do total dos proxectos no período analizado 2016-2018. Por chanzos, o sector extractivo lidera o vinte e tres por cento de todos os proxectos financiados; o comercializador, o trece por cento, e o da transformación aglutina o seis por cento.

Deténdonos máis polo miúdo en termos monetarios, a axuda repartida ao sector pesqueiro acadou o trinta e tres por cento do total, uns 11,6 millóns de euros de investimento total público e privado. Cómpre destacar as boas cifras dalgúns grupos, como o do golfo Ártabro Sur, onde se acada o oitenta e cinco por cento de investimentos vencellados ao sector pesqueiro, resultando salientable o número de proxectos enfocados na comercialización de produtos do mar nos grupos de Muros-Noia e da Mariña-Ortegal.

O informe tamén recolle que, no eido da transformación, destacan o golfo Ártabro Sur e a ría de Pontevedra, mentres que os grupos da ría de Arousa e da Costa da Morte teñen máis investimento en proxectos do sector produtivo. Hai que salientar tamén que o sector pesqueiro participa moito no obxectivo de diversificación, promovendo proxectos relacionados principalmente co turismo mariñeiro e industrial, a formación dos profesionais do mar e a promoción da cultura mariñeira. En canto á tipoloxía dos promotores do sector pesqueiro que presentan proxectos, o perfil máis frecuente son as propias confrarías, así como empresas comercializadoras de peixe ou de transformación de produtos pesqueiros.

Por último, o impacto socioeconómico global do programa de axudas estima a súa repercusión no conxunto da economía galega en mil douscentos oito empregos a tempo completo e un incremento de valor engadido bruto de case cincuenta e sete millóns de euros. Isto tradúcese nun impacto do 0,09 por cento do total do produto interior bruto galego no 2017. Esta cifra é tan importante porque, para poñer en marcha os proxectos, requírense man de obra, materias primas, equipamentos, publicidade, consultoras, formación, servizos informáticos, restauración, etc.

Pero, amais de saber como aplicamos os fondos, cómpre saber —e agora explicar— canto aplicamos. A aplicación directa das estratexias de desenvolvemento local participativo dos



GALP ten un orzamento total de 52,6 millóns de euros. No 31 de outubro de 2018, o grao de execución financeira do programa de axudas de prioridade 4 do FEMP é do corenta e tres por cento. Certamente, tamén imos tendo en conta a regra N+3 pola metade do programa, así que esta cifra aínda é relativa.

En todo caso, seguimos traballando para acrecentar esta porcentaxe de execución e medrar no montante de fondos públicos. Neste senso, hoxe mesmo publicouse unha Orde pola que se amplía o crédito da Orde do 21 de decembro de 2018, e quere isto dicir que se poderán atender máis proxectos neste ano, considerándose, xa que logo, conveniente ampliar o importe do crédito inicial para os denominados proxectos non produtivos. Incorporamos máis de 1,2 millóns de euros neste momento para acrecentar este apoio, e estou segura de que acadamos así un uso máis eficiente dos fondos públicos mediante un maior grao de execución orzamentaria.

No que respecta á execución por GALP, destacan, cun importe igual ou superior ao corenta por cento de execución, o GALP Costa Sostible Seo de Fisterra - ría de Muros-Noia, o Grupo A Mariña-Ortegal, o da ría de Pontevedra e o GALP da ría de Arousa. No extremo oposto atópanse o GALP do golfo Ártabro Norte, o GALP da ría de Vigo-A Guarda e o GALP da Costa da Morte, que estes están en torno a un vinte e seis por cento de execución, pero estou convencida de que medrarán nas súas cifras na presente convocatoria. En canto á execución en función dos obxectivos do FEMP, destaca o alto grao de execución dos obxectivos de diversificación e do aumento de valor, cun cincuenta e oito por cento e vinte e nove por cento respectivamente, predominando na meirande parte dos grupos.

En función da súa tipoloxía, os proxectos produtivos beneficianse do setenta e catro por cento do programa de axudas total, fronte ao vinte e seis por cento dos non produtivos. Os proxectos produtivos, principalmente, teñen que ver cos obxectivos de diversificación e o aumento de valor engadido, que en conxunto supoñen o noventa e cinco por cento da axuda concedida neste tipo de proxectos. Mentres, os proxectos non produtivos apoian, ademais, os obxectivos de patrimonio medioambiental, patrimonio cultural e gobernanza, principalmente. Na maioría dos grupos é superior a axuda concedida a proxectos produtivos, agás no golfo Ártabro Norte, no que a repartición de axudas está equilibrada entre produtivos e non produtivos.

A Consellería do Mar vén realizando, xa que logo, unha aposta decidida por fortalecer os grupos de acción local do sector pesqueiro como unha ferramenta clave para o desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras en Galicia. Co fin de dispor de información sistemática e actualizada de xeito continuo para seguir encamiñando ben esta aposta, encomendamos ao Cetmar a elaboración dun programa de seguimento estratéxico do desenvolvemento local participativo no marco do FEMP.

O programa estrutúrase en tres grandes bloques e caracterízase pola súa continuidade no tempo e polo seu carácter participativo: seguimento, para determinar en que medida se están a abordar os principais retos en termos de política pesqueira común, crecemento azul, cambio climático, creación de emprego e integración social; avaliación, para medir o impacto económico e social dos proxectos desenvolvidos, a súa contribución ás estratexias de



desenvolvemento local e a contribución aos obxectivos do FEMP; e aprendizaxe, para identificar as boas prácticas e atributos de excelencia, xerar ideas de mellora e desenvolver actividades formativas para os grupos que garantan a súa integración no proceso.

Os traballos levados a cabo durante o ano 2018 centráronse en tarefas de revisión e actualización do marco de análise do programa, a avaliación de proxectos, resultados e presentación de informes periódicos, cun traballo de campo baseado en entrevistas. Entre as conclusións positivas desta memoria encomendada ao Cetmar cabe destacar: dous de cada tres proxectos son produtivos, é dicir, o sesenta e cinco por cento; corrobórase a capacidade do programa das estratexias de desenvolvemento local participativo en favorecer o investimento privado; a meirande parte dos proxectos dan resposta aos desafíos concretos do desenvolvemento económico e social das comunidades locais; e se ben gran parte dos obxectivos do FEMP foron abordados, existen áreas de actuación que permanecen inactivas, como é o caso da acuicultura ou as enerxías renovables.

Evidéncianse tamén tendencias positivas na creación de emprego que mesmo debemos mellorar, sabedores de que os resultados deste ámbito sempre son mellores que os plantexados. Sen embargo, temos que remarcar a dinamización do tecido empresarial nas comunidades costeiras ao darse a xeración de cento vinte e un negocios neste período analizado. En canto á perspectiva de xénero e ao relevo xeracional, cómpre sinalar que o corenta e dous por cento foron presentados por mulleres e/ou xente nova, o que reflicte unha vez máis o éxito da prioridade 4 do programa de axudas europeo. Outro éxito que tamén se pon de manifesto é que a prioridade 4 está conseguindo involucrar o sector pesqueiro.

Señorías, remato e fágoo resumindo a traxectoria neste eido nestes dez anos. Dende 2009 conseguimos constituír os grupos de acción costeira e integrar neles trescentas trinta entidades públicas e privadas. Foron quen de iniciar unha andaina que deixou catrocentos vinte e sete proxectos aprobados e unha axuda global investida de máis de vinte e cinco millóns de euros. Froito daquela boa experiencia quixemos reforzar esta aposta, e para o período 2016-2020 redobramos o apoio, aumentando nun cincuenta por cento o orzamento total e acadando arredor dos cincuenta e oito millóns de euros en axudas. Esta aposta renovada xa está dando froitos, e son trescentos un os proxectos aprobados nesta etapa dos grupos de acción local de pesca, cun montante de dezanove millóns de euros de axuda pública, máis de douscentos sesenta e sete empregos xerados a tempo completo e cento vinte e un negocios creados.

Sei que esta estratexia seguirá dando novos froitos e que moitos deles, que xa os tivemos ata o de agora, mesmo serán recoñecidos e destacados pola propia Unión Europea, facendo que mesmo a propia Farnet, a rede que integra todos os GALP da Unión Europea, nos destaque de forma repetida.

Pero volvo ao punto importante desta comparecencia: o importante non son as cifras, senón o papel primordial que o propio sector marítimo-pesqueiro adoptou e adopta nesta liña de traballo. Nesta estratexia participativa reeditamos e ampliamos, señorías, a cogobernanza co sector. Temos retos de futuro neste ámbito de actuación, especialmente de cara ao estímulo da presentación de proxectos por parte dos profesionais da pesca, e sabemos que



iso vai parello a unha necesaria simplificación e axilización da aplicación do novo fondo, que deberá entrar en vigor alá polo ano 2021.

Sei que nesta nova andaina poderán contar co seu apoio. Saiban que ese apoio non é nin a este goberno nin sequera aos grupos de acción local de pesca, senón que é un apoio ao propio sector marítimo-pesqueiro e aos seus profesionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda dos grupos parlamentarios, comezamos polo señor Casal Vidal, en nome do Grupo Parlamentario Mixto.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira.

Pido un pouco de benevolencia por estar como voceiro de Pesca e Marisqueo do Grupo Político de En Marea dentro do Grupo Mixto, e pido desculpas por posibles inexactitudes nas que poida incorrer; algún día aprenderei.

Hoxe, fundamentalmente, vou facer preguntas precisamente para ver se coñecemos un pouco máis a fondo todo isto dos GALP. Porque a verdade é que despois dun par de días de investigar un pouco, teño que dicirle, señora conselleira, que cheira; ten un certo cheiro a chiringuitos para a repartición discrecional e caciquil dunha parte dos seus cartos a amiguetes e achegados. Esa é a impresión que dá analizando os proxectos aprobados, analizando quen pertence a estes GALP e cales son os socios.

Ademais, non estamos falando de catro perras: o orzamento para os exercicios 2019 a 2021 é de case vinte e tres millóns de euros, e as axudas poden chegar —como vostede comentou— ..., ben, vin dúas posibilidades: unha puña que ata o cincuenta por cento no caso de proxectos produtivos, e noutros lados encontrei que ao sesenta por cento, e ao cen por cento nos proxectos non produtivos. Como todos sabemos, o oitenta e cinco por cento destes fondos proveñen da Unión Europea, e por iso sería moi importante darlle un aproveitamento que nós consideramos que debería ser doutro xeito.

¿Como están constituídos estes GALP —que quere dicir grupos de acción local pesqueira—? Pois, maioritariamente, por socios que pouco ou nada están relacionados co sector pesqueiro; unha cousa curiosa. Na maioría deles, as asociacións ou colectivos representativos do sector da pesca non pasan do vinte por cento dos socios, nalgúns pasan un pouco por encima, noutros están por debaixo. Fixen unha revisión así, un pouco, e encontramos socios tan curiosos, nunha entidade que teoricamente ten como obxectivo a promoción directa ou indirecta do sector pesqueiro, como unha asociación de amigos da música, unha asociación de viúvas, moitas asociacións de veciños —algunhas de representatividade máis que dubidosa, porque as busquei pola internet e non aparecen nin con web—, asociacións de amas



de casa, etc. Todas son moi respectables no seu ámbito de actuación, pero non parece que teñan moita relación e coñecemento do sector da pesca; en principio, parece que non.

De novo, isto dá un cheiro a chiringuito, porque estas asociacións pertencen aos órganos de decisión dos GALP, e ante o seu descoñecemento do sector, poden ser facilmente manipulables polos xestores e presidentes. Que, por certo, señora conselleira, e comezo xa coas preguntas: ¿quen nomea os presidentes dos GALP? ¿Ten vostede algunha responsabilidade nestes nomeamentos? Por exemplo, de xente que xa leva moitos anos xubilada en relación cos sectores da pesca, pero que seguen aí, ano tras ano, repartindo cartos na súa zona. ¿Quen elixe as xuntas directivas?

A realidade é que isto leva a que a maioría das axudas non vaian a accións directa ou indirectamente relacionadas coa pesca. Está moi ben financiar proxectos de hostalería, pero non parece o máis oportuno que sexa a partir destes fondos. E non parece que as confrarías —polo menos polo que lin na documentación que atopei— estean moi satisfeitas co seu funcionamento e coa repartición dos amplos fondos dos que dispoñen os GALP.

¿Quen avalía os proxectos? Pois o responsable do GALP, o presidente e os seus equipos técnicos, que, polas denuncias que atopei ante a Valedora do Pobo, non parece que sexan seleccionados con moita ecuanimidade e criterios de independencia, transparencia, competencia e formación axeitada.

Revisando os proxectos, iso si, os nomes son moi rimbombantes e moi relacionados coa pesca, a maioría, pero moitas veces a súa única relación co sector pesqueiro é estar ubicados nun paseo marítimo ou chamarse «ría de...», «baía de...», ou «enseada de...»; polo menos no nome si teñen relación co sector pesqueiro. Pareime a revisar algún e houbo un que me causou moita sorpresa: subvencionouse con vinte mil euros o arranxo dunha terraza nunha vila —iso si, mariñeira—, nun paseo marítimo e que ten no nome do bar a palabra «náutico»; ou sexa, evidentemente, tres razóns de peso para ter unha relación directa co sector pesqueiro. Ben, pois outorgáronselle vinte mil euros para iso, para arranxar a terraza —que, a verdade, polas fotos quedou bastante bonita—, e o compromiso de crear emprego foi de 0,125 empregos equivalentes a tempo completo, ou sexa, practicamente o doce por cento do que suporía un só traballador ao ano. A verdade é que isto non parece nin moita promoción do sector pesqueiro nin moita creación de emprego.

Nesta liña, quérolle facer outras preguntas: ¿non lle parece que a ratio de máis de cen mil euros de axuda por emprego creado non é moi satisfactoria? ¿Que porcentaxe dos proxectos subvencionados está relacionada directamente coa actividade pesqueira? Xa contestou vostede hai un momento que na contorna do trinta por cento, ¿pero de maneira produtiva directa, realmente de maneira produtiva directa? Señora conselleira, ¿os presidentes e os membros das xuntas directivas dos GALP teñen remuneración? ¿Quen os nomea? ¿Ten vostede algo que ver co seu nomeamento? ¿Quen nomea as xuntas directivas? ¿Coñece o total de gastos anuais para a compensación de gastos de desprazamento e axudas de custo dos membros das xuntas directivas dos GALP?

Por último, gustaríanos saber —porque así o imos solicitar polo artigo 9— se están dispoñibles as obrigadas auditorías de cada proxecto e se estas auditorías se cinguen



unicamente a revisar as facturas que xustifiquen o gasto —que parece minimamente evidente— ou son unhas auténticas auditorías que, ademais, confirmen que se cumpriron os obxectivos do proxecto subvencionado e o seu impacto socioeconómico e para o emprego no sector da pesca.

Son cinco ou seis preguntas bastante sinxelas —seguro— de responder para vostede. A partir de aí, iremos tomando máis coñecemento deste tema e esperamos poder cambiar de opinión coa súa información e coa información que nos remitan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Eu, usando a benevolencia que pedía ao principio, pediríalle que, para evitar confusións..., vostede falaba nesta iniciativa como voceiro do Grupo Parlamentario Mixto. (*O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, xa sei que non o dixo, pero iso é o que é. (**O señor CASAL VIDAL:** Do Grupo Político de En Marea dentro do Grupo Mixto.) Eu creo que este tipo de cousas, dende logo, non achegan nada ás deliberacións, por iso lles pedimos que se adapten o máis posible á nova situación.

Seguimos.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señora conselleira.

Efectivamente, os grupos de acción costeira empezaron a xestarse alá polo ano 2009, e había expectativa no sector, porque vían que podía ser unha oportunidade para poñer en marcha proxectos colectivos, para tentar paliar déficits do sector e para tentar que cuestións pendentes e nunca resoltas se puidesen levar a cabo, como proxectos para unificar vendas, crear vendedorías e criadeiras de semente, recuperar zonas improdutivas, modernizar a frota...

Mais vostedes, na vez de usar estes proxectos para ir nesa dirección, foron indo a un modelo que, na vez de actuar nestas cuestións, foi á repartición por zonas. Crearon oito zonas e foron a unha repartición a cada unha desas zonas, onde sectores que pouco ou nada teñen que ver co sector do mar directamente son os que teñen maioría en moitos destes grupos de acción local da pesca neste momento.

Vinculados ao plan estratéxico da Unión Europea respecto á pesca, efectivamente, os retos dos GALP fundamentalmente están vinculados a cuestións medioambientais ou de turismo, pero non a cuestións do sector produtivo e extractivo, non para vivir dignamente do mar, para aumentar as rendas ou para fomentar o relevo xeracional; esas non son as prioridades destes grupos de acción local da pesca. Os obxectivos son cuestións colaterais metidas con



calzador para xustificar que teñen que ver co sector do mar. Efectivamente, son proxectos que están en concellos que teñen mar e que levan, nalgúns dos casos, o nome de mar ou mariñeiro na súa nomenclatura, ou nos que van comer produtos do mar; é unha cuestión moi importante. Non sabemos logo como se verifican esas cuestións; é un dos temas que nos gustaría que nos explicase: que nivel de inspección e verificación hai destes establecementos que son subvencionados porque alí se vai ter na carta produtos do mar; como verifican logo esas cuestións.

E así, dese xeito, encontrámonos, efectivamente, con subvencións de proxectos como o Náutico Lounge Bar, o Beach Club & Coffee, a creación da taberna e salón de eventos Airiños do mar —efectivamente, ten algo que ver con mar—, a escola infantil Tranvía I do Mar —efectivamente: leva mar—, o albergue de peregrinos Estela do Mar —efectivamente: leva o tema de mar—, un proxecto para a mellora dun acceso peonil na ferverza do Xallas, no Ézaro, o Hotel Solpor do Coído, o Hotel A Mariña, unha travesía náutica xacobeá ao Real Club de Iates de Baiona —moi mariñeiro—, a creación dunha cervexa artesá —con auga do mar, pero unha cervexa—, Casa Carmelita —mariñeira, iso si—, Hostal Torre do Lago, Hotel A de Loló, Camping Rilo, A Bayonnaise —un antigo restaurante—, un estudio e tenda de decoración, un restaurante dous garfos, New Live Promocións Culturais, Cabanas sen Barreiras, Hola ola actividades do mar... (*Risos.*) Podería seguir así un cacho. Se non fose polo serio, sería para rir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, sería para rir se non fose polo serio que é o conto.

¿Onde quero chegar? (*Murmurios.*) Que, baixo o tema de grupos de acción local da pesca, o que fan é ir ao ditado da Unión Europea, que pretende que cada vez haxa menos pesca, e a xente que traballa no mar, que quere vivir do mar, que quere ter rendas dignas do mar, que quere mellorar as súas condicións de vida no mar, resulta que, en vez diso, a derivamos cara ao turismo mariñeiro e a derivamos cara a restaurantes e hoteis. Eu non digo que iso non haxa que facelo; o que digo é que, señora conselleira do Mar, a súa preocupación tería que ser traballar pola xente do mar, mellorar as súas rendas e as súas condicións de traballo. Esa debería ser a súa preocupación, e non este tipo de cuestións que, efectivamente, terán que ser da competencia do sector do turismo ou doutro tipo de competencias, e non detraer recursos que terían que ir, precisamente, para que, na vez da situación que temos no mar, puidese haber outra.

Porque eu teño que lembrarlle, señora conselleira, que no tempo que vostede leva de conselleira, dez anos, que son o período de existencia destes grupos de acción local da pesca, en Galiza hai 3.769 persoas menos afiliadas ao réxime especial da pesca e acuicultura, ¡3.769! No 2009 había 24.841 e no 2018, 21.072; este é o balance. Un dos obxectivos destes programas era a creación de emprego; vostede deu o dato de seiscentos e algo, pero non dixo exactamente en que sectores, nin que tipo de emprego, nin por cantos días, meses ou semanas é o emprego que se crea. Durante este período hai 489 permex menos, señora conselleira, e no tema de mulleres: 1.165 menos; aumentaron as dos homes, pero baixaron as das mulleres. Non nos imos cansar de dicirullo.

Un xornal, a mediados de xuño, daba o dato de que, na última década, Galiza ten oitocentos barcos menos —sesenta e seis no último ano— e que a frota galega precisa modernización



urxente e necesaria, porque é das máis vellas do Estado: trinta e seis anos de media, só comparable coa de Canarias.

Entón, con este balance do sector produtivo e extractivo do mar, vostede destina ao ditado, evidentemente, da Unión Europea e do Estado español, que son quen deciden que cousas se poden subvencionar e cara a onde ten que ir o sector: cara á súa desaparición e a crear estas alternativas de traballo que —insisto— terían que crearse desde outros ámbitos.

Logo, podíamos falar da dificultade na operatividade da xestión destes grupos de acción costeira por unha falta de modelo no inicio e unha falta de modelo no final. Porque está claro que no deseño da Unión Europea para o noso mar cada vez ten menos peso o sector produtivo e extractivo; o mar non como sector fundamental do noso país e como sector estratéxico para a creación de riqueza, emprego e benestar, senón como un sector complementario. Este tipo de grupos van a que o mar sexa un sector complementario. Non se parte da identificación de cales son os problemas e as necesidades do sector, non hai un proxecto de país, un proxecto que se dirixa aos profesionais do mar e aos problemas e necesidades identificados —como lle dixen antes—: recuperación de zonas produtivas, falla de semente, escasa produción dos bancos marisqueiros..., esas cuestións.

Teoricamente, se imos ás análises DAFO de cada un destes grupos, señora Quintana, que cada zona fai a súa diagnose de cal é a situación, encontrámonos que, por exemplo, o grupo de Vigo-A Guarda nas súas debilidades establece que falta relevo xeracional, que o produto da pesca ten unha deficiente comercialización e un escaso valor engadido, que hai diminución dos recursos pesqueiros por mortalidade, que falta investigación para saber como diminúen os recursos mariños, que hai unha xestión de recursos pesqueiros deficientes e que hai pouca visibilidade dos avances do sector da pesca artesanal. Na Mariña-Ortegal identifican: actividade pesqueira en retroceso debido á escaseza de recursos mariñeiros ou pesqueiros, diminución ou desaparición do marisco, menos embarcacións, perda de empregos e ingresos pola actividade pesqueira, perda de zonas de marisqueo, explotación abusiva dos recursos, falta de procesos de transformación que acheguen valor engadido ao produto final, baixos prezos en primeira venda, sector con baixo prestixio e dificultades para o relevo xeracional. No caso da ría de Arousa, establecen que hai problemáticas relacionadas coa produción e comercialización dos recursos, falta de servizos e estruturas deficitarias para a comercialización, falta de estratexias de comercialización e posta en valor dos produtos de maneira conxunta e escaseza de produtos en determinados momentos. Estas son as debilidades que detectan os propios grupos e que poñen nas súas análises DAFO.

¿Vostede cre realmente, señora conselleira, que cos proxectos que logo se presentan e se levan a cabo se soluciona algún destes problemas identificados polos propios grupos? ¿Vostede cre que con esa relación de produtos inconexos, que cadaquén presenta o seu proxecto inconexo sen ningunha relación, sen responder a ningunha estratexia e sen responder a ningunha planificación por parte da consellería, se resolven estas debilidades —linlle algunhas, podíamos lelas absolutamente todas— detectadas polos propios grupos? Dende o BNG cremos que non; cremos sinceramente que non van para nada ao fondo dos problemas que ten a xente do mar.



Vostede di que poñen millóns de euros á disposición do sector, catrocentos e pico proxectos aprobados. Gustaríame que me dixese cantos son executados e cantos están en funcionamento. Gustaríame que me dese ese dato, porque vostedes teñen ese hábito de dicir que poñen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...cartos á disposición do sector, pero póñenos no andel de arriba para que se vexan alí, pero que non sexan accesibles...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e que non revertan directamente no sector.

Logo seguirei coa miña intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Ben, o primeiro que temos que dicirle é que, a pesar da súa intervención, que cremos que, coma sempre, foi bastante triunfalista, describiu unha realidade que, por desgraza, non existe, porque o obxectivo fundamental destes grupos dentro da estratexia na que se enmarcan, a Estratexia europea 2020, que é a creación de emprego de calidade, a inclusión social e o crecemento económico, nós entendemos que non se está conseguindo este obxectivo fundamental.

Por certo, antes de entrar: paréceme unha irresponsabilidade que vostede fale da importancia que ten para a economía o emprego xerado pola posta en marcha destes proxectos só durante a creación do proxecto, cando o importante é que estes proxectos xeren emprego de calidade a medio e longo prazo, non unicamente no momento da constitución do proxecto.

Como digo, creo que este obxectivo fundamental que se marca dentro dos grupos de acción local non está sendo efectivo, e os datos cremos que non deixan lugar nin a dúbidas nin á interpretación. O sector está perdendo emprego ano tras ano; perde emprego e, ademais, o emprego que se crea cada vez é de peor calidade. Perdemos, dende que goberna o Partido Popular, o vinte e cinco por cento dos postos de traballo no sector do mar, e hoxe mesmo coñecemos as cifras de descargas e de ingresos nas lonxas galegas, que é a peor —nos primeiros seis meses deste ano— dos últimos cinco anos.



Tamén, outro dos obxectivos fundamentais que se enuncian nos fondos FEMP é a necesidade do relevo xeracional, e os datos tampouco dan ningunha dúbida: só perdemos xente moza no sector nos últimos tempos. Se facemos unha avaliación dos mozos que había no ano 2009 menores de vinte e cinco anos e dos que hai agora, vemos como pasamos de dous mil quiñentos a mil setecentos. Cremos que este é o marco xeral que temos que ter para debater, porque facendo ou debuxando unha realidade que non existe e que é mentira é moi difícil que cheguemos a avanzar.

Cremos que a falta de incorporación de xente moza ao sector ten problemas estruturais: hai perigosidade e non hai condicións materiais dignas para moita xente, e cremos, a verdade, que non hai ningún apoio da administración. Porque, cando estamos falando destes fondos, para nós é fundamental vinculalo tamén coa aposta e cos fondos da propia Consellería do Mar, e sabemos que a partida de incorporación de xente moza sempre ten uns niveis de execución baixísimos: do trinta e cinco ou do corenta por cento. O mesmo acontece coa situación das mulleres: non se está facendo absolutamente nada para mellorar a situación de enorme desigualdade que viven as mulleres do sector.

Nós cremos que as razóns, obviamente, desta situación non poden achacarse única e exclusivamente aos grupos de acción local. Son moitas as causas, pero en realidade cremos que a Xunta de Galicia leva moito tempo apostando pola reconversión oculta do sector. Esa é a realidade e cremos que é o debate fundamental, porque enuncian un obxectivos e, despois, as políticas que levan adiante non se corresponden en absoluto con eses obxectivos que se enuncian.

Se falamos dos propios grupos, a pesar de que está tamén moi vinculado co resto de orzamento, cremos que hai moitas cousas que deben mellorarse. Unha é a baixa execución dos fondos, que cremos que vostedes intentan negar ou dicir que non é unha execución baixa, pero para nós o nivel de execución destes fondos é moi baixo. Non pode ser admisible que no ano 2018 quedara, por exemplo, cerca do sesenta por cento dos fondos sen executar, que é máis da metade dos fondos. Sempre que temos este debate está falseado, porque falan de que se incrementan os fondos, pero non falan do baixo nivel de execución. Non serve de nada que se incrementen os fondos se despois temos estes niveis de execución tan baixos. Cremos que a Consellería ten que facer unha revisión crítica de por que nos atopamos neste punto, por que sistematicamente ano tras ano hai estes niveis de execución tan baixos dos fondos europeos e tamén dos propios fondos da Consellería. Cremos que sempre se utilizan argumentos como escusa, como o tema da dificultade da tramitación das axudas —e nós concordamos—, pero xa é hora de que non se repita unha e outra vez que hai un problema e que hai que simplificar as axudas, senón de que se faga algo, que se tome algunha medida para que realmente se remate con este exceso de burocracia.

Despois, cremos que outra das eivas principais destes grupos é un pouco que falta unha acción política concreta do Goberno para que os proxectos vaian encamiñados realmente a defender os obxectivos que se enuncian. O problema é que creo que non temos acordo neste caso; o noso grupo non ten acordo co grupo do Goberno sobre cales deben ser eses obxectivos fundamentais dos fondos. Para nós o que está claro é que deberían servir para mellorar o noso modelo produtivo, pero non para substituílo, que cremos que é o camiño que se está



seguindo un pouco nos últimos tempos. Porque, de feito —como xa se lle dixo—, non pode ser que a gran parte dos proxectos vaia encamiñada á hostalería e ao turismo. Ademais, é que falamos de máis da metade dos proxectos encamiñados para este sector de hostalería e turismo: no ano 2017, trinta e nove dos setenta e cinco proxectos; no ano 2018, vinte e catro dos trinta e oito proxectos. Esa é a realidade dos grupos de acción local e iso é o que hai que avaliar.

Para nós é un erro entender que o crecemento das comunidades pesqueiras vai vir asociado única e exclusivamente ao turismo; de feito, cremos que, lendo as memorias, hai un sobredimensionamento evidente destes proxectos —como digo— hoteleiros e de restauración. Apóstase polo turismo, pero tampouco hai ningún tipo de reflexión sobre a necesidade de desestacionalizar o turismo. O turismo está unicamente centrado nos meses de verán en Galicia e tampouco se está facendo nada para incidir nesta cuestión.

Despois do turismo, o segundo punto onde están máis destinados os fondos é no sector da transformación, pero, se vemos os fondos destinados á comercialización e á pesca, é unha porcentaxe moi baixa. Nós cremos que aí é onde debería cambiar a liña política do Goberno: ese debería ser xustamente —o que ten unha porcentaxe máis baixa— o que tivese a porcentaxe principal, porque debe ser a prioridade a creación de emprego directamente no sector; cremos que a maioría debería ir para o sector extractivo. Non entendemos como, por exemplo, se facemos unha avaliación, cando se fala sempre da importancia de mellorar a produtividade das embarcacións, vemos que nestes anos —do 2016 ao 2018— hai un só proxecto adicado a mellorar unha embarcación que contou con mil douscentos euros, unha cifra —na nosa opinión— ridícula.

O mesmo cando fala do cambio climático —non me vou estender porque non teño tempo—: por enuncialo non se consegue nada; haberá que ver que proxectos concretos se fixeron para defender a loita climática e tamén que cuestións fixo a Xunta de Galicia —máis ben nada— para loitar contra o cambio climático.

Cremos que a Xunta de Galicia ten que ter un papel proactivo. Hai que respectar a autonomía dos grupos, pero non pode facer —na nosa opinión— o que está facendo agora, que é deixamento de funcións, porque se non hai ese labor de apoio directo da administración e de marcar esa orientación política, o que está acontecendo é que quen non son grandes empresas non teñen acceso a estes grupos de acción local. De feito, habería que revisar a imposibilidade que hai de financiar os propios proxectos, porque sabe que moita xente non pode facer un proxecto polo custo que conleva este proxecto, que se despois non se conseguise a subvención sería irrecuperable. Cremos que nisto hai que darlle unha volta tamén á propia normativa.

Despois, por último, cremos que isto tamén debería servir, por exemplo, para a recuperación dos nosos ecosistemas mariños, que están nunha situación moi dramática. Queremos aproveitar esta comparecencia para que nos responda a unha preocupación que nos parece moi importante no sector, que é tema dos lodos da dragaxe do río Lérez. Vostede dirá que isto non ten que ver coa comparecencia; para nós ten todo que ver: estamos falando dunha situación urxente, dunha situación que está preocupando a todo o sector e aos colectivos



ecoloxistas. Esta mesma fin de semana Ecoloxistas en Acción e a APDR denunciaron esta situación. Nós entendemos que levan semanas dando informacións contraditorias e que non están tendo absolutamente ningunha claridade con esta cuestión —na nosa opinión—, e cremos que debemos exixirlles claridade. Porque moitas veces veñen aquí dicir que defenden as nosas rías, pero despois, na práctica, vemos esta decisión, que a ver en que se concreta. Se dan marcha atrás cremos que é pola presión do sector, non pola súa propia vontade, porque as declaracións están feitas.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: O mesmo acontece coa mina de Touro e o mesmo acontece coa situación, en xeral, na que se atopan as nosas rías. Non serve de nada que se diga que se defende o sector cando despois están utilizando as rías como vertedoiros, que é o que está acontecendo dende hai demasiados anos.

Aproveitamos esta comparecencia —e remato—, porque nos parece fundamental e importante que a conselleira de Pesca responda ás necesidades e ás cuestións que lle está demandando o propio sector.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día conselleira.

Ben, pois xa ten vostede foto, xa ten vostede o titular para a non-campaña na que están inmersos. Pero eu hoxe tamén lle vou dar un titular, mire (*A señora Toja Suárez amósalles un documento aos membros da Cámara.*): «As confrarías cuestionan que o GALP non adique máis fondos ao sector pesqueiro».

Non é que llo digamos nós, que llo diga cada unha e cada un dos voceiros que acabamos de estar aquí ou que imos estar aquí, senón que xa llo din as propias confrarías: adícanse poucos fondos dos GALP ao sector pesqueiro, moi poucos. Vostede creo que falou aquí dun trinta e tres por cento (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), un corenta e dous por cento, pois iso deixa seis de cada dez que non van ao sector pesqueiro, sendo uns fondos que proceden do Fondo Marítimo e Pesqueiro; parécenos para ter en conta.

Por outro lado, ademais, na primeira xornada da Estratexia de desenvolvemento local participativa do FEMP estableceuse a estratexia na que se basearían, precisamente, eses grupos de acción, e un dos obxectivos establecidos era a modernización do sector. Xa a



voceira do BNG dixo que, como media, as embarcacións galegas teñen arredor de trinta e seis anos de idade. Nós o que lle preguntamos é: con eses números, ¿cantos euros deses proxectos dos GALP se destinaron á modernización de motores? ¿Cantos? É unha pregunta fácil, a ver se vostede me pode dar unha resposta, sobre todo tendo en conta que nos orzamentos da Consellería do Mar hai unicamente douscentos mil euros, duns orzamentos de cento sesenta millóns de euros —¡douscentos mil euros!—, para a modernización de motores. Entón, esa é a primeira pregunta que lle facemos.

A segunda é relativa ao relevo xeracional; pensamos que é unha cuestión fundamental de preocupación, e está, ademais, no eixo 3, crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes, no Plan estratéxico 2015-2020. O que lle preguntamos é: deses douscentos sesenta e sete —paréceme que dixo— traballos directos que se xeraron a través dos GALP, ¿cantos foron traballos no mar e cantos foron traballos en terra? Porque son douscentos sesenta e sete, pero o que tememos é que a maior parte deses empregos se desenvolven en terra, e aquí xa se deron moitos exemplos do tipo de establecementos que se crea: os *coffees*, as pousadas, as sendas interpretativas... A este paso, parece que procede máis o conselleiro, o señor Román Rodríguez, de Turismo, ou o señor Conde, de Comercio, que que veña vostede, a conselleira do Mar, falarnos dos fondos dos GALP, porque o destino final vai cara a outros sectores, como poden ser turismo, comercio e hostalería, e non tanto cara ao mar.

Polo tanto, a segunda pregunta que lle facemos é: deses empregos directos que vostede di que se crearon, ¿cantos se crearon directamente no mar, e non en terra? Preguntamos isto, basicamente, porque, de acordo coa Enquisa de poboación activa, nos últimos anos, dende que Feijóo goberna, perdeuse un de cada cinco postos que había directamente relacionados co mar, ¡un de cada cinco! Pero é que no caso das mulleres o dato é aínda máis preocupante, porque se reduciu un de cada tres postos de traballo dende que goberna Feijóo en Galicia. Se tivésemos en conta os permisos de marisqueo —dos que xa se falou aquí—, tamén se perdeu un de cada tres para o caso das mulleres; son as mulleres as que asumiron na súa maior parte —digamos, absolutamente— a perda dos permisos de marisqueo: 1.165 permisos menos dende 2009, que había 3.887, ata finais de 2018, que había 2.722. Xa lle digo, estes datos son do Instituto Galego de Estatística, datos oficiais do Instituto Galego de Estatística: 1.165 permisos de marisqueo menos, e un de cada tres asumido polas mulleres.

Polo tanto, o que lle pedimos tamén é que intente darnos respostas para que a comparecencia poida ser —digamos— construtiva e que non acabemos discutindo sobre a orixe do dato. Porque moito temo que, realmente, estes fondos que ao final se destinan aos GALP non están cumprindo co obxectivo que deberían ter, e lamentamos que se estea desaproveitando unha oportunidade. Porque é unha oportunidade a que nos ofrece estes fondos, pero estase desaproveitando, xa que así o reflexan os datos da Enquisa de poboación activa e mesmamente os datos tamén relativos aos permisos de marisqueo.

Nós entendemos que se está perdendo unha oportunidade, e —como lle dicía— non llo dicimos unicamente nós, senón que o están a dicir tamén as confrarías (*A señora Toja Suárez amósalles un documento aos membros da Cámara*): «Cuestionan que o GALP non adique máis fondos ao sector pesqueiro. Os patróns maiores non están de acordo coa forma de funcionar



do GALP porque as subvencións non van á pesca directamente. (...) Discrepan porque o GALP se creou para mellorar a vida dos pobos mariñeiros, pero gran parte dos fondos públicos (...) nos últimos anos recibíronos empresas vinculadas ao sector turístico». Isto é o que di, máis ou menos, esta noticia dun medio coñecido, que vostedes coñecen ben.

É verdade que temos un problema de perda de persoas ocupadas e de perda de permisos de marisqueo; temos un problema que entendo que está moi relacionado coa baixa execución da Consellaría do Mar e deses fondos europeos. Aquí, o programa 723A, que é un programa que ten por destino a maior parte dos fondos dos orzamentos da Consellería do Mar, deixa sen executar tamén seis de cada dez euros. Nese programa están as partidas relativas ao relevo xeracional, están as partidas de modernización de motores e están partidas como a de mitigación do cambio climático.

Vostede aquí falounos do cambio climático; a min gustaríame tamén que hoxe, se vostede pode, nos explicase como se mitiga o cambio climático con oitenta mil euros; de cento sesenta e pico millóns que ten a Consellería do Mar, para a mitigación do cambio climático oitenta mil euros. Entón, está moi ben que vostede o mencione nesta comparecencia, pero tamén entendemos que son precisos recursos, porque é verdade que hai un problema, pero hai que destinalle fondos, e oitenta mil euros parécennos totalmente insuficientes.

Ademais, o que vemos deste programa e doutros, en xeral, é que, cando chega máis ou menos o final de ano, hai partidas que poderían ser importantes, como axudas a xoves pescadores, que van cara ao programa 723A, que é de medidas de comercialización. É dicir, hai unha execución moi baixa e, aínda por riba, estas partidas, cando está chegando fin de ano, alá polo mes de setembro, que aínda habería certa marxe para poder realizar algún tipo de actividade ou anticipación proactividade e para intentar realmente que se pedisen estas axudas, é máis fácil destinalas á comercialización que levar a cabo actividades para que a xente pida esas subvencións. Polo tanto, entendemos que —como lle dicimos, e xa se mencionaron aquí distintos locais, *coffees*, pousadas, *gourmets*, sendas interpretativas...— parece máis que o obxectivo fose que o sector do mar descansase que que estivese en activo, polos destinos destas partidas.

Pero xa que os proxectos están baseados no desenvolvemento local e pensados para contribuír e acadar os obxectivos estratéxicos, hoxe tamén lle preguntamos por que non marcan como obxectivo estratéxico recuperar o número de permisos de marisqueo; ese sería un bo obxectivo estratéxico, e recuperar tamén o número de persoas ocupadas no mar, porque ese número de persoas, dende que vostedes gobernan, non fixo máis que descender. Porque o certo é que se realmente estes GALP teñen como obxectivo e están enmarcados dentro do que é o desenvolvemento local e pensados para contribuír a acadar eses obxectivos estratéxicos, poñamos como obxectivo...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: ...recuperar o número de persoas ocupadas no mar e poñamos como obxectivo tamén recuperar o número de permisos de marisqueo. Non é que o digamos nós, senón que está recollido —como lle dicimos— no seu plan estratéxico.



Por outro lado, a prioridade 4 do Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro inclúe, no seu primeiro apartado, o aumento de valor, a creación de emprego, a atracción de mocidade, a promoción da innovación, etc. Vemos que ese Fondo Marítimo e Pesqueiro pode ter como destino, precisamente, incorporar esas persoas ao mar, pero o que vemos é que os obxectivos que se establecen non son suficientes para recuperar eses permisos nin esas persoas ocupadas.

Non me vai dar moito máis tempo, polo tanto, agora plantexámoslle esas preguntas: ¿que parte dos empregos directos foron de mar, non doutro tipo de actividades? Esa pregunta xa lla formulamos por escrito e non obtivemos resposta, polo cal sería estupendo aproveitar que hoxe vostede está aquí para que nos dea resposta. ¿Que parte vai tamén á modernización de motores? E, logo, tamén lle quería preguntar, aínda que case non teño tempo, pero para que vaia pensando na resposta, por que manteñen no GALP 3 da Costa da Morte —como xa lle preguntaba o señor Casal— como presidente esta persoa dunha confraría que non é a máis representativa da Costa do Morte en número de embarcacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora TOJA SUÁREZ: ...e que tampouco é unha persoa representativa do sector pesqueiro, porque, como vostede sabe, está xubilada.

Máis nada polo de agora. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días. Grazas, presidente.

Señorías.

Señora conselleira, moitas grazas por vir, por petición propia, comparecer hoxe á Cámara, ao Parlamento, nun exercicio de transparencia, e falar dos GALP. Porque, ante as intervencións que eu escoitei aquí...

Ben, vostede entende ben o que significan os GALP, explicou claramente como funciona a Xunta e o Goberno galego como ferramenta para que estes fondos cheguen ás persoas que os demandan e ás vilas costeiras. Polo tanto, eu vou comezar polo final da súa intervención. Vostede falou da cogobernanza, cada vez maior e máis reeditada por parte da Xunta, e falou dunha nova etapa con trescentos un proxectos aprobados. Pese a quen lle pese, iso é unha realidade, iso funciona. A Xunta de Galicia e esta consellería, dun tempo a esta parte, sobre todo a partir do ano 2009, comezou a traballar con estes GALP, e están dando resultados. É, polo tanto, unha xestión acertada, comprometida e con autonomía, cunha grande autonomía, por parte das persoas que solicitan estas axudas.

Os retos de futuro: a necesaria simplificación e axilización na aplicación do novo fondo, que deberá entrar en vigor no 2021. Falan vostedes de que non se fai autocrítica; a conselleira falou dos retos do futuro e das necesidades que hai que mellorar para acceder a estes fondos.



As vantaxes: oportunidades para os mozos e para as mozas —vostedes ríronse aquí dalgunhas vías de negocio que crean persoas que viven nas vilas costeiras—, máis emprego e cohesión social nas comunidades pesqueiras, impulso do patrimonio ambiental e cultural, turismo mariñeiro de diversificación —¿por que non?— acompañado coa actividade pesqueira, biotecnoloxía, loita contra o cambio climático e moitas outras actividades.

Non incidirei nas cifras, das que deu conta ben a conselleira, pero si teño que facer unha serie de apreciacións e contestacións aos voceiros dos outros grupos.

Señor Casal, toda a benevolencia, pero dígolle que o Google, neste caso, non lle funcionou, porque vostede fixo un Tetris ou un puzzle de cousas que leu na prensa co seu discurso preconcebido, e non lle vale falar de chiringuitos para todo. Este discurso que escoito eu hoxe falando do sector pesqueiro ou do sector do mar escóitoo na industria, escóitoo cando fala de enerxía, e sempre ten vostede ese mesmo mantra. Polo tanto, así non vai poder aprender; con ese discurso preconcebido e xa directamente botándolle en cara á conselleira algunhas cousas, que ademais recoñeceu vostede que non coñece, así non vai aprender.

Eu teño que negar a maior, absolutamente; o que dixó aquí vostede son acusacións que eu creo que non están para nada fundamentadas e que están moi fóra do discurso do sector do mar e dos propios GALP. Polo tanto, imos darlle algunha oportunidade máis, xa que vostede agora está nese Grupo Mixto ou dentro de En Marea, porque o nome si que o aprende ben, pero o que é o GALP non o aprendeu moi ben. Ben, eu creo que vostede cambiará de opinión cando coñeza ben a que se destinan estes fondos, como o fai a propia Consellería, que son exactamente e como van cara ao futuro.

Á señora Prado teño que dicirlle que tivo aquí unha absoluta falta de respecto por moitas persoas que teñen toda a lexitimidade e toda a necesidade de emprender un negocio ou facer algunha actividade con estes fondos e que teñen que ver coa dinamización dunha vila costeira. Riuse aquí vostede dun montón de proxectos novos que hai, que a xente vive destas cousas. Entón, creo que se pode convivir. Estes GALP falan de dinamización e falan de diversificación, iso tamén o ten que ter vostede en conta. Claro, imos ter que someter aquí a votación tamén como se teñen que chamar os diferentes negocios que abrimos, porque algúns si que valen e outros non, malia que se dediquen exactamente ao mesmo. Polo tanto, eu creo que tamén ten que ter un pouco máis de fondura no debate e ten que ter un pouco máis de consistencia. É que me fala aquí vostede dunha lista enteira dos nomes que empregan as persoas que abren negocios con estes fondos, e a min non me parece nada serio. Polo tanto, creo que vostede é a que ten que baixar á realidade e saber como están dinamizándose esas vilas, como axudan aos mozos e ás mozas, como axudan tamén en moitos casos ás mulleres e como axudan ás familias, que dun tempo a esta parte ven como vai evolucionando tamén o sector da pesca noutros ámbitos. Eu creo que vostede ten que —insisto— baixar un pouco á realidade e saber que estes fondos o que buscan precisamente é iso.

E tamén falou aquí a conselleira: hai unha porcentaxe elevada de fondos que van directamente tamén aos sectores extractivos dos que falou vostede. ¿Están en contra dos GALP? Non foron capaces, quizais, no Bipartito de sacalos adiante. Polo tanto, eu creo que, ao mellor, se vostede non está en contra de que as persoas que o solicitan perciban estas



axudas, pois entón debería dicilo claramente. Porque eu creo, ademais —e falei antes—, que isto ten unha absoluta autonomía, e é interesante e importante que saibamos que é o que demandan as persoas que tamén queren fixar poboación e que queren vivir nas vilas pesqueiras.

E fala de relevo xeracional: ben, hai outros proxectos tamén adicados, de parte da Consellería, a este tema; outras partidas. Os GALP tamén van para iso, pero tamén hai outros proxectos, que hoxe non é o tema; non falou a conselleira disto porque vén falar exactamente destes GALP.

Señora Quinteiro, vostede falou de empregos indefinidos e da calidade do emprego. Ben, algunhas condicións deses GALP son esas, e precisamente agora xa están —como dicíamos— mellorando e aumentando as condicións para que as necesidades que nós apoiamos e solicitamos sexan unha realidade con esas axudas. Mire: vostedes cambian de grupo, pero a cantinela é a mesma, e vén falar aquí do seu libro; si, señora Quinteiro, xa houbo unha pregunta para contestar o tema do que vostede falou aquí: a conselleira, no pleno pasado, contestou exactamente o que vostede acaba de preguntarlle, con total transparencia. E como quere manter ese debate, quere manter enriba da mesa ese tema e quere enredar, señora Quinteiro, ten que sacalo outra vez nesta comparecencia. Mire: a señora conselleira contestou con total transparencia no pleno pasado; polo tanto, eu creo que, se fala vostede de debate falseado, quizais debe mirar vostede máis no seu grupo e non aquí —como digo—, que fixo a conselleira un exercicio absoluto de transparencia.

Creo que frivolizan vostedes, que simplifican vostedes. Este tema pode gustarlles máis ou menos. A conselleira fixo autocrítica, dixo que hai cousas que mellorar, pero frivolizaron absolutamente nas súas intervencións. Miren: só fixándonos no período FEMP analizado nos informes 2016-2018, o sector pesqueiro promoveu un total de cento sete proxectos, representando o corenta e dous por cento do total dos proxectos. Entón, non digan que non hai nada vencellado ao sector pesqueiro; hai proxectos que están directamente vencellados ao sector pesqueiro, pero unha vila costeira ten moita diversificación e dinamización para saír adiante e seguir sobrevivindo. ¿Por que vostedes critican ferozmente os negocios e as liñas de traballo vinculadas ao turismo mariñeiro? Non entendemos. E industrial tamén, a promoción da cultura mariñeira; nós cremos que iso tamén vai servir moito para a dinamización desas vilas.

Cabe lembrar, ademais, tamén que son os propios grupos os encargados de ordenar as prioridades e axustar os fondos destinados a cada unha delas a través das estratexias de desenvolvemento local participativo. Polo tanto, hai autonomía, e creo que, ademais, nestes fondos vense moito as necesidades e as vontades das persoas que viven nesas vilas para investilos.

No caso das persoas das que falan nalgunha confraría e de quen está á fronte dun GALP, miren: son as asociacións as que escollen os representantes; as propias asociacións, non a conselleira. Polo tanto, eu creo que son as que participan e forman parte dos GALP como asociación. A presidencia do GALP da Costa da Morte, neste caso, recaeu nunha confraría, e hai ben pouco, ademais, houbo eleccións e recaeu de novo nesa persoa. Polo tanto, non boten



vostedes aquí a culpa ao Goberno de todo o que vostedes queren sacar a debate ou non lles gusta, porque iso non é certo. E insisto: no tema dos GALP hai unha absoluta autonomía na utilización deses fondos.

Señora Toja, ¿como pode vostede falar de campaña cando estiveron dez meses Sánchez e o seu aliado Redondo de campaña electoral para volver revalidar unha maioría nas urnas? Porque estiveron de campaña electoral; porque deixaron, ademais, nun caixón temas moi importantes para Galicia. ¿Porque para que serve o Ministerio de Transición Ecolóxica, que o que fai é soamente facer anuncios para prexudicar a Galicia? Porque fala tamén da importancia do medio ambiente, pero é que nós entendemos que dende o Goberno central o que están facendo é ir na contra.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Polo tanto, eu creo que están mesturando moitas cousas, pero non foi atinada esta intervención por parte dos voceiros dos grupos. Porque creo que os GALP e os FEMP en Galicia, unhas axudas de Europa que a Xunta establece como ferramenta para canalizar e que cheguen á xente, son moi beneficiosos para a nosa comunidade autónoma, moi beneficiosos para as vilas costeiras e para o sector pesqueiro. Polo tanto, eu creo e espero que vostedes, na súa seguinte quenda, poidan aclarar algunhas cousas que dixeron aquí, que a maioría non son certas.

Señora Toja, unha apreciación, que fala vostede sempre do 723A: sempre fala vostede da execución desa partida, pero nos orzamentos vostedes continuamente solicitan que se reduza. Polo tanto, nunca entendemos moi ben como vostedes nese debate están sempre con esa contradición. E mire: dígolle, ademais, que a poboación ocupada na pesca extractiva en Galicia aumentou un sete por cento do 2015 ao 2017, e a frota das artes menores foi, ademais, a que máis puido contribuír a ese incremento de ocupación. Polo tanto, tamén me gusta aclarar este tema.

Señora conselleira, todo o noso respecto aos novos emprendedores, aos investimentos que se fan con eses fondos GALP e a que vostede, ademais, estea implicada no relevo xeracional, no emprego de mozos e mozas e na dinamización e diversificación das vilas costeiras. Polo tanto, eu creo que deixaron algunhas preguntas enriba da mesa sen ningún sentido, pero creo que vostede ten moi claro o que veu explicar hoxe aquí con total transparencia —insisto— e, polo tanto, nós agradecemoslle moito que vostede faga este exercicio de transparencia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.



Ben, eu teño que empezar, necesariamente, agradecéndolle á señora Egerique as súas palabras, porque dan un pouco de ánimo. A verdade é que despois xa de oír as intervencións dos voceiros de todos os grupos, estábame sentindo aí moi pequeniña.

Teño que dicilo con claridade, señor Casal: vostede empezou a súa intervención falando de que tivésemos benevolencia, e eu podo entender que ao sector pesqueiro hai que quererlle, hai que traballar moito con el e é difícil entender moitas cousas. E eu, por suposto, sempre respectarei todos os voceiros e todas aquelas persoas que se queiran acercar ao sector pesqueiro e que queiran coñecer en detalle cales son as súas necesidades e as súas cuestións. Pero a verdade é que se empeza pedindo benevolencia e xa insulta os grupos de acción local do sector pesqueiro chamándolles chiringuitos, mal empezamos. (*Murmurios.*) ¡Mal empezamos! (*Aplausos.*)

Vostede veu aquí pedir información, e eu voulle dar, por suposto, aquí, no meu despacho ou fóra cando poidamos falar, toda a información que vostede precise, que para iso estamos. Pero eu creo que na miña primeira intervención fixen referencia ao regulamento que desenvolveu os grupos de acción costeira do ano 2006 e ao regulamento en relación cos grupos de acción local do sector pesqueiro, que é o 508/2014, que é o que está actualmente en vigor. Citei eses dous regulamentos e citei incluso os artigos do regulamento onde se desenvolve que son os GALP, cales son, como teñen que funcionar e cal é o obxectivo fundamental que se busca con estes grupos de acción local do sector pesqueiro.

Eu podo entender que a filosofía de determinados deputados presentes nesta sala non concorde coa política pesqueira da Unión Europea; podo entender esa filosofía. Pero está claro que todos, que vivimos en Galicia, levamos moitos anos sabendo que existen os grupos de desenvolvemento rural, que xeraron moita riqueza nos contornos dos núcleos rurais, e era hora de que tamén a Unión Europea se acordase de que, á parte dos núcleos rurais, existen os núcleos costeiros, e de que habilitase unha liña específica para que as zonas costeiras tamén se puidesen ver beneficiadas de fondos comunitarios.

A intervención dalgúns dos que aquí falaram a min suscítame moitas dúbidas de que leran o regulamento e de que coñezan o obxectivo destes artigos aos que fago referencia do Regulamento 508, do artigo 58 ao 64; non son tantos, son fáciles de ler. O obxectivo que buscan é a diversificación das zonas costeiras, unhas zonas onde todos os países que formamos parte da Unión Europea temos entendido que é difícil que quede a vivir alí a poboación. Polo tanto, entre todas as administracións temos que facer todo o posible para facer atractivos eses lugares, para que a xente poida ir vivir e poida facer un desenvolvemento económico. Ese é o obxectivo que se busca a través destes grupos de acción local de pesca. ¿E como se busca? Precisamente facéndoo dende abaixo, dende a propia sociedade, que non interveña a administración. E así é que cada grupo de acción local do sector pesqueiro está formado por todas as asociacións que di o regulamento que teñen que formar parte, e establece que o sector pesqueiro ten que ter unha representación fundamental, que establece no corenta e nove por cento. Por iso todos os grupos de acción local do sector pesqueiro teñen como presidente un representante do sector pesqueiro.

Pero, indo máis alá, non se pode buscar soamente con estes fondos dos grupos de acción local do sector pesqueiro financiar todas as actividades que teñen que ver co sector



pesqueiro, marisqueiro e acuícola; o sector da pesca, o sector do marisqueo e o sector da acuicultura xa teñen os seus propios fondos. Este é específico para a dinamización das zonas costeiras, de aí que esa dinamización e esa diversificación xurdan determinados negocios, cento vinte e un en concreto, que creo que non é un tema menor cando estamos falando de núcleos costeiros; creáronse cento vinte e un negocios dende o ano 2016 ao ano 2018. É evidente que o sector pesqueiro tamén ten capacidade para presentar proxectos dentro destes grupos de acción local de pesca, por suposto que si; así, máis do corenta e dous por cento dos proxectos aprobados foron presentados polo propio sector pesqueiro.

Vostede preguntábame moitas cousas que dicía que cheiraban mal. Mire: cada grupo presenta a súa propia estratexia de desenvolvemento local participativo, esa estratexia é aprobada e dentro dela establécense cales son as prioridades que se van financiar en cada tramo de costa onde funciona ese grupo.

Dise tamén —e sáese aquí falando dun titular— que o sector pesqueiro está descontento porque non ten suficientes proxectos. Hai diferentes grupos que están funcionando a diferente ritmo, e ese grupo precisamente é o que leva xa practicamente esgotado todas as liñas de crédito que ten para desenvolver determinados proxectos, e agora terán que despuntar os proxectos do sector pesqueiro; pero terá que ser tamén o propio sector pesqueiro o que presente proxectos que se encadren dentro da estratexia que eles teñen aprobada e que logo poidan ser realmente financiados porque cumpren todos os requisitos. Todos estes proxectos son auditados por equipos externos e son verificados por un equipo de verificadores. Todos estes proxectos son financiados con parte de fondos europeos e, polo tanto, teñen un control financeiro exhaustivo, dende o minuto un ata cinco anos despois xa de estar operativo ese proxecto.

Claro, aquí dixéronse, neste tempo de intervención dos diferentes grupos, cousas que a min me doeron, porque que se poida criticar a iniciativa que teñen determinados mozos de facer determinados proxectos nas zonas costeiras de verdade que é triste. Porque esa xente está poñendo a súa cabeza, arriscando o seu capital, buscando movemento económico para a súa zona e apostando por quedar a vivir na súa zona, que é o que teñen que facer, e creo que o único que merecen de nós, dos políticos, é o máximo respecto. *(Aplausos.)*

A señora Prado dicía que tiñamos aprobados moitos proxectos, pero que cantos se executaban. Eu na miña primeira intervención díxeno, pero, por se non tomou nota, volto ler exactamente o que dixen: «Cómpre agora facer o primeiro balance deste período FEMP. Dende que no 2016 se publicou a primeira orde ata finais do 2018 xa se aprobaron trescentos un proxectos, dun total de seiscentos corenta e nove presentados, por un importe total de dezanove millóns de euros. Importante é que, do total de proxectos aprobados pola Consellería do Mar» —porque, señor Casal, o grupo aproba os proxectos e logo veñen pasar unha auditoría á propia Consellería, que é a que di se todos os proxectos aprobados polos GALP cumpren os requisitos establecidos nas súas estratexias— «saíron adiante o oitenta e catro por cento, e cómpre sinalar que conseguiron mobilizar un total de corenta e tres millóns de euros de investimento, dos cales o corenta por cento son de axuda pública». Isto foi a miña primeira intervención, supoño que agora xa tomaría nota.



Claro, a señora Prado di aquí que son cuestións metidas con calzador; eu digo e repito: o máximo respecto para todas aquelas persoas que queiran apostar por desenvolver a súa actividade económica nunha zona costeira de Galicia; grazas a elas imos ser capaces de manter vivo todo o noso litoral. ¿É tan difícil entender que, se hai movemento económico, vai haber máis movemento na xeración de emprego, tamén directamente nos postos extractivos? (*Murmurios.*) ¿É tan difícil de entender iso? ¿É tan difícil de entender que, se temos restaurantes adecuados para os turistas que nos visitan, que din que o segundo motivo polo que nos visitan é a gastronomía e que están dispostos a pagar pola calidade dos nosos peixes e mariscos, eses restaurantes e eses bares que se abran nesas zonas costeiras van incrementar o valor dos produtos nas nosas lonxas? ¿É tan difícil de entender iso? Ben, pois se para vostede é difícil, eu pídolle que saia visitar pobos como Corcubión e vexa como cambiaron, que vaia visitar Fisterra e vexa como cambiou, ou que vaia visitar calquera dos pobos onde se desenvolveron todos eses proxectos. Incluso Farnet —xa o dixen: Farnet é unha entidade da Unión Europea que supervisa todos os traballos que se fan nos diferentes GALP de todos os países— pon de maneira constante como exemplo a Galicia. Cada vez que Farnet convoca premios para os proxectos desenvolvidos no contorno do eixo 4, sempre hai proxectos de Galicia.

Eu creo que o que podemos facer como galegos é sentirnos, precisamente, orgullosos do que está facendo o sector pesqueiro, pero tamén todos os axentes sociais e económicos de todas as zonas costeiras de Galicia, porque somos un exemplo en España e somos un exemplo en toda Europa.

A señora Quinteiro tiña preocupación polos fondos. Señora Quinteiro, eu non quero poñer desculpas de mal pagador nin moito menos; eu describo a realidade, e a realidade é que este programa operativo custou moito poñelo en marcha. Somos a comunidade autónoma que vai primeira en execución. Eu pódolle dicir que, nestes momentos, dos fondos europeos da pesca levamos executados cento corenta e dous millóns de euros, o que supón unha media de corenta e sete millóns e medio de euros ao ano, e está dez millóns por riba do que teríamos que facer coa execución dos trescentos setenta e un millóns que temos adxudicados para todo o programa operativo. Polo cal, custounos arrancar —recoñecino dende o minuto un— e tivemos moitas dificultades, seguimos dicindo que este fondo é necesario que se flexibilice, porque fai moi complicado que o sector poida acceder aos fondos e é moi complicada administrativamente a súa tramitación; pero, de calquera xeito, estamos por riba da execución media que teríamos que ter durante todos estes dez anos do programa operativo.

Á señora Toja eu xa non sei, despois xa do que lle dixo a señora Egerique, que máis dicirlle. Está empeñada cunha partida presupostaria, e uns días di que non a executamos e outros días quere quitar fondos desa partida para destinalos a outra. Señora Toja, todos os proxectos que se presentaron para mellorar a seguridade a bordo das embarcacións foron aprobados; todos os que cumprían os requisitos. Non me veña vostede dicir agora aquí que lle diga eu cantos motores se modernizaron coas axudas dos GALP. As axudas dos GALP non son para modernizar motores.

Vostede sabe coma min —porque non é como o señor Casal; xa leva anos de voceira de Pesca— que temos un problema co sector pesqueiro, e é o problema da modernización dos



barcos, que a Unión Europea non nos está deixando financiar a modernización deses barcos. E vostede sabe que Galicia, como rexión que foi quen de facer o ditame que se aprobou por unanimidade do que debería ser o novo fondo europeo marítimo da pesca, o primeiro que puxo é a necesidade de financiar novos barcos que melloren a habitabilidade a bordo e que melloren tamén a eficiencia enerxética. Polo tanto, nós seguimos nesa liña, pelexando en Bruxelas, que é onde o temos que facer, defendendo as nosas posturas con argumentos e buscando cada vez máis socios doutros países que tamén apoiem os nosos argumentos.

En definitiva, eu vin hoxe á mañá aquí explicar como están traballando os oito grupos de acción local do sector pesqueiro, aos que quero dende aquí tamén felicitar, porque o están facendo moi ben, son os grupos que están executando mellor os fondos europeos.

Dende logo, gustaríame que saísen vostedes de aquí con ese ánimo de sacar da cabeza que nin son chiringuitos nin a Consellería pon alí ninguén a dedo, porque os grupos se organizan dende abaixo: son as propias asociacións as que deciden integrarse en cada grupo e é ese grupo de asociacións o que elixe o seu presidente. A Consellería e a Xunta de Galicia nin nomean nin quitan presidentes dos GALP.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial. Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Ben, primeiro quero chamar un pouco a atención ao señor Diego Calvo, que me reprende por dicir que represento o Grupo Político de En Marea, cando levamos tres anos escoitando «as mareas de Podemos». Iso pódese dicir cando se queira, pero cando un di que representa un grupo político, que é o que represento, chámame a atención; un pouco raro, pero en fin. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, é unha cousa distinta. Eu creo que unha cousa é representar un grupo político, e a iso ten dereito; outra cousa é un grupo parlamentario.

O señor CASAL VIDAL: Non, eu falei de grupo político.

O señor PRESIDENTE: Un grupo parlamentario é outra cuestión.

O señor CASAL VIDAL: Vamos deixalo, que non merece a pena. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Vale, pois así. Aí vamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
(Risos.)

O señor CASAL VIDAL: Señora Egerique, é evidente que eu non sei moito deste sector, é evidente —de momento—, pero o autoengano e a ocultación non son unhas prácticas que axuden a chegar ao coñecemento, e é o que parece que vostede practica. Porque das cousas



curiosas das que eu falaba non me respondeu a case ningunha; a conselleira si, un pouco máis, teño que recoñecelo.

Pero a realidade é que non se respondeu, por exemplo, por que a maioría das asociacións que pertencen como socias destes GALP non teñen nada que ver co sector pesqueiro. Vostede di que o regulamento di que o corenta e nove por cento; pois a súa propia web indica que a maioría non pasa do vinte por cento. ¿Que pasa, que non se cumpre ese decreto tan claro, ese regulamento tan claro? Eu leo o que poñen vostedes na súa web; a maioría está entre o dezaioito e o vinte e un por cento, e vostede di que ten que ser o corenta e nove. (*A señora Quintana Carballo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, é que, na parte social, unha asociación de amas de casa moita relación directa co sector pesqueiro non ten. Si, xa: diversificación; pero o corenta e nove por cento ten que ter relación directa co sector pesqueiro. Eu non digo que pode ser que algunha desas asociacións teña algún primo mariñeiro, pero non parece o máis doado.

A cousa queda clara: ¿de onde veñen os cartos? Os cartos veñen do Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro. Creo que con isto debería haber pouco máis que dicir sobre o inadecuado da implementación dos fondos. E turismo mariñeiro si, ¿pero que ten que ver arranxar unha terraza —que, ademais, vende croquetas e outras cousas— co turismo mariñeiro? Porque precisamente a terraza da que falamos, que parece que é moi famosa, non vende precisamente produtos mariñeiros de calidade da zona —despois dígolle o nome, métese en TripAdvisor e xa verá os comentarios— e, encima, sen practicamente creación de emprego. (*Murmurios.*)

Diversificación si, pero dentro do sector pesqueiro. Estamos dentro do fondo europeo dedicado ás políticas do mar, ás políticas mariñeiras; entón, diversificación si, turismo mariñeiro si, pero que teña relación directa co sector. Porque para o resto de actividades —evidentemente, o turismo nas zonas de costa é imprescindible— penso que xa hai outras instancias e outros fondos, tanto da Unión Europea como da comunidade autónoma, aos que se debería recorrer.

Non se pode dicir que se lles dá para arranxar terrazas porque non hai onde metelo, porque non hai iniciativas. Señora conselleira, vostede si que é moi competente neste sector e coñece de sobra que, se non hai iniciativas, hai que incentivalas; tamén é responsabilidade dos políticos. Porque non me poderá dicir vostede que non se lle pode sacar máis valor engadido á pesca artesanal, que non se poden facer outros tipos de comercialización directa, tanto física como *online*. ¿Como que non? Entón, o raro é que, se non hai proxectos que traballen nesa liña, o Goberno non os incentive. Eu coñezo varias iniciativas, sobre todo na zona da Costa da Morte, verdadeiramente salientables.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Pois, ao mellor, se vostede invita os fillos ou persoas do contorno dos mariñeiros e dos mariscadores artesanais a visitar esas iniciativas, ao mellor empezan a pensar.



O outro día o escoitaba en Lira un señor que lle preguntaba a outro: ¿Oe, por que lle chaman caballa á xarda? Porque a xarda se vende a tres euros e a caballa a quince. ¡Pero se é o mesmo peixe! Xa, pero é a imaxe de marca e o prestixio que implica unha marca. Ben, pois hai que investir en marcas, investir en comercialización, investir en márketing e investir no desenvolvemento de poder chegar directamente aos consumidores, que sería totalmente factible. Non pode ser que na lonxa se estea vendendo un produto a dous euros e despois se comercialice en Barcelona a dezasete ou dezaioito. O outro día, un mariñeiro que estaba alí en Lira tamén, procedente da costa de Cataluña, dicíame: «pescamos a metade, pero o prezo multiplicouse por tres, porque lle puxemos valor ao produto do peixe do momento, do peixe que sacamos de alí e que vendemos, efectivamente, nun bar alí, no náutico, no paseo marítimo».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Pois ese é o camiño. Aí ten que haber miles de iniciativas, e non pode ser que os cartos que están destinados á actividade pesqueira se utilicen en arranxar terrazas, ademais — parece ser —, de maneira maioritaria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Xa digo, esta información contrastareina e estou seguro de que vostede nola facilitará.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Pero, de verdade, señora conselleira, se non hai proxectos, motiven a xente para que os haxa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Pois mire unha cousa, señora conselleira: eu síntome moi orgullosa do sector pesqueiro; do que non me sinto nada orgullosa é das políticas que vostede fai ou non fai para o sector pesqueiro. (*Aplausos.*) Diso si que non me sinto orgullosa, porque, dende logo, van contra os seus intereses.

Un par de cousas para a señora Egerique. Dixo que a conselleira sabe moi ben como funcionan os GALP. Claro, efectivamente, sabe moi ben como funcionan e en que dirección os está levando: na dirección que lle marca a Unión Europea, dun xeito totalmente acrítico; igual que a súa intervención hoxe aquí, totalmente acrítica para unhas actuacións duns grupos de acción costeira que non van maioritariamente para o sector do mar. Efectivamente, van nesa dirección de querer substituír a xente do mar por outra cousa.

Criticamos estes fondos e como están direccionados porque non queremos que a xente do mar sexa substituída; queremos que a xente do mar poida vivir do mar, queremos que a



xente do mar non teñan que facer camas nos hotéis ou non teña que ir servir copas ou cafés nos bares. Ese traballo —moi digno— debe ser a maiores, pero non substituír o emprego e a economía do mar por estas cuestións. Isto é o que están vostedes facendo cos fondos da Unión Europea e con estes grupos de acción local; iso é o que están facendo. (*Aplausos.*) Non queremos substituír o emprego no mar por outro tipo de empregos; queremos aumentar por engádega, non por substitución, e iso é o que están facendo.

Dende logo, dende o BNG non lles faltamos ao respecto a eses proxectos, porque, se lles din que se presenten, pois que os presenten. O que, dende logo, criticamos é que iso teña algo que ver co desenvolvemento pesqueiro, que é o que pon, evidentemente, no *DOG*. Pon: «Aumentar (...) a cohesión territorial mediante o fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade (...) nas comunidades pesqueiras e acuícolas». Claro, iso é o que di; despois vostedes fan outra cousa, pero iso é o que di. Efectivamente, unha cousa é o que poñen no papel...

E claro, a xente non pide proxectos. ¿Por que non piden proxectos? Porque unha das cousas que me gustaría que contestase, señora conselleira, é cantos proxectos foron para a pesca artesanal, por exemplo, ou para as mariscadoras. ¿Por que non o piden? Pola dificultade da operatividade, porque lles piden exactamente os mesmos requisitos —toneladas de papeis— para un proxecto de dous mil euros que para un proxecto de trescentos mil euros. Resulta que o sector do mar, da baixura e as mariscadoras non son profesionais da xestión, e vostedes non fan absolutamente nada para apoialos e que poidan presentar proxectos que poidan ser logo desenvolvidos.

¿Sabe o que me dixo un patrón maior a respecto destes proxectos? Son proxectos para ricos, ¡para ricos! ¿Por que? Porque necesitan ir a unhas xestorías, e se piden para un motor —que son das cuestións que necesitan— que vale seis mil euros, teñen que pagarlle á xestoría polo proxecto técnico dous mil ou tres mil euros. Entón, non están enfocadas para o que necesita o sector; vostede sábeo perfectamente e non fai nada para modificar esta cuestión.

Son un goberno que non planifica, non organiza, non impulsa, non orienta, porque *deja que sea el sector...*, ¡así, espontaneamente! Vostede non é a conselleira do Mar para impulsar, nin para planificar un sector, nin para defender o sector do mar no noso país; vostede está para facer que fai e para estas cousas, *proyectitos*, cada un por un lado. Non, non responden a unha estratexia, señora Quintana, non responden a unha estratexia.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Mire: o sector non ten recursos directamente nos fondos dos orzamentos nin nestes proxectos GALP. Resulta que, do orzamento da súa consellería, de cento sesenta millóns de euros, sesenta e cinco responden a fondos FEMP, e deses vostede no 2018 deixou sen executar máis de corenta e un; ¡de sesenta e cinco deixou sen executar máis de corenta e un! Se tivese tempo, explicaríalle cal é a situación: que a súa consellería é a de menor execución orzamentaria, continuamente. Sesenta e cinco millóns de euros de fondos FEMP, e vostede só executou vinte e catro no ano 2018; xa non lle fago o cómputo global. Ese é o nivel de eficiencia e de preocupación de vostede por destinar eses recursos á mellora do sector do



mar. Por iso vostede di continuamente: «Poñemos á disposición do sector»; o que non di é que, nas condicións nas que llos pon, o sector non pode acceder a eles.

Mire: gustaríame que vostede explicase o seu orzamento, porque di: é que o sector do mar xa ten por outro lado no orzamento. Mire: de infraestruturas pesqueiras só executou o vinte por cento no 2018; de promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira, o corenta e sete por cento; de competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, o cincuenta e cinco por cento; de desenvolvemento sostible das zonas de pesca, o vinte e cinco por cento. ¿De que fala vostede, señora Quintana? Nin executa o orzamento global nin logo estes fondos destinados aos grupos de acción costeira dos que estamos falando van destinados a proxectos que lle sirvan directamente ao sector.

Insisto: son un goberno que non planifica, non organiza, non impulsa, non orienta o sector do mar, porque o obxectivo é que esmoreza, que se reduza e orientalo precisamente cara a estas cuestións.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: E insisto: no BNG non queremos que a xente do mar teña que deixar o mar para ir facer camas nos hoteis nin vender cafés nin copas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Queremos que poidan vivir e ter rendas dignas do mar.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

De novo, nós o primeiro que temos que dicirlle é que cremos que non respondeu practicamente nada; deunos aquí unha lección e leunos a normativa, pero das preguntas claras que lle faciamos non respondeu moitas.

O balance é claro: apenas un posto de traballo por cada proxecto produtivo; ese é o balance. Vostede vén aquí vendelo como un logro enorme cando vemos, nalgúns casos, menos dun posto de traballo por proxecto. Obviamente, este é un dato negativo e, ademais, que se suma aos datos xerais, porque aos datos xerais —como xa dicía na miña primeira intervención— súmase que, dende que gobernan vostedes, perdemos un vinte e cinco por cento de postos de traballo, ¡un vinte e cinco por cento menos! Entón, esa é a consecuencia das políticas que levan tomando nos últimos anos.

Ante esta situación, en vez de seguir adiante coas mesmas políticas, o que habería que facer é tomar medidas para cambiar o rumbo e seguir un camiño ben diferente. Nós cremos que,



ante iso, o principal será avaliar que parte dos fondos que se están destinando aos GALP non van directamente para o sector. Para nós iso é fundamental; de feito, relacionado con iso, non entendemos por que o Consello de Contas, por exemplo, non acepta a nosa recomendación de facer unha avaliación dos fondos dos GALP.

Claro, vostede alude sempre á cuestión da diversificación, pero o que non queda tipificado é que a diversificación teña que ser unicamente co turismo, que é o que está acontecendo no día a día e na realidade con estes fondos. A maioría dos proxectos, máis da metade dos proxectos no ano 2016 e no ano 2017, foron unicamente a turismo: bares, restaurante e hoteis; esa é a realidade. Entón, non falen tanto da diversificación, porque unicamente a saída que se lle está dando ao sector é reconvertelo para ser unha zona unicamente turística; ese é o camiño que se está levando.

Hai alternativas se hai vontade política, o que pasa é que —tamén llo dixen na miña primeira intervención— quizais non temos acordo nos obxectivos para o sector, quizais ese sexa un dos problemas. Vostede utiliza o argumento de que lle deixan autonomía; non deixan autonomía cando hai que deixar autonomía, e neste caso concreto, que teñen que ter unha estratexia política clara para que se consigan os obxectivos destes fondos, deixan facer. Porque non fan nada, absolutamente nada, para que, por exemplo, se melloren as condicións dos nosos mariñeiros e as condicións das nosas mariscadoras, para mellorar a investigación ou para mellorar a produtividade.

Para todo iso poderían servir os fondos, pero o que ten que facer a administración é ter un papel activo; non poden estar nun papel —como están ata o de agora— totalmente pasivo, deixando facer, porque saben que esa liña política —que non é ningunha; a estratexia política é inexistente, non hai— o único que consegue é que só sexan as grandes empresas as que poidan acceder, na gran maioría dos casos, a estes fondos.

O sector quere acceder a estes fondos, pero hai dificultades obvias. Dunha xa se falou: o tema das dificultades das tramitacións; e hai moitas outras. Como lle dixen, a non-subvención do proxecto fai imposible que moita xente poida acceder e poida facer ese proxecto para despois levalo adiante, e a administración terá que facer ese labor de acompañamento e dicir que estes proxectos verdadeiramente van crear emprego de calidade e van xerar emprego a medio e longo prazo. Porque unicamente o que están conseguindo é converter Galicia nunha rexión unicamente turística.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Imos aproveitar un minuto para responderlle á voceira do Partido Popular, porque aquí a única que simplificou e mentiu foi vostede. É mentira que unha porcentaxe importante vaia para proxectos extractivos; non o digo eu, díxoo a conselleira mesmamente. É alucinante que veñan falar aquí da incorporación da xente moza e facer alarde do ben que o fan neste relevo xeracional cando teñen unhas porcentaxes de execución ridículas nesta partida orzamentaria: trinta e cinco ou corenta por cento na partida orzamentaria da Xunta, especificamente dos fondos da Xunta; porque cando falan de fondos europeos din que non depende de vostedes, pero isto é na partida específica da Xunta.



E despois, por último, vir dicir que falar dunha problemática do sector, que está preocupando a todo o sector, é enredar é un insulto; pero non para min —a min dáme exactamente igual o que digan—, é un insulto para todo o sector, que está mobilizándose e que está pedíndolle á conselleira que explique que vai facer.

Hai informacións contraditorias e non están sendo claros, en absoluto, con esta cuestión. Dixeron unha cousa o primeiro día; á semana seguinte cambiaron de opinión e dixeron que non eran lodos, que eran áridos e non pasaba nada; agora non din nada, o silencio permanente; iso é o que está pasando. Entón, pedir claridade cunha cuestión que está preocupando non é enredar. O que pasa é que vostedes o que queren facer é ocultar o problema principal do noso sector, que é que as rías están contaminadas dunha maneira moi alarmante; converteron as rías en vertedoiros. Creo que lles preocupa tanto este tema porque o que se está visibilizando é que non é unha cuestión puntual.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Levan moitos anos vertendo residuos sen ningún tipo de control nas nosas rías e nos nosos mares. Iso é o que está quedando en evidencia: que levan moitos anos incumprindo sistematicamente toda a lexislación e que están contaminando de maneira sistemática, e non queren que se fale deste tema. Pois, obviamente, se se fala do sector do mar, falar da contaminación das rías cremos que ten bastante que ver. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

De verdade, conselleira, non lle gusta que lle preguntemos polas baixas execucións orzamentarias, pero é que nós témoslle que preguntar, porque se deixan sen executar seis de cada dez euros, entendan que para nós o seu orzamento é unha auténtico fracaso, ¡un auténtico fracaso! Seis de cada dez euros sen executar é demasiado. *(Aplausos.)*

¿E de quen son responsabilidade eses orzamentos? Ese orzamento é responsabilidade súa, que é a conselleira neste caso. É a conselleira do Mar e é o orzamento do Mar; polo tanto, ese fracaso é a súa responsabilidade, e nós temos que aproveitar que vostede está aquí para preguntarlle por esas baixas execucións, seis de cada dez euros.

Non me contestou tampouco, conselleira, aos postos de traballo que se crearon, aos empregos; nin me contestou aquí nin tampouco me contestou á pregunta que lle formulamos por escrito, xa vou perdendo un pouco a esperanza. Non nos contestou cantos empregos foron directos do mar, cantos foron para o sector primario destes douscentos sesenta e sete postos creados e cantos foron para o sector servizos. ¿Cantos? Se pode, por favor, contésteme. *(A señora Quintana Carballo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Está moi ben que se acompañen eses fondos; como vostede dicía, son fondos que se adican a acompañar o sector do mar, e acompañan nunha proporción de seis euros de cada dez. Iso



non é un acompañamento; dominan absolutamente o que son os orzamentos e os destinados aos GALP.

Despois, a señora Egerique acusounos de frivolidade. Nós o que fixemos foi dar datos: do programa 723A, seis de cada dez euros sen executar; unha de cada cinco persoas ocupadas no mar menos en dez anos, unha de cada tres no caso das mulleres; un permiso de cada tres menos no caso de permisos de marisqueo, de mulleres. Eu penso que iso non é frivolar, eses son datos obxectivos e non é frivolar.

Vostede tamén nos dixo que do ano 2015 ao 2017 a poboación activa do mar aumentou. Ben, pois igual o que ten que facer é repasar que pasou eses anos par ver por que aumentou a poboación activa, intentar traer as mesmas xestións para estes anos e, así, intentar que tamén aumente estes anos, porque o que é agora mesmo a poboación activa descende: unha de cada cinco persoas menos.

Respecto ao destino dos fondos GALP, conselleira, vostede sempre nos di que ten moi boa relación coas confrarías, que fala con elas, que escoita o sector, etc. Ben, pois non é que llo digamos nós, é que o están dicindo tamén as confrarías: o destino dos fondos GALP, basicamente, non é o sector pesqueiro. Os patróns maiores non están de acordo coa forma de financiar os GALP, porque as subvencións non van á pesca directamente. Discrepan porque eses GALP se crearon para darlles vida aos pobos mariñeiros, pero a gran parte desa vida que se lles dá é precisamente no sector turístico. Iso estallo dicindo, e vostede pode lelo aquí, *(A señora Toja Suárez amósalles un documento aos membros da Cámara.)* é unha nota deste ano. Polo tanto, esas preguntas que lle plantexamos...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Si, quedame un minuto e medio, síntome presionada.

O señor PRESIDENTE: Dixen «vaia». Eu estou avisando; adoptamos esta estratexia agora. Non lle dixen que rematase, dixen: «Vaia rematando».

A señora TOJA SUÁREZ: Afecta á concentración. Xa teño aquí o reloxo.

O señor PRESIDENTE: Xa, ¿pero que quere que lle faga? Eu teño que modular o tempo. ¡Que máis quixera eu que darlle como antes! Pero non podo. *(Aplausos.)*

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente, pola motivación.

O señor PRESIDENTE: Nada. ¡Será o problema!

A señora TOJA SUÁREZ: Vou falar máis rápido. *(Risos.)*

Ben, nas áreas posibles de mellora, tal e como establecen vostedes na primeira xornada da Estratexia de desenvolvemento local participativa —dos fondos, das áreas—, establécense uns obxectivos, que son: ampliar a base territorial das explotacións, mellorar a súa xestión



económica, crear novos produtos e canles de comercialización, reducir e controlar os riscos ambientais e mellorar a eficiencia enerxética, avanzar na loita integrada das pragas e no control de enfermidades, reducir a contaminación das augas e dos aires dos gases de efecto invernadoiro e protexer a explotación sustentable de recursos hídricos.

Pregúntolle tamén: ¿cantos deses fondos GALP foron para eses destinos, cantos? Eses obxectivos están establecidos na primeira xornada da Estratexia de desenvolvemento local participativa; é súa, está na páxina da Consellería do Mar. Entón, ¿cantos deses fondos GALP foron cara a estes destinos? Entón entenderemos un pouco e comprenderemos o que vostede di, que son medidas de acompañamento ao sector pesqueiro. Nós entendemos que deste xeito non se acompaña; substitúese o sector pesqueiro, e o certo é que nos preocupa.

E máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

(A señora Toja Suárez pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Que quere que lle faga eu? O aviso eu creo que lles chegou a todos vostedes; supoño que lles chegou a todos vostedes o aviso. *(Murmurios.)* Non sei se llelo trasladaron ou non; eu falei con todos os portavoces neste sentido. Vamos deixar este asunto claro. *(Murmurios.)* Eu que máis quixera aquí que non poder cortar a ninguén, pero é que estamos... ¡xa me entenden! *(Murmurios.)* Non teño que falar máis.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señor Casal, acúsame vostede a min de autoengano e ocultación. Ben, non sei, terá que explicarme un pouco en que estou enganada eu a min mesma e que lle ocultei, porque só lle tendín unha man para que vostede sexa un bo voceiro de Pesca. E creo que, ademais, se cre vostede que temos unha conselleira competente, probablemente cheguemos a bos acordos. Porque é verdade que temos unha conselleira moi competente e que explicou claramente, ademais, en que consisten os GALP; polo tanto, creo que dende a primeira intervención e na segunda vostede xa entendeu mellor como vai. E o TripAdvisor eu creo que é un bo referente, pero non unha fonte de información fidedigna para ter aquí un debate. Polo tanto, comezamos unha andaina, e eu creo que vostede verá, co tempo, na Comisión 8ª que esta conselleira si que é competente e atende perfectamente as necesidades do sector.

Señora Prado, nós estamos orgullosas tamén do sector pesqueiro e estamos orgullosas das políticas pesqueiras, pero non de facer política coa pesca, que é o que veu facer vostede aquí, con máis intensidade, se cabe, que a primeira vez na segunda intervención. Porque, mire: dille á conselleira que planifique, que oriente, que apoie, que organice. ¡É que é o que está facendo! Vostede o que quere facer é meterse directamente no sector pesqueiro e organizar vostede dende dentro sen deixar que eles poidan opinar e poidan saber o que queren de cara ao futuro. Polo tanto, eu creo que si, que volve vostede frivolar e que —e eu insisto— o



que fixo vostede agora é política coa pesca, porque falamos claramente de que eses fondos europeos dos GALP trouxeron e traen moitas oportunidades para as vilas costeiras e para o sector pesqueiro.

Polo tanto, eu creo que ogallá esa eficiencia que ten a Xunta de Galicia, esa eficiencia que ten aquí, poidamos aplicala no Goberno central. Eu digo que a ver se dunha vez podemos chegar a algún acordo e ter orzamentos. Porque de execución tamén vostede meteu aquí un enredo e creo que non deu vostede os datos exactos e concretos, pero non teño tempo para explicar claramente que é o que vostede dixo aquí, porque se puxo moi vehemente comigo e coa conselleira.

Pero nós si que estamos moi orgullosas da pesca e, ademais, da orientación que lle está dando esta Xunta de Galicia, porque creo que, ademais, os datos son positivos. Señora Toja, vostede fala de que do 2015 ao 2017 son datos moi positivos e de que afortunadamente tiñamos unhas políticas; ¡as mesmas que temos agora! Polo tanto, nunha situación e nun contexto social quizais diferente, a política vai seguir sendo a mesma. Imos adaptarnos moito á realidade social para seguir aumentando e seguir potenciando a mocidade para fixar poboación nas vilas costeiras; para aproveitar, ademais, a pesca e os nosos recursos e poder adaptarnos para que durante moito tempo poidamos vivir deste sector e, ademais, estar orgullosos del. Como dixo a conselleira: ser un exemplo en Europa. Vostedes poñían aquí o exemplo de Estonia, e Estonia comezou, ademais, a súa riqueza cando por fin comezou co réxime comercial liberalizado. (*Murmurios.*) Si, puxo o señor Bará o exemplo de Estonia. Ben, pois non poñan vostedes a Estonia, porque teñen aquí Galicia e o sector pesqueiro, que é un exemplo para toda Europa.

Señora Quinteiro, eu creo que convén ler a normativa. Vén vostede aquí dicirnos como vai a normativa; pois si, a normativa hai que lela e convén saber como vai para falar deste tema. Por poñerlle un exemplo: o grupo do golfo Ártabro Sur acada o oitenta e cinco por cento dos investimentos vencellados ao sector pesqueiro —por poñerlle un exemplo, porque hai moitos—. (*A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.*) E falamos de que é, ademais, o corenta e dous por cento do sector pesqueiro.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Non hai nada que ocultar; nin autoengano, nin ocultación. E si, frivolar e enredar, señora Quinteiro, porque o tema dos lodos dixérono vostedes, e a conselleira explicou claramente e exactamente que é o que pasa. ¿Como pode vir aquí dicir que a Xunta se encarga de contaminar as rías, cando teñen neste momento o pico de saneamento maior dende un tempo e moitos anos a esta parte? Señora Quinteiro, ¡por favor! E con todas as infraestruturas hidráulicas que se están a construír ao longo do territorio galego. Iso si que, de verdade, me parece dunha frivolidade absoluta.

Quero rematar dicindo que o balance é positivo e que sempre hai que mellorar; sempre hai moito que mellorar, e a señora conselleira, ademais, aquí recoñéceo. O balance é positivo: o oitenta e catro por cento dos proxectos saíron adiante; certificación e calidade das capturas; cento sete proxectos no sector pesqueiro, un corenta e sete por cento, e mil douscentos oito empregos a tempo completo —un dato moi positivo—.



Ademais da Farnet, temos tamén o informe do Cetmar, ao que non fixemos referencia os voceiros, pero si que falou tamén a señora Quintana. Se teñen que cuestionalo todo, eu creo que esas conclusións falan claramente dos logros e das cousas que hai que mellorar. Polo tanto, nós lemos ese informe e xa veremos como temos que funcionar.

Polo tanto, apoio aos profesionais do sector, apoio á Consellería e a este goberno como canle deses fondos GALP que —insistimos—, ben empregados, sempre atraen e traen riqueza e melloras para a comunidade galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche da comparecencia, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Casal, á parte de que dixoo que non lle contestara as preguntas e eu creo que si, porque o levei á fonte, e a fonte son os artigos 58 ao 64 do Regulamento 508, e así xa se evita vostede pensar que eu lle minto, o que podo resumir da súa intervención é que vostede dicía que é importante que incrementen os proxectos da valorización e a venda *online*.

Ben, voulle dicir: os proxectos que teñen que ver co aumento do valor engadido financiados polos GALP recibiron ata o de agora 4,8 millóns de euros, e a venda *online* estaa financiando a Consellería do Mar con outra liña de intervención a través da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, cun convenio que temos xa firmado dende o ano 2006; xa arrancaron a lonxa de Fisterra e a lonxa de Ferrol, e antes de que remate este ano eu creo que trinta e cinco lonxas van ter xa a posibilidade de venda *online*. É dicir, nós todo o que sexa incrementar o valor engadido dos nosos produtos non dubide vostede que o imos facer. E algo melloramos nos últimos quince anos: o ano 2018 supuxo un incremento —que o teño por aquí anotado— do 23,5 por cento do valor medio dos nosos produtos. Pero, aínda así, é moito o que temos que mellorar.

Eu agradézolle que vostede pense nesta cousa e que tamén faga referencia aquí á necesidade dunha marca; nesa liña tamén creo que levamos traballando dende o ano 2009 na Consellería. Agora comentareille aos técnicos que levan os mercados e toda a valorización comercial que exploren tamén a vía que vostede apuntaba aquí: que, ao mellor, en lugar de chamarlle xarda á xarda, *si le llamamos caballa igual incrementa el valor*. En fin, ao mellor é un tema que temos que valorar, e eu direilles aos técnicos que así o fagan. (*Murmurios.*)

Señora Prado, eu de verdade que non quero substituír a xente do mar, jé que sería estúpido pola miña parte cargarme o sector que represento! Eu creo que canta máis xente haxa traballando no mar, moito mellor. Os proxectos GALP ao que non veñen é a crear postos de traballo no mar; os proxectos GALP veñen para diversificar as zonas costeiras. A posible



creación de postos de traballo no mar xérase con outro tipo de políticas e con outro tipo de actuacións, que é o que estamos a facer.

Mire: eu ben sei que vostede e mais eu discrepamos nas cifras e discrepamos nos datos. Eu o que lle podó dicir é que, dende o ano 2015, se xeraron seiscentos vinte e dous postos de traballo novos no mar. Non son moitos, claro que non, e eu quero que haxa máis, por suposto, pero para iso temos que ir traballando todos e dando esas condicións.

Mire: eu agradézolle toda a énfase que vostede fai aquí, nesta tribuna, por defender o sector pesqueiro; logo iso non concorda moito co que vostede fixo cando estaba de delegada en Pontevedra. Porque, claro, do ano 2005 ao 2009 perdéronse en Galicia quíñentos trinta e oito barcos, un sesenta e cinco por cento máis dos que se perderon dende o ano 2009 ata agora, (*Murmurios.*) e nós abordamos un proceso de regularización de embarcacións. (*Balbordo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, eu non digo que fora ela, pero ela di que quen destrúe o emprego son eu, entón a mesma lóxica lle aplicaremos. Se na miña época se xeran seiscentos vinte e dous postos de traballo (*Murmurios.*) —que eu digo que son poucos, pero que se xeran—, ¿que me din de cando se destruían? Porque se destruían máis de mil postos de traballo ao ano nos catro anos do Bipartito. Eses son os datos que hai, eu non estou inventando nada nin lle estou achacando nada, pero se a min mo di... Eu creo que temos que falar aquí cos datos claros. (*Aplausos.*) E nós abordamos un proceso de regularización que levou por diante moitos barcos.

Pero, mire, así, sen máis: ¿recorda vostede cando me criticaba polo tema da xestión da repartición de posibilidades de pesca entre as comunidades autónomas, que Galicia íamos desaparecer e non sei cantas cousas máis? Fixéronse doce barcos novos do cerco nestes anos, ¡doce barcos novos! Digo eu que se iso é desaparecer... A miña idea de desaparecer é que se desguazaran doce, non que se fixeran doce. (*Murmurios.*) Polo tanto, incrementou o valor nestes anos e incrementaron as descargas nestes anos.

Claro, agora dise: non, é que dicía hoxe o periódico —que esa é a liña de información que temos— que nestes seis meses levamos menos descargas e menos facturación que no ano anterior. Si, claro, este foi un bo ano da anchoa; a nosa frota, fundamentalmente, estivo traballando a anchoa.

Ben, cando eu dicía que era importante ter as posibilidades de pesca aquí para que a frota non só pescase e ganase valor, senón para que as vendas se fixesen en Galicia e así ganase máis a comunidade autónoma, vostede criticábame, e agora vaime dar a razón —supoño eu que, polo menos, agora me dará a razón—, porque é que as cousas se ven ben clariñas. Cando traballa aquí a nosa frota, a economía móvese en Galicia; cando a nosa frota ten que ir traballar a outras comunidades autónomas, onde se move a actividade económica é noutras comunidades autónomas.

En definitiva, aposta polo valor engadido: por suposto; aposta polos proxectos do propio sector: claro que si, están postos nas súas propias estratexias de desenvolvemento local participativo.



A señora Toja volve saír cunha noticia de periódico dun grupo de acción local de pesca que estaba desconforme cos proxectos que se financiaban ao sector pesqueiro. Pero ese mesmo presidente do grupo dicía publicamente que todos puideron decidir á hora de definir cal era a estratexia do seu grupo e que hai moita xente —algúns patróns maiores, por suposto— que non van ás reunións e que logo se queixan. E, mire: iso non é.

A min díganme que é o que queren que faga eu: se planifico e organizo, dinme que manipulo o sector pesqueiro; se non planifico e non organizo, dinme que teño que planificar e organizar. É que me dá igual o que digan vostedes; eu vou seguir traballando como levo traballando dende sempre, trinta e dous anos traballando na Consellería de Pesca, (*Aplausos.*) traballando da man do sector, traballando con eles, coñecéndoos a eles, e con eles —xuntos— planificando o seu futuro. Porque non podemos quedar mirando só á distancia do noso nariz; temos que mirar o futuro, pensar en futuro, planificar en futuro e organizarse en futuro, pero teno que facer tamén o propio sector, non llo podoo facer eu. Eu por suposto que os animo e eu por suposto que os axudo; estamos para iso: para axudar.

Vostede dime que hai xente que non vai pedir as axudas porque teñen moito papelame administrativo. ¡Son a primeira que o reconece! E son a primeira que o está intentando defender en Bruxelas. ¡Acompáñenme vostedes, que nunca me axudaron, a dicir que hai que pedir menos trámites administrativos! ¡Claro que si! Eu son a primeira que di: Oe, é que se para pedir unha axuda de seiscentos euros teño que presentar o mesmo papelame que para unha axuda de tres millóns de euros, non me merece a pena.

Entón, vamos ver se entre todos somos capaces de convencer a Unión Europea de que nos permita flexibilizar estes trámites administrativos, que será unha fórmula moi beneficiosa para todo o sector. Eu creo que todos agradecerán que nisto si traballemos xuntos, que en favorecer as estratexias de desenvolvemento local participativo traballemos xuntos, que non desprecemos aqueles mozos e aquelas mozas que teñen ideas, que teñen proxectos e que os están poñendo en marcha.

A señora Toja dime: É que non me respondeu cantos postos se crearon no mar. Ningún, con esta liña ningún, porque non é para iso; non é para crear postos no mar directamente. (*A señora Toja Suárez pronuncia palabras que non se perciben.*) O que si lle podoo dicir é que si se están xerando postos no mar posto que, ao haber maior demanda, hai tamén maior posibilidade de extraer ese produto e de comercializalo e, polo tanto, haberá maiores posibilidades de ter a xente traballando no mar. (*Murmurios.*)

Señora Quinteiro, eu vin aquí —como dicía a miña compañeira Egerique— no pleno anterior responder unha pregunta sobre a dragaxe do río Lérez; din todos os argumentos nos tres minutos que tiña e mais nos outros tres da réplica. De verdade, paréceme que pouco favor lle fai vostede á Galicia mariñeira se sigue dicindo que as nosas rías están contaminadas. (*A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non o diga.

Eu soamente lle digo: o proxecto da dragaxe do río Lérez fíxose no ano 2011; no ano 2014 cambiaron as normas dos niveis de contaminación que había que determinar e tivemos que volver empezar co proxecto outra vez de novo, e no ano 2017 iniciamos a exposición pública



dese proxecto, que contemplaba a posible deposición dos áridos que non serviran para recuperar os bancos marisqueiros de Campelo, Raxoi e Lourizán na illa de Tambo. O sector da navalla puxo alegacións, porque alí tiñan un banco de navalla e pensaban que con esa deposición de áridos —que non estaban contaminados— se ía colapsar o banco. Ante esa dificultade, volvemos retomar o proxecto para buscar o punto de vertido no punto de vertido autorizado dende o ano 1998. Os datos desa posible contaminación que vostede di foron expostos ao público no ano 2017 —eu non a vin a vostede presentando ningunha alegación—, e os datos o que din é que non hai ningún síntoma de contaminación en ningún dos elementos que hai que determinar á hora de valorar a contaminación deses posibles sedimentos.

Se vostedes seguen nesa liña, alá vostedes. Eu, dende logo, dende o meu posto soamente vou defender que traballamos para mellorar a calidade microbiolóxica das augas, que non hai contaminación química nas nosas augas, que somos a única comunidade autónoma de toda a Unión Europea que ten un centro de control que aplica estritamente o regulamento comunitario que temos para a calidade das augas, que lles facemos dende aquí as analíticas a outras comunidades autónomas, e que melloramos un corenta e catro por cento as nosas zonas de produción.

Que vostede siga dicindo por aí que as rías están contaminadas é un fraco favor que lle está facendo ao sector pesqueiro galego; alá vostede e as súas consecuencias. (*Aplausos.*) O sector pesqueiro sabe e ten a información de primeira man; os datos xa están na exposición pública e vostede, cando queira, pódeos mirar tamén.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Retómase a sesión co punto 3 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento á Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo e levar a cabo as seguinte medidas:

- Dotar o Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para poder levar a cabo en todas as provincias de Galicia e na súa totalidade o Plan de Atención Integral da Saúde da Muller.

- Solucionar a falta de matronas no Servizo Galego de Saúde, incorporando estas prazas nunha OPE, co obxectivo de cumprir coas ratios estipuladas pola OMS.

- Levar a cabo de xeito inmediato as actuacións necesarias para o cumprimento, na súa totalidade, da iniciativa sobre endometriose aprobada o 22 de abril de 2015 no Parlamento de Galicia.

- Garantir que a interrupción voluntaria do embarazo, poida ser realizada na Rede sanitaria pública.

- Manter una estrutura axeitada e con medios suficientes dos Centros de Orientación Familiar, para garantir os dereitos sexuais e reprodutivos da muller e o acceso á planificación familiar, así como a unha educación afectivo sexual axeitada.

- Levar a cabo un estudo para o financiamento de profilácticos tales como preservativos e cadrantes de látex, cunha campaña activa sobre o seu uso.

- Introducir nas diferentes etapas educativas, contidos curriculares en relación á educación afectivo sexual.»).

(O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición:

Débese engadir o seguinte punto:

«3) O Parlamento galego comprométese coa extensión da capacidade de outorgar consentimento para as interrupcións voluntarias do embarazo ás mulleres de 16 e 17 anos.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

As posicións políticas dos grupos parlamentarios, dos partidos políticos, definen necesariamente as accións de goberno posteriores. A todos os partidos políticos, a todos os que os representamos, os cidadáns exixennos con naturalidade manter unha posición política, defender a nosa posición política, expresala, que sexa clara, e iso, por suposto, despois determinará as accións de goberno —no caso que así sexan— ou as accións de



oposición con respecto a cada un dos partidos. Por tanto, é innegable un labor relacionado co outro.

As cuestións máis de xestión están identificadas, necesaria e obrigatoriamente, nas cuestións ideolóxicas de posición política. Dígoo porque sempre se escoita isto de que «veñen vostedes aquí a facer política» como se fose algo negativo, cando en realidade creo que non hai outro traballo que facer aquí que facer política, que é un labor necesario, imprescindible e moi importante.

Polo tanto, a nosa proposta de hoxe vai centrada, basicamente, acerca da cuestión que ten que ver na súa orixe coa Lei 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, sobre a posición política e as accións de goberno que se derivan desa posición. Por tanto, ten dous eixes. O primeiro é, basicamente, a posición política.

O noso grupo, innegablemente, está orgulloso e satisfeito daquela lei, porque fomos o grupo político que a promoveu no Congreso en España e, ademais, a través despois do Goberno de España. Por tanto, estamos de acordo, satisfeitos e orgullosos daquela lei que o Goberno Zapatero implantou e que conseguiu traer dereitos para as mulleres, que si foron contestados, certamente, por unha parte da sociedade española, minoritaria naquel momento, pero cunha representación lóxica, e que dende o noso punto de vista hoxe en día está moito máis superada.

Realmente, a negación daqueles dereitos hoxe é menor do que era, pero aínda existe. Polo tanto, cremos que, como aínda existe e se lle dá moita voz —demasiada dende o noso punto de vista—, é importante coñecer a posición política dos grupos. Ademais porque, non o neguemos, existen grupos políticos —algúns deles representados nesta Cámara— que sistematicamente fan un xogo de man dereita e man esquerda, ou, para dicilo mellor, de man dereita e de man moito máis á dereita. Teñen unha posición política intencionadamente discreta e intencionadamente difusa sobre a lei, pero cando necesitan algunha declaración un pouco máis altisonante entón aparecen os adaís da man moito máis á dereita.

Sen que ninguén lle preguntara, sen necesidade de manifestarse e sen ser un tema que provocara un gran debate social nese momento, nunha precampaña electoral das eleccións xerais, Pablo Casado, aínda líder do Partido Popular: «Casado aposta por derrogar a lei do aborto». Poderíamos estar falando do século pasado ou dun debate incluso en 2010, pero foi en febreiro do 2019, nesta campaña electoral.

É evidente que necesitamos coñecer a posición política dos grupos, porque existe un grupo político que con toda lexitimidade na súa defensa, si, pero que polo menos non se avergoña de dicilo, necesita aclarar se defende ou non defende a actual Lei de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo. ¿Por que? Porque os cidadáns queren saber a que deben de aterse cando coñecen os grupos políticos. ¿Por que? Porque —como dicíamos— as posicións políticas determinan accións de goberno. ¿Que accións de goberno determina esta posición, a posición que defende Pablo Casado, aínda hoxe líder do Partido Popular, de derrogar a Lei do aborto, que esa é a súa aposta? Define as accións de goberno que logo toman os gobernos do Partido Popular, por exemplo, aquí en Galicia.



Aquí en Galicia incúmrese a lei. E ante isto que afirmamos na anterior interpelación, o conselleiro apelou aquí a que, se estabamos convencidos de que se incumpria a lei, fósemos aos xulgados. Claro, existe o problema de que xa houbo quen foi aos xulgados e xa gañou nos xulgados, porque son os xulgados os que din que se incumpre a lei.

A lei incúmrese en Galicia voluntariamente. Voulles ler dúas frases dunha sentenza xudicial sobre un caso no que unha muller tivo que desprazarse a Madrid polos seus propios medios para pasar por un proceso de interrupción do embarazo que desexaba, cando clinicamente era recomendable, porque en Galicia demorábanse excesivamente os prazos. Vou citar soamente dúas cousas que creo que son clarificadoras. Fala a sentenza de «extensión innecesaria do embarazo que amosa un fracaso estrepitoso do sistema». Voulle citar unha segunda frase: «O Sergas desentendeuse da situación». Isto é unha sentenza xudicial, non o dicimos dende os grupos políticos, nin o dicimos algúns dos deputados, nin unha persoa calquera na rúa —que o opinamos—, díó unha sentenza xudicial: que se incumpre a lei e que o Goberno da Xunta actual incumpre a Lei 2/2010, de interrupción voluntaria do embarazo, de saúde sexual e reprodutiva.

Iso é o que nós dicimos, que se está incumprindo a lei e que ten que ver —e esa é a nosa interpretación— con que o Partido Popular non concorda coa lei, que o di o Partido Popular. Nós o que defendemos é que, aínda que non se estea de acordo cunha lei, hai que cumprila. Polo tanto, xa que hai que cumprila, hai que poñer todos os medios para que se cumpra. E vostedes, no Partido Popular —do que hoxe queremos coñecer realmente a súa posición—, teñen ese problema: exíxenlle a todo o mundo que cumpra as leis —ben exixido— pero non están de acordo en cumprir aquelas que moralmente non lles gustan. Porque vostedes teñen ese problema, ese dilema moral, que hai temas nos que saben o que queren dicir pero din outra cousa, ou saben o que deben dicir pero contan outra cousa, porque se moven en dúas almas complicadas.

Haberá xente no Partido Popular, seguro —e persoalmente estou convencido de que moita—, que defende esa lei, pero probablemente non o pode dicir porque o señor Casado di que hai que derrogala. E esa é a nosa intención: saber realmente cal é a posición do Partido Popular. Se cren que hai que derrogar esa lei ou non. Porque o que si sabemos —esa segunda parte— é que hai que cumprila e non se cumpre. E nós plantexamos que sexa necesario definir as medidas e os recursos necesarios para cumprila, porque iso é o que se lle exixe a un goberno.

Por tanto, aí vai a nosa iniciativa, que é bastante simple. Non necesitan alporizarse, só teñen que manifestar unha posición política. Somos conscientes de que ás veces algunhas posicións políticas son complicadas de manifestar, sobre todo cando un quere dicir unha cousa e non o di porque non pode. Ou o que é peor, que lle pasa ao PP, que todas as cousas que quere dicir e se retrae xa as di VOX, que para iso o teñen, para dicir o que non se atreven vostedes. (*Aplausos.*) É certo que teñen un VOX exterior, que é Abascal, e teñen uns interiores, Aznar e o actual líder Casado, se é que lidera el o Partido Popular. (*Murmurios.*)

Polo tanto, vostedes teñen que decidir se están cos dereitos das mulleres ou con VOX. Esa é a posición que queremos saber do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, se non están con VOX, estaremos todos moito máis contentos; o noso grupo seguro.



Nós preferimos que vostedes se separen da ultradereita, porque están existindo certos debates neste país coma este, como o dereito á interrupción voluntaria do embarazo das mulleres, postos en dúbida, que están sendo postos nunha dúbida moral inasumible. E non é posible aceptar que cousas que lles levaron moito tempo e moito esforzo a outras xeracións, incluso, que xa non foi nin sequera á miña, no plano persoal, se poñan agora en dúbida, cando en realidade non hai unha maioría social que o defenda, en busca dalgunha cuestión ou dalgún interese particular, e que existan grupos políticos que se amparen nesa cuestión e que o defendan. E o peor é que alguén lle dea voz a esa ultradereita para que así as defendan.

Hai un amparo legal que dende a Consellería se usou como ferramenta ou como asa para manterse, que é a famosa obxección de conciencia.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Vou rematando, presidente.

O artigo 19.2 da lei di: «Os profesionais sanitarios directamente implicados na interrupción voluntaria do embarazo terán o dereito a exercer a obxección de conciencia, sen que o acceso e a calidade asistencial da prestación poidan resultar menoscabados.»

A señora Prado dime que é un dereito fundamental. Eu o que pregunto é se non é un dereito o dereito á saúde das persoas, particularmente das mulleres, particularmente o dereito a exercer a interrupción voluntaria do embarazo. Ese tamén é un dereito. E hai un problema, hai un problema: que poden chegar a colidir dous dereitos, pero a lei aclara cal debe de prevalecer. E di, e repito: «Sen que o acceso e a calidade asistencial da prestación poidan resultar menoscabados», e isto é lei. E cando non se está de acordo cunha lei, pódese discutir, pero hai que cumprila. Así que non podemos priorizar un dereito que non está priorizado, que é o da obxección de conciencia, sobre un dereito que si o está, que é o dereito das mulleres a interromper voluntariamente o seu embarazo.

Por tanto, se se quere discutir iso, o que estamos discutindo de fondo é que as mulleres non poden abortar porque a alguén non lle gusta. Iso é o que non podemos discutir, por iso traemos esta lei aquí e por iso traemos este debate. E por iso pasou o que pasou, porque hai algunha xente que cre que as leis están ben só cando lle dan a razón. E iso non se pode admitir, particularmente nalgunhas cuestións.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E a ese debate é ao que nós pretendemos darlle voz hoxe; coñecer realmente cal é a posición do Partido Popular, que, polo visto, xa só coa intervención do Grupo Socialista quedou clara, polo menos, a parte na que vostedes lle fan máis caso a Abascal que aos cidadáns.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.



Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Esta moción, e a previa interpelación, sobre saúde feminina foi específica sobre a garantía do dereito ao aborto, e niso imos centrar a nosa intervención. E así centramos a nosa emenda, amosando xa de primeiras a nosa posición política —como dicía o proponente— a favor desa lei, da Lei 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva, sobre todo porque é unha lei xusta, non porque haxa... Hai leis que poden ser inxustas, pero, sobre todo, porque é unha lei xusta que garante os dereitos das mulleres.

A situación actual é que a sanidade pública galega —como xa foi exposto aquí tamén durante a interpelación— non garante ao cen por cento o exercicio do dereito ás interrupcións voluntarias do embarazo. A propia Organización Mundial da Saúde reconece que é esencial para a saúde feminina o acceso a servizos de aborto seguro e de atención de calidade tras o mesmo, tamén atención de calidade tras o mesmo. E cando non se poden exercer ao cen por cento os dereitos no relativo á interrupción voluntaria do embarazo, polo tanto hai ese incumprimento legal ao que se refire esta iniciativa.

Durante o debate da interpelación xa foi exposto, e foi exposto en numerosas ocasións aquí: garátese máis a posibilidade, o dereito de obxección de conciencia das profesionais, que os dereitos das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo. Desgraciadamente, a desgraciada situación da muller que perdeu o útero como consecuencia desa dilación non xustificada por parte do Sergas nese aborto que tiña que levar a cabo e que tivo que facer en Madrid, non fixo reflexionar á Administración.

Ademais, o proceso a nivel global en todo o Estado segue dependendo das clínicas privadas, este é outro debate que hai que abrir a fondo. Non se garanten nin os abortos libres ata as catorce semanas nin os terapéuticos ata as vinte e dúas no sistema público. E habería que engadir tamén, nese punto 2 da moción, a escaseza de matronas e a necesidade dun aumento do persoal e dos recursos nos centros de orientación familiar para termos tamén esa boa rede pública que blindase non só o dereito das mulleres ao acceso a esas interrupcións voluntarias do embarazo, senón tamén á atención de calidade —como di a OMS— despois destas.

Tamén sería necesario —este tamén sería un debate fondo— un tratamento correcto en todos os casos de morte fetal, nos que en moitas ocasións se produce que teñen que estar estas pacientes con outras que van dar a luz na mesma sala un neno ou nena san. Isto tamén sería un debate fondo.

Ademais, tamén foi obxecto de debate... —vai frío aquí, estou quedando afónica— ...durante a ponencia da Lei de farmacia esa cuestión que tamén sucede: que se garante máis o dereito á obxección de conciencia en subministrar tratamentos, medicamentos, para o aborto terapéutico nas primeiras sete semanas de xestación, que o dereito das mulleres a acceder en todo o territorio a estes tratamentos, prescritos, por outra parte, por profesionais.



A nosa emenda, a emenda que presentamos, é tamén unha declaración política no sentido de remarcar a necesidade de resaltar que defender esa lei, a Lei 2/2010, é tamén permitir a decisión libre sobre o seu embarazo ás mulleres maiores de dezaseis anos sen consentimento paterno. E queríámolo facer tamén para trasladar aquí a cuestión de que os dereitos, se non se defenden, se non se están continuamente sacando á palestra como se fai con esta moción, poden perderse.

De feito, no 2015 o Partido Popular pretendía facer unha involución total no dereito ao aborto.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Non o conseguíu, pero si houbo un retroceso no caso do dereito das mulleres de dezaseis e de dezasete anos na capacidade de outorgar consentimento para as IVE. A lei establecía na súa redacción que debía ser informado un ou unha dos proxenitores, salvo que a muller xustificase que lle provocaría un conflito grave. A realidade é que a porcentaxe de interrupcións voluntarias do embarazo en menores de dezoito anos é mínima, é menos do dez por cento, e ademais, segundo informes das clínicas privadas, case un noventa por cento das menores abortan acompañadas das súas familias. Polo tanto, este dereito blindaba os casos máis vulnerables.

Por outra parte, é tamén curioso como hai procesos biomédicos sobre os cales os menores de idade, sempre que teñan capacidade de xuízo, poden decidir, pero cuestionábase esta capacidade de xuízo na interrupción do embarazo, e a nós parécenos que está nese marco xeral que historicamente nos cuestionou ás mulleres o dereito a decidir sobre o noso corpo. Polo tanto, simplemente é unha declaración política. Sumámonos a esa necesidade de facer unha declaración política de que este parlamento defenda o dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois ben, claro que o groso do Partido Popular está en xeral en contra dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, e vivímolos. Sabemos que hai persoas que teñen certa sensibilidade, pero o vivimos aquí na pasada lexislatura e tivemos debates moi amargos en relación co dereito ao aborto. E, desgraciadamente, con este xiro —se cabía máis xiro á dereita do Partido Popular— estámolo volvendo vivir.

E non son simplemente as palabras do señor Casado, é que hai uns días —e non está nin sequera tan só relacionado cos dereitos sexuais e reprodutivos— tivemos que estar escoitando o señor Maroto falarnos das denuncias falsas das mulleres ¡unha vez máis!, coa que está caendo aí fóra, con toda a problemática relacionada con todas as rapazas que están sendo violadas, e, dende logo, con todos os xuízos públicos que se están a sufrir e dos que son coñecedores todas as señorías nesta cámara.



E tivemos que escoitar tamén palabras grosas do conselleiro de Saúde de Andalucía, dicindo: «*Lo fácil es llegar y el chupetón*». Ese é o respecto que ten a dereita cos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, é evidente. Por iso nós entendemos que tampouco hai que dar a facilidade de branquear unha imaxe cunha iniciativa na que se propón un punto no que se facilite que sen máis se vote a favor de cumprir a Lei orgánica 2/2010. ¡Faltaría máis! Que van facer, ¿votar a favor? Probablemente.

Nós entendemos que hai que ter compromisos políticos e que a lei, evidentemente, non se está a cumprir no noso país. As mulleres somos máis que o aborto e somos máis que a liña do bikini. E queremos —isto é como se coñece en investigación os elementos relacionados coa saúde sexual— que neste marco se inclúan outros aspectos, por iso propoñemos esta moción.

Entendemos que hai que dotar o Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para levar a cabo en todas as provincias o Plan de atención integral á saúde da muller, porque, desgraciadamente, a pesar de que os diferentes grupos da oposición temos traído esta cuestión a debate, a pesar de que é bastante evidente que non hai medios na atención primaria nin tampouco na hospitalaria para atender este plan, isto non se está a remediar, e, probablemente, é moito máis importante isto que dar un debate político sobre os apoios do Partido Popular a VOX. Desgraciadamente, o Partido Popular incumpre cos medios necesarios para dotar de dereitos as mulleres.

Hai que solucionar a falta de matronas no Servizo Galego de Saúde. Temos un problema que xa foi debatido nalgunha cuestión: Galicia é a comunidade autónoma con menos matronas por habitante. Cabe preguntarse... É certo, obviamente, que as matronas e os matróns atenden toda a saúde sexual e reprodutiva e non só o embarazo, pero eses que alzan a voz clamando por unha norma de demografía e pola necesidade de que as mulleres teñamos fillos no noso país, non poñen nin tan sequera o persoal sanitario para atendelas. No caso da provincia de Ourense é absolutamente dramático: 0,5 por dez mil habitantes, un absoluto incumprimento das mínimas normas propostas pola Organización Mundial da Saúde.

Queremos tamén que se leve a cabo de xeito inmediato a iniciativa aprobada neste parlamento —unha, dúas e tres veces— sobre o tratamento da endometriose. Seguimos esperando, as mulleres seguen agardando a que se cumpra cos seus dereitos: que se garanta a interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública. E aquí voume deter porque a lei do 2010 non o garante, e deses *pos veñen estes lodos*. A aquela altura, as miñas compañeiras no ano 2010 tamén defenderon a necesidade de que esa norma contara coa garantía de que a interrupción voluntaria do embarazo se ía dar na sanidade pública.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Non se garantiu, e o que acontece no día de hoxe é que iso é utilizado por parte do Goberno para derivar incluso fóra da comunidade autónoma, coas consecuencias graves que iso está a ter para as mulleres.

Queremos que se manteña unha estrutura axeitada nos centros de orientación familiar. E recursos, porque a saúde sexual e reprodutiva é importante, e hai que dotar de profesionais



para facer tamén educación para a saúde. Iso é un elemento clave na formación das persoas, pero tamén na doutros profesionais.

Que se leve a cabo un estudo para o financiamento dos profilácticos, tales como os preservativos e os cuadrantes de látex. É importante tamén en materia de cumprimento da parte que ten que ver coa prevención na Lei 2/2010. Nós xa o propuxemos incluso na anterior lexislatura. Naquela altura, con Alternativa Galega de Esquerda, e no ano 2016 propoñíamos isto e era votado en contra; ¡nin tan sequera facer o estudo! Non estabamos falando de canto financiamento, senón, polo menos, de facer un estudo e que se introduzan nas diferentes etapas educativas contidos curriculares en relación coa educación afectivo-sexual. Non se está a cumprir nin o artigo 21 da Lei LGTBI nin o artigo 7 da Lei 2/2010.

Remato xa. A realidade é que o tema é bastante amplo, e nós non queremos que se branquee aquí a imaxe de alguén que non pon medios de maneira habitual para cumprir cos dereitos que temos todas as mulleres en materia de saúde.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Hai quince días, na interpelación do señor Torrado ao conselleiro de Sanidade, el mesmo recordaba unha sentenza á que fixo referencia tamén na súa intervención de hoxe, ese caso da Mariña. Eu alarmábame pensando no moito tempo que pasou, desgraciadamente, dese caso e o pouco que mudou.

Hai que recordar ese caso e hai que gravalo —pensamos— con plomo na nosa mente, porque hai que recordar que neste país, despois do intento de contrarreforma legal do señor Gallardón que o feminismo galego parou nas rúas canda outras feministas do resto do Estado, moitas plataformas locais denunciaron diferentes situacións que estaban a desvelar a incorrecta xestión da cuestión dos abortos na sanidade pública galega.

Saían numerosas denuncias, especialmente nalgún caso da Coruña e de Vigo porque eran as plataformas máis activas, e tivemos testemuñas, por exemplo, de mulleres que denunciaban como eran obrigadas a expulsar o feto no baño da propia habitación hospitalaria, ¡soas!, sen acompañamento médico nin psicolóxico, vulnerando todos os protocolos xa non só do ámbito da nosa lexislación, senón tamén internacionais. Outras denunciaban como, precisamente —sobre todo para cuestión dos abortos euxenésicos—, se denegaba a atención na sanidade pública galega.

Xustamente no marco desa resaca mobilizadora da contrarreforma da Lei do aborto, que conseguimos parar, coñecemos esa sentenza que moitas pensabamos que estaba chamada a marcar un antes e un despois, porque o certo é que non era para menos. O que fai é evidenciar que ese caso non era un feito illado, non era un accidente, senón que era a demostración de como o patriarcado está absolutamente instalado no sistema sanitario.



Mesmo para os casos que, coma este, non era unha libre elección, era unha recomendación sanitaria, era unha necesidade vital para esa muller, nin sequera era unha situación de libre elección, e iso non fixo que o sistema fora máis comprensivo. Imaxinen que pasa unha muller neste país cando o que fai é ir ao seu centro sanitario porque o que quere é, libremente, interromper ese embarazo.

O señor Torrado fixo mención a algunha das liñas desa sentenza, e eu farei mención a outras porque creo que é importante recordar iso: que non foi unha casualidade illada. E o que é peor, que despois non cumprimos.

A sentenza sinalaba, por exemplo, a negligencia ao longo de todo o proceso, dende o atraso á hora de autorizar o aborto — lembremos que estaba na semana vinte e dúas— ata a propia derivación da muller a Madrid. Sinala literalmente que «a negligencia denunciada supera os estándares do tolerable, do irreprochable, por mor da lentitude, falta de reflexos, ignorancia, inoperancia, ineficacia temeraria e falta de sensibilidade». Daquela, escoitamos o presidente da Xunta de Galiza, con *lágrimas de crocodilo*, dicir que se ían revisar os protocolos, que se ía mellorar e demais. E a pregunta é: Tanto tempo despois, ¿isto marcou un antes e un despois na nosa sanidade pública?, ¿si ou non? A realidade é que —coa información que temos— non o marcou, iso é o que temos que lamentar. Porque, a día de hoxe, os abortos na nosa sanidade aínda son unha tortura, tanto para as mulleres que deciden facelo libremente como para aquelas que teñen que facelo por unha cuestión de saúde e de risco da vida propia. Polo tanto, pensamos que, efectivamente, non se corrixiu, nin na actualización de moitas das cuestións dos trámites...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...nin tampouco en evitar derivar abortos a Madrid. Iso sabémolo, e recoñéceo a propia Xunta de Galiza nas respostas escritas cando preguntamos por isto.

A cuestión de fondo é que non é incapacidade, non é falta de recursos, senón que é unha posición de falta de vontade política do Partido Popular. Porque o Partido Popular de Galiza tende a ser así, máis comedido nas súas afirmacións, pero o certo é que vostedes pensan disto o mesmo que os seus socios, que os seus socios da Igrexa católica, que nos din cuestións como a do cardeal Batista, que *violar a una niña es menos grave que un aborto*; como os seus socios de VOX (*Protestas.*); como o señor Ortega Smith, que di que *las mujeres tienen derecho a comer más o menos, a cortarse el pelo o las uñas, pero no a acabar con la vida del niño*. Iso di o seu colega Ortega Smith. Ou Ana Vega, de VOX Valencia, que di: «*Una mujer violada no tiene que abortar.[...] Tiene todo el derecho a vivir el fruto de esa relación no consentida*». Iso é o que din as súas colegas de VOX, ¡vaian berrarlles a elas!, (*Aplausos.*) efectivamente. Ou Andrea Levy, que nos regalou non hai tantos meses con iso de que «*le preocupa que el aborto sea un derecho*».

Señores do Partido Popular, ás mulleres deste país o que nos preocupa é que nos queiran levar á caverna, pero non o conseguiron con Gallardón nin o conseguirán agora cos seus colegas de VOX e co colega Casado. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. Grazas. Terminou o seu tempo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados e deputadas.

Como muller si que realmente me sinto ofendida de que non se defendan os dereitos da muller, senón que se faga un uso político da mesma como acabamos de escoitar, que se fale de colegas, (*Aplausos.*) que se fale...

Tratamos hoxe un tema moi serio, ¡moi serio!, o tema da Lei de saúde sexual e reprodutiva, que é consecuencia da interpelación feita o 26 de xuño. Unha lei que se cumpre en Galicia, como supoñemos no resto das comunidades autónomas, porque as leis están para cumprilas os gobernos. Os gobernos teñen que cumprir as leis.

A lei á que vostede se refire fixa os obxectos das políticas públicas en materia de saúde sexual e reprodutiva con medidas tanto no ámbito sanitario como no ámbito educativo, e elabora a estratexia nacional de saúde sexual e reprodutiva, que serve como instrumento de colaboración das diferentes administracións públicas, e Galicia, como comunidade autónoma, participa nesa estratexia.

Todo o que se fixo, se fai e se fará en Galicia xa llelo contou o conselleiro de Sanidade na interpelación do pleno pasado, polo que non vou repetir aquí o que se dixo; está no *Diario de Sesións*.

Vostedes hoxe traen unha iniciativa un pouco trampa, ¿non?, preguntando se apoiamos inequivocamente a lei. Nós, señor Torrado, apoiamos inequivocamente as mulleres galegas, apoiamos inequivocamente a liberdade da muller e apoiamos inequivocamente as mulleres que elixan ser nais ou non selo. (*Aplausos.*) Nós cumprimos a Lei 2/2010, pero preguntome: ¿apoian vostedes inequivocamente a Red Madre? ¿Apoian vostedes inequivocamente as mulleres que queiran ter fillos? Nós apoiamos as mulleres sempre, en todo o que decidan, sen facer excepcións. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E digo que verdadeiramente nos produce ás mulleres unha sensación de tristeza que se pretenda dividir nun tema de conciencia que non é propio de ningunha ideoloxía. E tanto como muller como deputada do PP de Galicia digo: a lei cúmprese.

Falan vostedes dun desgraciado caso que ocorreu no ano 2012 —a sentenza é do 2016—, un erro que dende logo nós —créame— lamentamos profundamente. E somos conscientes de que a situación psicolóxica da nai pode ser moi delicada neses casos. E si se fixeron cousas para evitar precisamente que isto volvесе ocorrer. Estableceuse como centro de referencia para os IVE de máis de vinte e dúas semanas o Hospital Álvaro Cunqueiro da EOXI de Vigo, e desde xaneiro de 2019 tamén o Complexo Hospitalario de Ourense foi autorizado como segundo centro de referencia na Comunidade Autónoma de Galicia para os IVE de máis de vinte e dúas semanas.



Falan vostedes —e non me parece serio— de Casado e ata de Gallardón, e nós tamén poderíamos falar —que non o vou facer— de Ramón Jáuregui, de Alfonso Guerra... está nas hemerotecas. E non o vou facer precisamente por respecto a todas esas mulleres que teñen que tomar a decisión —terrible para elas— de someterse a un IVE.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: O Grupo Parlamentario —vou rematando, señor presidente— do Partido Popular é plenamente consciente de que na sociedade galega conviven múltiples sensibilidades que deben ser respectadas. Moitas, señorías, non só as do Partido Popular ou as do Partido Socialista, dentro de cada partido hai distintas sensibilidades. Non todas as mulleres e os homes do Partido Popular pensan o mesmo, como non pensan o mesmo todas as mulleres e os homes do Partido Socialista.

Fala vostede de que os IVE non se fan na rede pública, e o artigo 13 díxolo claro: «*que se lleve a cabo en centros sanitario público o privado acreditado*», e cúmprese en Galicia absolutamente. Pero tamén hai algo que é importante e non debemos esquecer, que é que a muller pode elixir onde facer a interrupción precisamente. Iso parécenos a nós moi importante, a liberdade da muller para facer uso deste dereito, elixindo onde quere facelo. Nós non imos entrar niso, somos democráticos e gústanos que os dereitos se exerzan individualmente e non por imposición.

Nos últimos anos os datos que nos deu na Comisión de Sanidade —que vostede está nela— o director xeral de Asistencia Sanitaria falan do aumento das interrupcións do embarazo que se fan no sistema público.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Nas de máis de vinte e dúas semanas, máis do noventa por cento; e nas interrupcións de menos de catorce semanas —que son o noventa por cento— máis do cincuenta por cento.

Dende o Grupo Popular non teña dúbida de que nos preocupa enormemente a atención que se lles dá ás mulleres no caso de ter que someterse a un IVE, porque sabemos que é unha situación que calquera muller evitaría se puidese. Por iso, e por respecto á muller, señorías, non queiramos xerar conflito onde non o hai.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer —moi sinceramente ademais— as opinións e a manifestación de apoio dos tres primeiros grupos que faláron aquí, que se manifestaron



hoxe. Houbo algúns comentarios moi interesantes que eu creo que serían merecedores de profundar.

E, dende logo, sobre as emendas —para dicilo xa de entrada— cremos que sería interesante, de verdade, profundar. Algunhas cousas que se plantexaron poderían ser moi minimamente matizadas, e hai moitas outras accións concretas que, dende logo, mellorarían incluso a lei, porque hoxe melloraríamos probablemente a lei e a enriqueceríamos, a experiencia tamén permite ir un pouco máis alá.

Dende a nosa posición, a intención desta iniciativa era resolver o elemento fundamental, que cremos que ademais quedou claro que non está resolto, ou, preocupantemente, que si o está no sentido que non nos gusta. Polo tanto, compartindo as emendas, preferimos votar a iniciativa tal e como é, non porque non as compartamos —algunhas delas incluso están recollidas tal cal na lei—, senón porque cremos que ademais poderían ser motivo doutras iniciativas para ir máis en profundidade.

¿Por que cremos que o importante era a cuestión fundamental? Uso político dos dereitos da muller. Se hai alguén que utilizou os dereitos da muller cun uso político é quen inicia unha campaña electoral dicindo que abortar é facer o mesmo que os neandertais. (*Aplausos.*) Iso é usar politicamente os dereitos da muller. (*Aplausos.*)

Pero é que podo volver lelo, podo ler outra vez a Gallardón dicindo: «*La maternidad libre hace a las mujeres autenticamente mujeres*». ¿É usar un dereito da muller como uso político dicir que se quere derrogar a Lei do aborto —que é unha posición política lexítima, non a compartimos pero é lexítima—? ¿Facelo en precampaña electoral non é usar politicamente os dereitos das mulleres? A ver se imos estar aquí falando de que hai puros purísimos e os demais queremos debater sobre dereitos.

Se hai alguén que fai que este debate estea hoxe —¡hoxe!— moi vivo é o Partido Popular, por dúas cousas. Primeiro, porque non lle gusta esta lei —e non se atreve a dicilo abertamente—; e, segundo, porque lles dá cobertura aos ultradereitísimos que queren anular esta lei. Por certo, algúns deles están fóra, moitos aínda están dentro. E, si, seguro que no Partido Popular, señora Rodríguez, hai moitas persoas moi sensibles. Seguro. E nós desexamos que esas persoas o digan e que gañen esa batalla. Non estaríamos nunca máis contentos de que esta batalla se gañara dentro do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Porque fai falta tamén a dereita para avanzar nos dereitos sociais, tamén a dereita. E por iso cremos que este partido, o Partido Popular, que hoxe ten un problema con esta —como o tivo con outras—, vai chegar tarde, pero aínda así queremos que chegue. Por iso estas iniciativas, para que dunha vez... non sería branquear, sería contribuír a facer unha mellor sociedade, por iso queremos que estean a favor. O lamentable é que vostedes queiran dicir aquí que algunha xente aínda está a favor, pero ao final, na hora da verdade, as sentenzas xudiciais din que non as cumpren, e á hora de votar non están a favor dos dereitos das mulleres. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva desde: «Nesta mesa de diálogo serán tratados, cando menos, os temas seguintes» o seguinte texto:

«- Cumprimento da Disposición transitoria segunda da Lei 4/2008 de creación da AGADIC relativa á estrutura xurídica do CDG e demais unidades de produción adscritas á Axencia, así como a elaboración dun Estatuto do Centro Dramático Galego.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do súa deputada María Isabel Novo Fariña, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reiniciar a mesa de diálogo, creada no ano 2017, volvendo convocar as principais entidades do ámbito das artes escénicas (actores e actrices, compañías escénicas, dramaturgos, programadores, etc...) para tratar da situación actual do Centro Dramático Galego (CDG), e do papel dunha compañía pública de produción teatral no contexto da Galicia do século XXI, tendo en conta as opinións e valoracións do conxunto do sector cultural galego.

A partir das conclusións desta mesa de traballo, abordaranse decisións sobre a priorización na distribución de recursos orzamentarios entre os distintos ámbitos das artes escénicas galegas, os compromisos das administracións locais á hora de programar o CDG, as relacións co sector empresarial galego, os método de selección de elencos, etc...

Todo isto, contextualizado no cumprimento da legalidade vixente e na asignación dos recursos económicos dispoñibles.»).



O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Como vostedes saben, presentamos esta moción como resultado da interpelación feita no pleno pasado ao señor conselleiro de Cultura sobre a situación na que se atopa o Centro Dramático Galego, o centro de produción máis importante de Galicia.

A verdade é que sentimos moito que despois desa interpelación non atopásemos ningún signo de solución nin, a verdade, ningunha esperanza de solución. O señor conselleiro limitouse —como fan sempre, por outra parte— a intentar convencernos de que estamos nesta Arcadia feliz onde non existen problemas.

A verdade é que iso non é certo. Este goberno no eido da cultura —como está pasando no eido de moitos outros sectores— está sumido na improvisación e na deixación, non ten ningunha política nova, non ten solucións, e simplemente fai unha cousa: intentar que non haxa problemas cos sectores e debilitar continuamente tamén os sectores culturais. É intentar «facer que se fai» para logo non facer nada.

Isto non o dicimos nós sen máis, a oposición, o Partido Socialista, senón que o están dicindo moitos sectores distintos. Neste caso —o que a min me corresponde— o sector da cultura, pero acabamos de ver —en todos os plenos estámolo vendo— como outros sectores fundamentais como o sanitario están en pé de guerra continuamente contra as políticas do Goberno; e o mesmo pasa con cultura, e neste caso co Centro Dramático Galego.

O que estamos a facer nós neste momento aquí é transmitir a esta cámara as inxerencias e os problemas manifestados polos profesionais do teatro. Non son simplemente as nosas ideas ou a nosa política —que tamén—, senón que neste momento estamos a cumprir a nosa obriga como representantes públicos de traer aquí a voz dos profesionais e, neste caso —como dicía—, do Centro Dramático Galego, unha institución creada hai máis de trinta e cinco anos para dar resposta ás necesidades do sector e que estaba chamado a ser —e durante un tempo o foi— o grande impulsor do teatro en lingua galega, porque é un grande instrumento de normalización da nosa lingua. Estaba chamado a poñer en marcha proxectos teatrais que non son posibles por parte de compañías privadas, é dicir, compañías no noso país en xeral pequenas, con pouco capital, que non poden facer grandes producións, producións en gran formato, e é o Centro Dramático Galego o que estaba chamado para facer iso.

A súa situación agora mesmo, despois de dez anos de goberno do Partido Popular, é de extrema debilidade, e non está para poder cumprir a súa función de impulsar o teatro ou de crear novos públicos. É unha política que dicía que era de debilitación dos sectores, que se está a levando a cabo noutras facetas, e neste caso tamén nas artes escénicas globais.

O señor conselleiro na interpelación pasada, en lugar de falar do Centro Galego, falaba das artes escénicas e louvaba a súa política, pero nada máis lonxe da realidade, porque o Centro Dramático non está presente realmente nunhas políticas activas.



Para que as súas señorías poidan facerse unha idea do que estou dicindo, o Goberno acaba de presentar a Estratexia da cultura galega 2021. Un pensaría que o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego terían que estar nesta estratexia da cultura, dado que é unha estratexia de cara ao ano 2021, pero podo asegurarlles que non está —nin sequera se cita— o Centro Dramático Galego.

E das artes escénicas voules ler textualmente o que di a Estratexia 2021 deste goberno. O obxectivo de toda unha estratexia da cultura é fortalecer o sector das artes escénicas, ¿e como?, e di textualmente: «O sector das artes escénicas é un dos que máis posibilidades de evolución teñen na actualidade, pero presenta certas dificultades, que se pretenden atallar mediante medidas e experiencias que analicen a viabilidade para afrontar os retos do século XXI, con especial fincapé no eido educativo e na colaboración con outros sectores da cultura».

¿Entenden que isto é unha estratexia? ¿Entenden algo? —xa por dicir—. Porque aquí o que se entende é o seguinte, que o teatro, unha arte que naceu centos de anos antes da nosa era e que sobreviviu miles de anos, parece que agora temos que repensar se vai sobrevivir ao século XXI. Se é esa a pregunta, xa lles digo eu que si, que despois de tantos séculos vai sobrevivir aos retos do século XXI. ¿Esa era a pregunta? ¿Esa era a estratexia? ¿O teatro soamente ten valor no eido educativo? ¿Soamente vale para colaborar con outros sectores da cultura? É que é imposible nin sequera entender o que din sobre isto.

O mesmo Consello da Cultura Galega denunciaba hai uns anos nun informe a lamentable situación das artes escénicas no noso país. Decía textualmente que había carencia dunha política orientada ao desenvolvemento do teatro en canto sector estratéxico. E falaba tamén da necesidade de elaborar un plan estratéxico das artes escénicas; plan estratéxico que eu recordo que levan prometendo o Partido Popular e o Goberno dende o 2009. Estamos en 2019 e a verdade é que non hai moitas esperanzas de ter un plan estratéxico; plan estratéxico que están pedindo o Consello da Cultura Galega e o sector das artes escénicas, pero que non o haberá.

Desta maneira, e dada a situación de esmorecemento e empobrecemento cada vez máis limitada do Centro Dramático Galego, nós traemos aquí unha moción, e quero dicirlles —sobre todo ao Partido Popular, que seguramente o entenden perfectamente— que non está aquí a nosa política. Se vostedes a len, non estamos dicindo que hai que facer isto ou hai que facer o outro ou hai que... aquí está soamente algo que creo que é esencial e que é a obriga de calquera persoa dedicada á xestión política: escoitar o sector e os profesionais, e montar unha mesa de diálogo xa para tratar unha serie de temas que son os graves problemas que ten agora o Centro Dramático Galego, moitos deles creados pola propia política do Partido Popular. Polo tanto, é crear unha mesa de diálogo para tratar, por unha parte, da estrutura xurídica do Centro Dramático Galego; unha posibilidade de nova estrutura xurídica que está aberta na lei de creación de Agadic, na disposición transitoria segunda, que marca a provisionalidade da adscrición dos centros de produción a Agadic. E ábrese a posibilidade de crear un ente específico. Neste senso, temos que dicir que por suposto imos aceptar a emenda do BNG, que deixa a situación máis clara.

Relacionada con esta posibilidade de crear un ente xurídico ou unha nova estrutura xurídica, está o grave problema da contratación de elencos para o Centro Dramático, que se fai dende



o 2016 seguindo un marco lexislativo de contratación pública e de función pública que non é adaptable á realidade da creación artística. Nós non dicimos, por suposto, nin o sector di, que non se cumpra a lei; o necesario é crear un marco lexislativo diferente. Un marco lexislativo que, por certo, está o Ministerio tentando alcanzar coas outras comunidades, que foron chamadas a unha reunión en decembro, á que foi chamada tamén a Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Pero miren por onde: nin en Agadic nin en toda unha consellería había nin unha soa persoa disposta que puidese ir a esa reunión co ministerio; reunión á que non se foi por motivos partidistas única e exclusivamente, que é como entende a xestión política o Partido Popular.

Ben, é necesario falar disto, como —e soamente o leo porque non teño tempo a explicalo, pero expliquei na interpelación todos os problemas do Centro Dramático— analizar o orzamento necesario; as relacións coas compañías; a convocatoria do Consello Asesor, un consello asesor que unicamente se convocou unha vez, no ano 2012, e desapareceu, nunca máis, porque os consellos asesores ao Partido Popular como que non lle gustan. Unha nova política de distribución; un aumento de producións propias, porque non podemos estar cun centro de produción cunha única obra que, como máximo, ten dez actores, cando o gran formato era realmente a obriga das producións do Centro Dramático, e os procesos de selección de elencos. E como simplemente é falar co sector e chegar a todos os acordos que se poida...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...creo que pode ser aprobada por toda a Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Falaba a señora Burgo dese plan estratéxico das artes escénicas que o Partido Popular leva prometendo desde o ano 2009 e que leva incumprindo desde que entrou pola porta de San Caetano, porque estaba feito desde o ano 2008. (*Aplausos.*) Está pendurado aínda na rede. Un plan estratéxico das artes escénicas que quedou feito despois de moitas horas de traballo do propio sector das artes escénicas e da man do Bloque Nacionalista Galego na Consellería de Cultura; un plan estratéxico que tiña unha visión integral do que as artes escénicas supoñen e representan como parte fundamental da cultura deste país para o desenvolvemento humano, social e tamén económico do noso país.



Metérono nunha gabeta e lévano incumprindo desde o ano 2008 por puro sectarismo político, como tantas outras cousas que quedaran feitas daquel goberno —que todo o mundo sabe que tiña sete cabezas, cornos e rabo— que era o Goberno Bipartito. ¡Por puro sectarismo político! E que como vemos, de verdade, nin sequera tiveron a decencia de recuperar para esa Estratexia da cultura 2021, na que, efectivamente, nin se menciona o CDG nin o Centro Coreográfico, nin o CGAI, nin ningunha outra institución da cultura deste país. Non sabemos moi ben con que obxectivo se fixo esa estratexia.

Nós, desde o BNG, imos apoiar a proposta que trae hoxe o Partido Socialista, á que presentamos unha emenda da que falarei agora. Cremos, ademais, desde o BNG —trasládalo na Comisión de Cultura ao propio director de Agadic—, que é o momento de abrir ese proceso de reflexión que o sector das artes escénicas vén reclamando desde hai anos á Xunta de Galiza, toda vez, ademais, que no mes de outubro se fará efectiva a dimisión, a saída, da actual directora e que Agadic ten a obriga de iniciar un concurso público para a escolla, para a selección, desa nova dirección.

Como xa dixemos —insisto— desde o BNG, ese concurso nós entendemos que debe contemplar nos criterios de selección da persoa que vaia dirixir o Centro Dramático Galego —ten que ter moi en conta— esa necesaria refundación que —insisto— vén reclamando o sector das artes escénicas e que ten como elemento central esa estrutura xurídica propia, que garanta o correcto funcionamento, e, sobre todo, o cumprimento do obxectivo para o que foi creado o Centro Dramático Galego, que é ser o teatro nacional deste país, ser o buque insignia das artes escénicas. E, nese sentido, nós recollemos na nosa emenda —como xa a señora Burgo facía referencia— o que di literalmente a Lei de creación da Agadic do ano 2008 e esa disposición transitoria segunda, que prevía a creación dun ente específico para a xestión e a coordinación dos centros de produción cultural de titularidade pública: o Centro Dramático Galego, por suposto; pero tamén o Centro Coreográfico Galego, que leva durmindo o sono dos xustos outra década tamén. Non morreu, está crioxenizado, porque supoño que facelo desaparecer era excesivo para o Partido Popular, pero sen ningún orzamento, sen ningunha actividade nin programación, as cousas non serven para nada.

Nós entendemos —e así o recollemos tamén na emenda— que, xunto con ese proceso de reflexión, esa refundación e a dotación dunha estrutura xurídica específica para o Centro Dramático, a Xunta de Galiza debería impulsar un estatuto para o Centro Dramático Galego como Teatro Nacional de Galiza que é, como o buque insignia —insisto moito nisto— das artes escénicas...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...do noso país. E deberían saltar as alarmas na Consellería de Cultura no momento en que en todos os sectores das artes escénicas do noso país nin sequera senten como propio o Centro Dramático Galego. Aí debería abrirse un proceso de reflexión por parte de calquera goberno que tivese vontade de facer política.

Nós entendemos que ese estatuto ten que recoller unha parte das cuestións, dos asuntos, que se propoñen para abordar nesa mesa de diálogo, que son os procesos de selección da



dirección; o funcionamento do propio Consello Asesor, que non pode ser como o Guadiana, que aparece e desaparece en función da vontade de cada dirección; a elaboración dun plan director que abrangue o proxecto artístico e o seu marco financeiro; a dotación dun orzamento estábel para que poida funcionar debidamente a institución, ou, por exemplo, plans anuais de actuación, por poñer simplemente algúns elementos sobre a mesa.

Nós agardamos que se acepte a nosa emenda. Insisto en que imos apoiar a iniciativa. Cremos que é o momento de escoitar o sector, que leva falando demasiado tempo sen ser escoitado por parte do Goberno.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Novo.

A señora NOVO FARIÑA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Rodil, faláron do plan estratéxico. O gran plan estratéxico do BNG foi suprimir o Ballet Galego Rey de Viana por puro sectarismo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Hoxe o Partido Socialista trae unha moción en relación co Centro Dramático Galego para poñer en marcha unha mesa de diálogo co obxectivo de tratar os problemas e buscar solucións.

Por certo, xa se creara unha mesa no 2017, cun acordo sobre a contratación ata que se abandonou o diálogo. E foi o conselleiro quen manifestou no pasado pleno que mantiña a disposición para retomala sen ningún problema. É máis, señora Burgo, vostede falou dunha reunión que houbo en Madrid. A min gustaríame preguntarlle que avances houbo despois desa reunión nestes sete meses. Nada. ¿Que avances houbo? Nada. Pero, en cambio, xa se abordou en diferentes debates a política do Goberno galego en relación coas artes escénicas.

Contextualizando, o Centro Dramático Galego forma parte da estrutura da Agadic e centra a súa actividade na produción, na formación e na creación teatral. A súa traxectoria comezou no ano 1984, co obxectivo de contribuír á normalización e á regularización da actividade teatral galega. Trinta e cinco anos funcionando nos que mudaron moitas cousas no ámbito do sector escénico. Así, a actividade cultural e teatral evolucionou: máis equipamentos e oferta cultural, como unha ampla oferta con compañías privadas que son capaces de representar calquera montaxe.

Pero, ¿que queremos dicir? ¿Temos que adaptarnos aos novos tempos? Si. Claro que vai sobrevivir, señora Burgo, pero temos que afrontar novos retos e cambios sociais, sen esquecernos, por suposto, da importancia do papel do Centro Dramático Galego, que tanto



aportou e contribuíu ao sector escénico e de seguro que o seguirá facendo. Nisto, señora Burgo, creo que estaremos todos de acordo.

Falan vostedes tamén de dotar o centro de orzamentos, de autonomía e dunha estrutura xurídica propia. É certo que houbo anos difíciles, e vostedes saben ben por que foron. Saben como se colleu o legado económico e as medidas que houbo que adaptar, pero saben tamén que ten un orzamento propio, que tanto cuestionan como outros tantos temas. Saben que nestes últimos anos o orzamento da Xunta adicado ás artes escénicas medrou, superando o investimento previo á crise. Vemos apoio con feitos e con datos. Medrou, superando o investimento previo á crise. Si.

Por outra banda, vostedes teñen o eterno dilema: maior autonomía, maior independencia, maior control do Agadic ou do Centro Dramático. Téñense que aclarar vostedes, porque o director ten competencias plenas para decidir sobre a produción, sobre a coprodución, sobre a distribución, a actividade... E no ámbito da contratación o que se fai é cumprir a lei. É unha compañía pública que ten que asegurar as condicións de contratación dentro da legalidade. Supoño que nisto estaremos de acordo tamén. Estamos de acordo en buscar solucións, pero dentro da legalidade... Cumprir a legalidade que tantas veces vostedes avogan, pero en ocasións, noutras non. E nós estamos de acordo en cumprir sempre a lei.

Nas súas diferentes intervencións fala de abandono, de esmorecemento, de falta de vontade política, de planificación para impulsar o centro, de que non se escoita o sector e que non se ten diálogo. Eu reitero unha vez máis que o propio conselleiro manifestou a súa...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora NOVO FARIÑA: ...disposición para retomar a mesa de diálogo.

Nós defendemos como estratexia traballar man a man co sector para garantir que os galegos e as galegas teñan unha oferta cultural o máis rica posible, co desenvolvemento e o progreso das artes escénicas, buscando un acordo e un consenso que garanta o futuro do Centro Dramático Galego.

Estamos de acordo en atopar solucións. Neste sentido presentamos unha emenda para reiniciar a mesa de diálogo que se creara no ano 2017, na que estean representados todos os axentes implicados, para tratar a situación actual do Centro Dramático Galego no contexto da Galicia do século XXI, tendo en conta, por suposto, o sector cultural, as súas opinións e valoracións, e sempre, sempre, contextualizado, cumprindo a legalidade e tamén tendo en conta os recursos dos que dispoñemos. Sempre cumprindo a legalidade e contando cos recursos dos que dispoñemos.

Entón, nós esperamos que acepte a nosa proposta, esta emenda, para un futuro do Centro Dramático Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Novo.



Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Pois agora que o PP se apunta niso tan soviético de incorporar leiras abandonadas ao Banco de Terras, a ver se tamén se apunta á defensa das artes escénicas deste país. Porque a realidade é que o Centro Dramático Galego, dende o 2009, foi maltratado pola Administración, comezando por ese recorte de orzamentos —parece que tiñan aí un rifirrafe— e de capacidade de traballo que é manifesta, como así o denunciou a propia Asociación de Actores e Actrices de Galicia, que falan mesmo da parálise que viviu a institución dende a dimisión de Manuel Guede en 2015 ata a incorporación de Fefa Noia en xaneiro do 2016. Chamarlle anos difíciles é un pouco eufemístico.

Tamén denuncia esta asociación que o centro continuou nunha liña de mínima actividade, programando unicamente unha produción ao ano cun máximo de dez intérpretes en escena —xa foi exposto aquí—. A situación chegou a tal punto que é fundamental pedir algo tan simple como o diálogo, que é o que pide esta moción. Diálogo que, por certo, debera ter sido impulsado pola propia Xunta e non vir a rebufo das reclamacións lóxicas do sector, que, por certo, xa comezaron hai bastante tempo.

Lembremos que no ano 2018 a todos os grupos parlamentarios lles foi trasladada esta situación pola Asociación de Actores e Actrices. Descoñezo eu polo menos se finalmente se reuniron co Partido Popular, pero a situación foi trasladada, a situación foi comunicada, e simplemente se ofrece ese diálogo a rebufo non só dunha iniciativa parlamentaria, senón de que sae nos medios de comunicación e ponlles esa mancha de falta de diálogo real nesa Galicia tan fantástica que pintan moitas veces.

¿Resultado? ¿Para nós cal é o resultado global e o fondo da cuestión? É que durante estes anos o Centro Dramático Galego non cumpre cos obxectivos para os que foi creado, que é fomentar e distribuír a dramaturxia galega e crear un significativo número de postos de traballo no sector. Nin unha cousa nin a outra se se mantén a parálise.

Como dicía, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia trasladou a todos os grupos a necesidade de maior contratación de intérpretes e as dificultades que tiñan: a escasa produción propia —isto tamén ten que ver, obviamente, co orzamento—, a mingua das xiras de distribución, a polémica arredor dos procesos de selección de elencos —que xa foi exposta aquí— e tamén a falta de diálogo coa Administración, algo tan simple como o diálogo.

Por iso imos apoiar esta moción, porque nos parece esencial, e ademais parécenos que é esencial tamén que se acepte a emenda do BNG. Parécenos esencial que se fale sobre esa estrutura xurídica do propio CDG, coa necesidade de que non é nada revolucionario o que se propón, que é desenvolver a propia lei de crear un ente específico. Adscribíense provisionalmente á axencia, á Agadic —estamos a falar da lei pola que se crea a Axencia Galega de Industrias Culturais—, os centros de produción, de arquivo, de información e de investigación cultural dependentes do Igaem naquela altura, en tanto non se cree un ente específico para a xestión e coordinación dos centros de produción cultural de titularidade pública. Diálogo e cumprir a lei, non se pide nada máis.

Consideramos que esta moción debería ser aprobada por unanimidade. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Genaro Mariñas del Valle: Lorca dicía que un pobo sen teatro era un pobo morto, que é o mesmo que dicir que un pobo con teatro é un pobo vivo. Coincidimos.

Temos un rico patrimonio, non temos unha cultura ágrafa. Non nacemos onte, temos pasado. Somos herdeiras das Irmandades da Fala e de Nós, e temos un presente vizoso con problemas e un futuro, dende logo, que non pasa pola morte do noso teatro nacional e institucional.

Hai tres problemas, por citar algún: desestruturación, precariedade e inestabilidade. Teñen solución. É necesario e saudable ter un teatro nacional sólido, así é en case todos os países do mundo: Asia, Europa e mesmo en África; e, dende logo, tamén en América. O centro nacional ou o centro institucional cumpre moitas funcións, dúas fundamentais: unha, facer país; e, dúas, cohesionar comunidades. É un espello onde podemos contemplarnos e comprendernos. Necesitamos este teatro nacional.

¿Cando nace o teatro profesional en Galicia? A data está no ano 1978, con *Laudamuco*, *Señor de Ningures*, do magnífico Roberto Vidal Bolaño, que tamén foi académico deste país.

Da resistencia á afirmación, o CDG pasou —digamos— cinco etapas. A primeira con Eduardo Alonso á fronte, que foi pioneiro, e foi realmente quen deseñou un superobxectivo: un teatro para un país, e a partir de aí foise desenvolvendo. Nesa primeira etapa pasaron tamén pola dirección Ernesto Chao, Puceiro, Blanco Gil, Dorotea Bárcena —en funcións, non chegou a ser directora—. Unha segunda etapa, catorce anos, de Manolo Guede. Manolo Guede perpetuouse moito pero creou tres eixes: dramaturxia galega, contemporánea e clásica universal, que se manteñen hoxe mesmo mudando as formas, as tendencias e as liñas. Eu estiven na terceira etapa, brevemente, pero creo que foi fecundo o paso. Hai que salientar o paso, nesta terceira etapa, de Cristina Domínguez. A Cristina Domínguez tocoulle o cambio entre o Igaem e a Agadic —en feminino, por favor, estamos falando dunha axencia—. Nese momento xusto de 2008 —acelérome pero porque me apaixono, non estou enfadada, é un tema que me move e que conmove, por supostísimo—, precisamente, é cando está a disposición transitoria segunda, tan nomeadamente aludida, porque aí se di: ten carácter provisional. O centro de produción é provisional ata que non se faga un ente específico para a súa xestión. Por favor, ¡escoiten isto!, ¡provisional!, ¡once anos de provisionalidade! ¿Isto que é? Na cuarta etapa, Manolo Guede. Na quinta, Fefa Noia... Coñecemos todos e todas o que pasou porque se expuxo con moita claridade.

Si que mudan os tempos, señora voceira Novo Fariña, do PP. ¿Sabe?, é un erro, ¡o recorte en cultura foi do sesenta e cinco por cento! Recuperouse nestes últimos catro anos un



chisquichiño. Non chega o orzamento do Centro Dramático a cincocentos mil euros, calquera municipio francés ten máis e calquera dos centros... En Cataluña son trece millóns —claro, non nos imos comparar—, pero eles teñen sete millóns de habitantes e nós dous e medio.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Si.

A coordinadora, que non directora —hai unha degradación do posto de traballo; en case todas as comunidades que teñen centro dramático, que son a maioría, ten rango de alto cargo—, non ten esa autonomía que lle atribúen, non chega aos trinta mil euros ao ano.

O conselleiro falou de moitas cousas. Entre outras, dixo cousas moi duras que doen e proen. Dixo que a oposición tiñamos unha tendencia inquisitorial. ¡A Inquisición! ¿Onde se viu que o representante máximo da Consellería de Cultura insulte desta maneira non só a todas as súas señorías, incluíndo a esa bancada, senón a toda unha profesión?

Non existen empresas comerciais no noso país; todo é teatro público. Teñen que discriminar entre o que é teatro institucional e o que son as compañías, que son como pequenas empresas en precario, ¡están vivindo unha paisaxe desolada! O problema é complexo; pode resolverse.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Tamén falou o conselleiro do nó gordiano. Eu direi catro cousiñas: pódese, non con subvencións solapadas, non hai tales coproducións, e ten que haber concorrencia competitiva. Ninguén fala de inxerencia, no século XXI ningunha sociedade democrática pode tolerar a inxerencia política, o teatro está para facer país. A política faise aquí, eu non son profesional da política, pero si son profesional do teatro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña. Terminou o seu tempo.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, seguiremos co tema. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Señor presidente.

En primeiro lugar quero agradecer o apoio de todos os grupos da oposición e agradecer tamén as súas palabras. Sobre todo, señora Cuña, sei que vostede, loxicamente, o vive e coñece moi ben este problema.

Señora Novo, a ver, o único que se deduce das súas verbas é que non hai ningunha vontade política de arranxar os problemas do Centro Dramático e, dende logo, ningunha vontade



política de dialogar co sector, que é o que se está pedindo. *(Aplausos.)* ¡Claro! Porque non hai vontade.

Non podemos falar de reiniciar unha mesa que non ten nada que ver co que se está pedindo aquí. Esa mesa de 2017 foi para falar da contratación de elencos, e cando se intentou falar de algo máis non se lle deixou falar ao sector. Unha mesa, ademais, que estaba convocada pola directora do Centro Dramático. O que é necesario é unha mesa convocada polas máis altas instancias e con poder de decisión, por suposto.

En canto ao orzamento, revise os datos, señora Novo, porque dicir que houbo que baixar o presuposto... Eu non sei o que considera vostede baixar, se é pouco ou é a necesidade de baixar un setenta e cinco por cento, porque un setenta e cinco por cento foi o que descendeu o orzamento das artes escénicas. Agora subiu un pouco e estamos aínda nun recorte dun cincuenta por cento, ¡cincuenta por cento!

¿Que política se pode facer? ¿Como se pode dicir que hai vontade política de impulsar un sector cun recorte dun cincuenta por cento? *(Aplausos.)* Por favor, non nos tomen por tontos, polo menos. *(Aplausos.)* Dígolle tamén, señora Novo, que todo isto son reivindicacións do propio sector, dos sectores profesionais. E aínda habería que... Non o engado porque non teño tempo.

En primeiro lugar, por suposto que aprobamos e aceptamos a emenda do BNG. A súa, señora Novo, non podemos aceptala porque non sei se vostede se fixa en que é todo o contrario do que pedimos e non hai nada do que se solicita.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Nin mirar un novo ente xurídico, nada parecido. Só pediamos diálogo, pero está claro, señora Novo, está claro, señoras e señoras do Partido Popular, que vostedes non queren dialogar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Bloque Nacionalista Galego, e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda número 1, de adición.



Débase engadir ao remate do punto 6 a seguinte expresión:

<<...reforzando, neste eido, a Atención Primaria.>>

Emenda número 2, de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

<<7. Desenvolver o punto 12.3 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, mediante a elaboración dun estudo exhaustivo sobre a situación laboral das persoas LGTBI en Galiza antes de remate de 2019.>>

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Modificar os puntos 3, 4 e 6 que quedarían redactados da seguinte maneira:

<<3. Introducir as modificacións oportunas no Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero para garantir unha composición equilibrada entre representantes da administración e do colectivo LGTBI así como para incorporar as achegas dos colectivos sociais e do tecido asociativo, co fin de que sexa un órgano verdadeiramente útil e participativo.

4. Dotar dos recursos económicos, humanos e materiais necesarios a rede de Centros Quérote+ como servizo de información e asesoramento en materia afectivo-sexual e de apoio das persoas LGTBI. Así mesmo, mudar o Decreto 130/2016 do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos CIM de titularidade das entidades locais de Galiza, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, para que non teña que darse atención nestes e se leve a cabo de maneira específica. 130/2016 do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos CIM de titularidade das entidades locais de Galiza, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, para que non teña que darse atención nestes e se leve a cabo de maneira específica.

6. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir ao Goberno español para que introduza as mudanzas necesarias na Lei 3/2007 de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas co obxectivo de garantir os dereitos das persoas transexuais menores de idade nesta materia.>>).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Trenor López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Seguir a cumprir a disposición adicional da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, de información ao Parlamento tal e como se fixo no ano 2018.*
- 2.- Continuar a promover a incorporación de novas entidades do movemento LGTBI ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, así como incorporar as súas achegas ao mesmo.*
- 3.- Integrar nos sucesivos plans de formación do persoal dos CIM formación específica para dar un óptimo cumprimento ás competencias en materia de atención ás persoas LGTBI, que o Decreto 130/2016 lles permite exercer, contribuíndo así ao mantemento dunha rede profesionalizada e de ampla cobertura para a atención das persoas LGTBI en todo o territorio galego*
- 4.- Facer seguimento da implantación do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, e levar adiante medidas para o seu coñecemento, garantindo a súa aplicación co conxunto dos centros educativos.»).*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Volvemos debater hoxe sobre os dereitos das persoas LGTBI e facémolo xustamente tendo moi presentes os debates que se deron nesta mesma cámara e tamén os debates que se están dando no conxunto da sociedade, porque, por sorte ou por desgraza, cada vez se están clarificando máis as posicións políticas de todos os grupos.

Entendemos que a moción que traemos hoxe recolle cuestións moi básicas, de mínimos; de feito, moitos dos puntos deberían estarse levando adiante se se cumprise coa lexislación actual. Unicamente se se cumprise coa lei que xa se aprobou no 2014, xa se deberían estar facendo. De feito, cada vez que hai un debate sobre este tema o Partido Popular utiliza esta lei de 2014 como defensa dos dereitos das persoas LGTBI, pero non fan en ningún momento avaliación de por que cinco anos despois da súa aprobación — ¡cinco anos! — non fixeron absolutamente nada. Incluso na interpelación de hai quince días o conselleiro non respondeu ningunha das nosas preguntas sobre as actuacións concretas e sobre o cumprimento concreto de moitos dos artigos, porque, en realidade, se contestase, quedaría en evidencia que a lei quedou en papel mollado, que todo foi boa vontade, boas palabras, pero que non fixeron absolutamente nada.

Cremos que non hai vontade política, por iso un dos puntos da nosa moción pide que se avalíe de maneira urxente esta lei para ver por que se están incumprindo sistematicamente moitos dos artigos que esta recolle, e que facer para que isto cambie de momento.



Cremos que son moitos os ámbitos onde hai que actuar. Por exemplo, no ámbito educativo cremos que é inadmisibile que lanzaran un protocolo educativo —feito, por certo, polas asociacións; moi bo traballo—, pero que despois de implantalo non fixeran ningún tipo de seguimento. De feito, coa emenda do Partido Popular están recoñecendo que non se fixo esa avaliación de quen está implementando o protocolo e como está funcionando. Creemos que deberían avaliar por que están fallando de maneira tan importante nos dereitos destas persoas.

Cremos que estamos nun momento decisivo, porque —como digo— socialmente este debate está cada vez máis presente. Levamos semanas vendo que hai moitos grupos que pretenden criminalizar as persoas LGTBI, as persoas que defenden o dereito a ser e o dereito a amar a quen se queira e como se queira; estamos vendo moitas mensaxes odio e banalizando a violencia; estase intentando volver ao pasado con dereitos que custou moito tempo conseguir.

Nós entendemos que con esta cuestión só hai dúas posicións posibles: ou se está a favor dos dereitos das persoas ou se está en contra, non hai máis posicións intermedias. E temos que dicir que, a verdade, nos sorprende —ben, non nos sorprende, preocúpanos— que o Partido Popular estea decidindo nos últimos tempos pactar xustamente cos homófobos. Está pactando coa xente que está afirmando publicamente que as persoas que non son heterosexuais son enfermas, que está dicindo que o Día do Orgullo é un espectáculo bochornoso e outras cualificacións aínda máis insultantes que non me apetece reproducir. Están pódose do lado de quen insulta e de quen agride sistematicamente o colectivo.

Por iso, nós hoxe pedímoslles claridade, que sexan claros co que defenden e co que van facer. Porque, ademais de claridade, moitas veces vemos —en concreto aquí, en Galicia, co Partido Popular galego— como din unha cousa, pero despois fan outra totalmente diferente.

Como digo, da lei de 2014 pasaron cinco anos; hai moitas cuestións que poderían facer nestes cinco anos, e non fixeron absolutamente nada.

Pero tamén é verdade que, fronte a estes grupos e a esta xente que pretende que volvamos ao pasado, tamén está aparecendo con moita forza moita xente que está defendendo un futuro diferente, un futuro tolerante e un futuro inclusivo e en liberdade. Creemos que as mobilizacións e todos os actos celebrados con motivo do Día do Orgullo, eses milleiros de persoas que saímos ás rúas a reivindicar todo o que aínda queda por facer, son unha boa mostra de que tamén hai esperanza e de que hai outra moita xente que está marcando o camiño dun futuro diferente.

Neste tema, como en moitos outros, cremos que os propios colectivos LGTBI, o tecido asociativo, as persoas LGTBI e as súas familias son quen deberían estar marcando o camiño e marcando as políticas públicas que deberíamos levar adiante. De feito, moitas veces son elas as que teñen que estar asumindo a responsabilidade de moitas cousas que a administración non está facendo por deixamento de funcións. Creemos que hai que contar con eles como axente prioritario de diálogo e escoitalos, pero de verdade.

E neste punto, por exemplo —falamos do punto da moción que fala do observatorio—, nós cremos que é fundamental que exista este espazo, un espazo de diálogo coas asociacións, de



buscar e analizar que discriminacións se están dando no noso país e de recoller melloras, pero cremos que este espazo debe ser un espazo plural de verdade. No día de hoxe temos un observatorio onde a Xunta de Galicia ten a representación maioritaria; quere vender que é algo plural e aberto, pero na práctica a gran maioría das persoas que forman parte deste observatorio son membros, directamente, da Xunta de Galicia. Non escoitaron decenas de alegacións que lle fixeron as asociacións a este observatorio, ao regulamento; negáronse sistematicamente a escoitalas. Cremos que é fundamental incorporalas e reformular este observatorio, porque concordamos con que ten que haber un espazo coma este, pero non concordamos coa forma na que se levou adiante, porque o peso principal teno a Xunta. Entón, para escoitarse a si mesma, entendemos que non son eses os organismos que necesitamos, senón que necesitamos un organismo que escoite verdadeiramente a xente que está fóra.

Por outra banda, volvemos insistir nesta moción tamén nos dereitos das persoas trans. Cremos que no día de hoxe a situación é moi grave: hai un baleiro legal en Galicia para estas persoas. E no día de hoxe hai unha situación totalmente discriminatoria: hai persoas que teñen sorte e hai outras persoas que non teñen sorte; hai quen é tratada como unha enferma, que está tutelada e que é cuestionada, e hai outras persoas que non, que tiveron sorte e que non foron atendidas dende esta mirada patoloxizante. Pero o que non pode continuar é esta aleatoriedade, que dependa de quen estea do outro lado da porta no médico e dependa de quen estea do outro lado no xulgado que teñas un percorrido ou outro diferente.

Por iso insistimos tanto, porque a lei de identidade de xénero é urxente e é necesaria; non o dicimos nós, foron os colectivos os que realizaron esa lei e eles mesmos foron os que puxeron no papel as súas reivindicacións concretas, as persoas trans e as súas familias.

Dicimos que é urxente porque, en realidade, estamos falando dunha situación moi grave: falamos de vidas, de vidas literalmente, porque moitas persoas trans —polo menos cerca da metade das persoas trans— intentaron nalgún momento da súa vida quitarse a vida, case a metade. Hai que facer unha avaliación de que está fallando de maneira estrepitosa para que case a metade das persoas o intentaran algunha vez e moitas máis o pensaran nalgún momento da súa vida.

Non podemos permitir que haxa unha situación de exclusión tan grave: o nivel de paro deste colectivo supera o oitenta por cento. Non podemos permitir que haxa esta situación de exclusión tan elevada e continuar, como fai a Xunta ata o día de hoxe, mirando sistematicamente para outro lado.

Dixéronllo —non llo dicimos nós— o outro día as propias familias: contáronlle todo o percorrido que tiñan que pasar cando chegaban á unidade de referencia, todas as preguntas. A min gustaríame que, cando debatan sobre esta cuestión, lean, por exemplo, os formularios psiquiátricos que se pasan para ver cal é a súa identidade e que se pregunten como se sentirían se lles estivesen facendo a vostedes ese mesmo formulario, como se unha color ou un xoguete determinado fose marcar quen es e a túa identidade. Son cuestións tan básicas, pero que continúan a facerse no noso país; nesta unidade continúan a pasarse cuestionarios que son totalmente patoloxizantes. Que a túa porta de entrada sexa Saúde Mental xa é un erro de concepción absoluto, porque non son persoas enfermas.



O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Como digo, para nós é fundamental rematar coa aleatoriedade que hai nestes momentos.

Cremos que hoxe teñen unha oportunidade de mostrar de que lado están. Queremos que nos expliquen, por favor, por que non queren darlle para adiante a unha lei de identidade de xénero que é imprescindible e fundamental. Non hai ningunha razón máis que a ideolóxica, máis que que haxa unha contradición evidente entre o que din e o que realmente pensan. Porque, se realmente pensasen o que din na defensa das persoas LGTBI —especialmente as persoas trans—, daríanlle para adiante, porque a situación non pode admitir máis demora.

Cremos que fan falta compromisos firmes e compromisos claros, e hoxe cremos, humildemente, que esta proposta así os contén. Esperamos que saia adiante por unanimidade o conxunto dos seus puntos. Sabemos que seguramente sexa moi difícil, pero eu pediría que desen unha explicación razoada e real —porque tamén estamos cansadas de que digan unha cousa e que fagan a contraria— de por que se opoñen a puntos tan básicos —como digo— como é esta lei tan urxente de identidade de xénero. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: A loita polos dereitos das persoas LGTBI é —sinceramente o creo— unha das meirandes revolucións da humanidade. A autodeterminación de xénero, así como o respecto á diversidade sexual, que é a norma mesma da condición humana, son dereitos humanos. Pero é que a realidade destas persoas é que continúa asidua a discriminación en todos os eidos.

Temos, neste momento histórico, que combater os discursos do odio, e non hai mellor ferramenta —e témola na man— que garantir, por un lado, o cumprimento da Lei galega de non-discriminación, e tamén avanzar na concreción deses novos dereitos.

Lembramos que o PP vetou a tramitación dun proxecto de lei sobre identidade de xénero para o noso país que foi exposto aquí e que foi traballado dende a base polos propios colectivos. Porque houbo un avance social; afortunadamente a sociedade foi por diante das normas, pero, claro, as leis tamén axudan a avanzar e a blindar dereitos. Por iso para nós é fundamental ese punto de comprometerse co impulso desta lei integral galega de identidade de xénero, así como é fundamental impulsar tamén esa lei estatal. O proxecto de lei está desenvolto; só é necesario sentar, consensuar e, por suposto, ter vontade política.

Falando da Lei 2/2014, no seu desenvolvemento nin sequera se cumpriu en prazo coa disposición que dicía que había que remitir no prazo de tres anos un informe sobre a aplicación da mesma. O informe que tería que vir en 2017 chegou a mediados de 2018; era un documento moi pouco profundo e excesivamente triunfalista, e non había datos estatísticos máis que algún copia-pega doutros informes. Por iso, a nós parécenos esencial comprometerse cunha avaliación integral da lei, do grao de cumprimento da lei.



Por outra parte, está a cuestión do desenvolvemento do observatorio: precisa ser reformulado precisamente porque os colectivos que traballan no día a día con esta realidade non se senten plenamente representados e con esa fluidez que necesita un organismo destas características e —como dicimos— tamén porque a discriminación contra as persoas LGTBI continúa en todos os eidos.

O ensino é un eido esencial de traballo. ¿Por que? Porque a loita contra a discriminación e a erradicación do acoso escolar é esencial. Pero é que tamén é esencial unha transformación máis profunda, unha superación do binarismo que comeza xa dende a primeira infancia. Por iso, tamén é fundamental desenvolver a lei, por exemplo, no artigo 25, nese eido de traballo coas familias dende as ANPA, que tampouco está suficientemente desenvolvido. Si o está grazas, en parte, ao gran traballo dos colectivos, que —como xa foi exposto aquí— aportaron á administración material e avanzaron. Pero a administración non é quen de avaliar se se está cumprindo ese protocolo educativo na súa totalidade.

Seguindo coa sanidade, certamente xa non hai excusas para esa patoloxización, por iso é tan necesaria esa lei integral sobre o dereito á autodeterminación de xénero. Na sanidade continuamente as persoas LGTBI trasládannos que, dependendo de con profesional topen, poden ter un bo proceso—no caso das persoas trans— de autodeterminación de xénero ou ter un calvario; por iso cómpre frear esta situación.

A emenda que facemos, no que ten que ver coa sanidade, é incidir na necesidade de reforzar a atención primaria, tamén no aspecto de acompañar e apoiar os procesos de autodeterminación de xénero. É precisa máis formación para profesionais, pero tamén, efectivamente, máis recursos materiais e humanos, porque a atención ás persoas LGTBI, nomeadamente ás trans, debe ser de proximidade e non segregadora, e aí a atención primaria cumpre un papel esencial. Tamén, por suposto, é esencial contar con máis recursos na saúde mental —outra das grandes esquecidas da nosa sanidade—, porque é fundamental —xa foi exposto aquí— nos problemas psicolóxicos aos que se enfrontan estas persoas, porque hai un contorno social que non acaba de aceptalo; ademais, na adolescencia hai uns altos niveis de depresión nas persoas LGTBI.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: A emenda que facemos a respecto do emprego é porque a realidade é dramática: un vinte por cento das persoas LGTBI na Unión Europea afirman ser discriminadas no posto de traballo, e nas persoas trans hai un altísimo nivel de desemprego. Por iso, propoñemos que se poñan prazos a ese punto da lei que pide desenvolver un estudo exhaustivo sobre a situación das persoas LGTBI en Galicia. Consideramos que un dos problemas da falta de desenvolvemento desta lei de 2014 é a falta de concreción de prazos; por iso considerabamos que neste eido do emprego é fundamental este estudo, e poñémoslle prazos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

Vouno coller aquí ao final, onde o deixaba a señora Verao: a falta de concreción, a falta de prazos na lei e —nós cremos— unha falta de vontade política absoluta, un desleixo absoluto co que recollía aquela lei de 2014, que foi vangarda no conxunto do Estado español.

Era a primeira vez que se aprobaba unha lei —en todos os territorios do Estado no ano 2014— que puña o foco no dereito de igualdade e de non-discriminación das persoas pola súa identidade de xénero ou orientación sexual. Pero tamén —témolo dito desde o BNG moitas veces aquí nesta tribuna— nacía coxa, porque lle faltaba, entre outras cousas, ese capítulo de sancións e, sobre todo, porque non atendía como merece a realidade trans, todo o que ten que ver coa identidade de xénero e co respecto ao dereito de autodeterminación de xénero, que apenas aparece referido no capítulo de sanidade, no artigo 20, con catro liñas —dígoo de memoria, pero non son máis—.

Por iso, nós entendemos, e defendemos tamén hai quince días no anterior pleno, a necesidade e a urxencia —entendemos nós— de que se aprobe esa lei galega de identidade de xénero. Porque se Galiza foi vangarda no ano 2014, fomos quedando atrás precisamente porque o resto dos territorios, ou polo menos unha parte dos territorios do Estado español, foron incorporando ao seu marco normativo ese dereito de autodeterminación de xénero e esas leis de identidade de xénero. A semana do 28, do Día do Orgullo, tamén na sesión parlamentaria do Parlamento vasco, por exemplo, incorporaban unha reforma na súa lexislación para despatoloxizar a atención sanitaria ás persoas transexuais. O feito de que a Xunta de Galiza e o Partido Popular teñan unha falta absoluta de vontade e compromiso político con esta cuestión fixo que o noso país fora quedando atrás.

Nese sentido, nós tamén o dicimos: francamente, non entendemos como se pode pensar que o partido que vetou o debate do Proxecto de lei de identidade galega que trouxemos todas as forzas políticas da oposición e que impulsou o propio colectivo LGTB do noso país, quen impediu e quen vetou ese debate mesmo nesta cámara nesta lexislatura, vaia ser quen impulse agora unha lei galega de identidade de xénero. *(Aplausos.)*

Algunhas cuestións tamén para explicar as emendas que presentamos nós, desde o BNG, e que teñen que ver con algunhas cuestións. Aquí falábase do Observatorio LGTB como un espazo de diálogo, de estudo, de análise e, sobre todo, de participación do colectivo LGBT. Para nós é fundamental que se modifique o Decreto 131/2018, porque nacía sen ter en consideración practicamente ningunha das aportacións que fixeron as asociacións e o colectivo LGBT; entre outras, por exemplo: que se axudase a aquelas persoas que fan parte do colectivo —que poden ou non ter un posto de traballo— para poder asistir ás reunións, por exemplo, establecendo axudas; que se fixasen máis xuntanzas que apenas unha ao ano, ou que se procurase unha composición equilibrada, porque —como poden comprobar se acoden ao articulado do propio decreto— a práctica ou a inmensa maioría dese organismo está composta por representantes da administración pública e non do colectivo LGTB ou de persoas expertas no ámbito do estudo, da análise e do traballo arredor da orientación sexual ou da identidade de xénero.



Para nós é fundamental —dixémolo hai quince días, repetímolos agora e farémolo millentas veces— recuperar os centros Quérote Máis —os centros Quérote, orixinalmente— co proxecto co que naceron, que é de acompañamento, de información e de asesoramento en materia afectivo-sexual ao conxunto da poboación e, nomeadamente, de apoio ás persoas LGTB.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Nós non compartimos que sexan os centros de información ás mulleres os que teñan que asumir estas tarefas; teñen outra tarefa enorme, cunha carga de traballo inmensa, e entendemos que, existindo un servizo que naceu con esa vocación, non pode ser desmantelado.

Despois, unha cuestión —e con isto remato, presidente— que para o BNG é fundamental: é a necesidade de que se recoñezan os dereitos das persoas menores de idade transexuais nesa Lei de rectificación rexistral da mención relativa ao sexo do ano 2007. Naquela altura só se recoñeceron os dereitos das persoas adultas, que ademais tiñan que ter unha serie de requisitos, entre outros, á hormonación durante dous anos para poder acollerse a esas mudanzas documentais. Esta mesma semana o Tribunal Constitucional do Estado español resolverá a cuestión dos dereitos das persoas menores de idade transexuais e do seu dereito a cambiar a súa identidade de xénero nos documentos de identidade.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Pero nós cremos que non pode asumir o poder xudicial o que é unha tarefa do poder político e que nós perdemos unha oportunidade inmensa —o conxunto da sociedade do Estado español— na anterior lexislatura, cando había unha proposta de lei trans no Congreso dos Deputados...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e, por falta de vontade política das forzas que están alí representadas, non saíu adiante.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

No 2014 fixemos historia ao aprobar a primeira lei que desenvolveu o principio de igualdade de trato e non-discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. Foi unha lei que tivo moitísimos inimigos, incluso dende antes de estar aprobada. Nalgúns casos era motivado por cuestións discriminatorias e retrógradas; pero non se equivoquen, non só



foi por iso. Moitos inimigos considerábana totalmente innecesaria, ben por descoñecemento ou por non darlles a importancia que teñen aos actos discriminatorios e, sobre todo, ás consecuencias que estes xeran sobre as persoas que os sofren.

Pero tamén houbo, señorías, algúns que se opuxeron á lei única e exclusivamente porque non era a súa lei. Dicimos sempre que a lei foi aprobada por unanimidade, pero non é exactamente así. Houbo un grupo, que se chamaba Alternativa Galega de Esquerda —que despois se dividiu e xerou tamén o Grupo Mixto—, que non quixo votar a favor da lei. Para eles a razón de nove deputados estaba por riba da razón que tiñan o resto dos sesenta e seis deputados e por riba tamén dos intereses dos galegos e galegas e dos gais, das lesbianas, dos transexuais e dos bisexuais de Galicia. Dende o primeiro día ese grupo e despois os seus herdeiros estiveron en contra da lei galega por non ser capaces de acadar acordos moi importantes para moitísima xente.

Miren: cando eu recoñezo —e recoñezoo moitas veces— o traballo das ponentes da lei, fágoo porque foron quen de poñer o interese xeral e tamén o interese de miles de gais, lesbianas e transexuais por enriba de intereses partidistas, dalgúns sectores das súas organizacións aos que lles importa un bledo o colectivo e as discriminacións e o único que lles importa é o seu tacticismo partidista.

Hai xente que nunca creu na lei; só crían nela cando pensaban que o Partido Popular, o grupo maioritario, ía rexeitala. E como non foi así —e o noso grupo, ademais, está moi orgulloso de ser os artífices e os que máis contribuímos a ter a primeira lei LGTBI de toda España—, vostedes levan anos atacándoa, levan anos dedicándose a devaluala e a pedir a súa modificación, a eliminación dalgunha parte do seu articulado ou incluso a súa derogación a través da aprobación doutra lei que anule a maioría do articulado desta lei.

Que curioso, señorías: tanto aqueles retrógrados que estaban en contra da lei como aqueles sectarios que tamén están en contra da lei están unidos; están unidos porque o seu obxectivo é o mesmo, que é acabar cunha lei que representa a maioría dos galegos e galegas. (*Aplausos.*) Isto é así e vese cada vez que a Xunta de Galicia, en cumprimento da lei, aproba unha medida, porque uns e outros saen en tromba. ¿Que a Xunta de Galicia crea o observatorio? Xa saen vostedes o primeiro día a criticar a súa creación. E critican tamén a súa composición, que ademais —quero recordarllelo— segue o mesmo criterio que pasa con outros consellos ou observatorios; polo tanto, sería bo que nos explicasen por que ese criterio é válido para outros colectivos e non é válido para o colectivo LGTBI. ¿Acaso este colectivo é menos importante? ¿Acaso o rigor que ten que ter o observatorio é menor no colectivo LGTBI que noutros colectivos? ¿Acaso nós somos diferentes aos outros colectivos? ¿Por que neses casos eses criterios si que son válidos e non son válidos neste caso? Señorías, deberían vostedes de explicalo.

Faise un protocolo educativo e vostedes critican que non o fixo a Xunta, senón que o fixeron as entidades. Vostedes pensen se a Xunta fixese este protocolo sen contar coa opinión das entidades: dá igual, vostedes criticaríano igual. Critican que o fagan as entidades e criticarían que o fixese a Xunta de Galicia ou que a Xunta de Galicia aplique o que fan as entidades. Pero



nós estamos de acordo en que se faga un seguimento e si que estaríamos de acordo en apoiar ese punto.

No eido sanitario, o mesmo: faise unha instrución e non se lle chama protocolo clínico precisamente para non patoloxizar, pero vostedes tamén o critican sen escoitar sequera as razóns que se están argumentando; sen escoitalas, sen iso. Ou sexa, faise unha cousa precisamente para evitar o que estamos a pedir e, entón, criticamos o mesmo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Do cumprimento do artigo 8, servizo de apoio e mediación LGTBI, que establecía que o servizo de información, atención e asesoramento se fixese en colaboración cos gobernos locais: vostedes, señores do Bloque, non queren que sexa así, e erre que erre cun modelo que ten só presenza nas cidades, non como o outro, que ten presenza en máis de oitenta municipios. Pero ademais, señoría, pode ser polo que vostede di, pero eu penso que simplemente é porque vostedes non son capaces de admitir que o Bipartito xa non gañou as eleccións; non é ese o modelo que quixeron os galegos, e vostedes seguen erre que erre. Vostedes non deixaron votar o outro día unha iniciativa onde podía haber acordos porque consideraban que o que facía o Bipartito era mellor que ese.

Sobre o último punto que vostede propoñía, nós estamos de acordo: hai que facer os cambios necesarios da Lei 3/2007 que regula a rectificación rexistral, e nós apoiáremolo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Houbo un acordo para facelo e, pola disolución das cámaras na anterior lexislatura, non se puido levar a cabo.

Nós imos seguir defendendo —que lles quede moi claro— o cumprimento da lei LGTBI, unha que lei importante...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, para posicionarme sobre a votación si que me gustaría aclarar...

O señor PRESIDENTE: Pero é que terminou o seu tempo.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...o que dicía antes a deputada, a propoñente da iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Veña, dez segundos.

O señor TRENOR LÓPEZ: En relación co punto 1, nós entendemos que a lei LGTBI é integral e que pode dar resposta a todo o que falamos. A mostra diso é que en todas as iniciativas que se traen hai moitísimos puntos de acordo. Dito doutra forma...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moi ben, está entendido xa.



O señor TRENOR LÓPEZ: ...estaba de acordo no contido, pero nós pensamos que a lei LGTBI...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, señor Trenor. Grazas.

(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Hoxe quero comezar a miña intervención en nome do Grupo Socialista: ante os ataques indiscriminados e inxustos que está sufrindo estes días o noso compañeiro, o señor Grande-Marlaska, o primeiro é transmitirle o noso apoio en nome do PSdeG e do Grupo Socialista e tamén o recoñecemento ao seu traballo en defensa dos dereitos das persoas LGTBI. *(Aplausos.)*

Hai un pouco de runrún na bancada do Partido Popular cando menciono o señor Grande-Marlaska. Eu íalles recomendar que lesen o seu libro, pero simplemente detéñanse no título que vén na portada: *Nin pena nin medo. Un xuíz, unha vida e a loita por ser quen somos*. Porque isto vai diso, señorías, a loita por que deixen as persoas que sexan como queiran.

Fronte ao PSdeG, ao Partido Socialista, ao meu compañeiro Grande-Marlaska e a moitos outros, con todo o movemento LGTBI estivemos nesa mobilización esta fin de semana en Madrid. Nós estivemos defendendo e reivindicando todas esas cuestións e eses dereitos que vimos pedindo estes últimos anos. Houbo quen estivo soamente para reivindicarse a si mesmo como partido político e houbo quen estivo —como soe ser habitual no Partido Popular— simplemente para posturear. Membros dun partido político —quérollelo dicir hoxe aquí— que berraban liberdade cando se lles recriminaba a súa complicidade coa extrema dereita homófoba e que tiñan, señorías, a cara de facelo ao carón de persoas que sufriron represión e hostigamento pola súa condición sexual ou de identidade de xénero; moi pouca vergoña, señorías. *(Aplausos.)*

Hoxe vimos aquí, unha vez máis, escoitar que si partidismo, que si política. Confundir política con partidismo é grave, e a nós resúltanos preocupante. Pero aínda o é máis confundir a manifestación do Orgullo como se o fose e querer que sexa unha especie de cabalgata de reis, porque non se trata diso, señorías. Isto pásalle a quen non entende que a política é un motor de cambio de sociedade, a quen non asume que as manifestacións do colectivo LGTBI, desde os inicios da democracia e antes incluso, sempre tiveron unha compoñente política clarísima, desde os seus indicios. Todas as mobilizacións sempre tiveron un slogan, un lema que facía referencia á necesidade de involucrar a clase política e de establecer eses cambios normativos; a primeira, no ano 1977 en Barcelona, para pedir a derogación das leis franquistas que perseguían as persoas LGTBI.

Tanto é así —tanto posturo, como comentaba— que este ano a Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais fixo un decálogo que debían cumprir os partidos



políticos para poder levar unha carroza. Resulta que o Partido Popular e Ciudadanos, os partidos de dereitas, non cumprían nin os dous primeiros puntos. Primeiro punto: non valerse dos votos dos partidos que defenden unha ideoloxía de extrema dereita para gobernar; segundo punto: desenrolo e cumprimento das leis autonómicas relativas á LGTBifobia e ás persoas trans. Tampouco Galicia nin o Partido Popular de Galicia están cumprindo este segundo punto. O primeiro tampouco, por non opoñerse directamente ao que están facendo os seus compañeiros noutras comunidades autónomas, arrimándose e abrazándose á extrema dereita. E o segundo porque aquí, en Galicia, é certo, señor Trenor e señorías do Partido Popular, que fixemos unha lei pioneira a nivel estatal —por certo, que se lles esquece en moitas ocasións: por proposta do PSdeG—, unha valiosa herdanza da anterior lexislatura lograda polo esforzo das súas ponentes; para nós iso supón unha enorme responsabilidade como grupo parlamentario, e a mellor maneira, señor Trenor, de respectar esa herdanza é pedir que se cumpra a lei. Pídalle ao goberno que están mantendo que comece dunha vez por todas a cumprir esa lei e que non a manteña crioxenizada como está agora mesmo, co setenta por cento do texto sen cumprir.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: En Galicia pasamos, señorías, de ser pioneiras, segundo se dixo en moitas ocasións, a ter —tal e como está mencionando esta federación, e é en referencia a Galicia— lexislacións obsoletas e descafeinadas, sen réxime de sancións e que non recollen as principais necesidades. Ademais, lembran que o dereito á identidade de xénero está recoñecido en nove de dezasete comunidades autónomas; en Galicia non, por culpa do voto en contra do Partido Popular, que furtou a posibilidade de que tivésemos un debate.

Imos apoiar esta proposición non de lei e todas aquelas que vaian encamiñadas a reforzar e a loitar polos dereitos das persoas LGTBI, pero, ademais, imos seguir traballando a través do Goberno de España, como non se fixo nestes últimos anos —como xa se anunciou—, con esa modificación da Lei reguladora...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...da rectificación rexistral, cunha lei de igualdade de trato e cunha lei de delitos de odio. Imos seguir pelexando por que neste país, na sociedade deste país, caibamos todos e todas, non soamente caiba a extrema dereita.

Nada máis e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo autor da moción, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ben, non é ningunha sorpresa que eu utilizara a maior parte do tempo para defender a lei de 2014. Pero, se tanto a defenden, ¿por que non fixeron absolutamente nada nos últimos cinco anos para que esta lei se implementara?



¡Absolutamente nada! Levan cinco anos incumprindo sistematicamente a maior parte dos seus artigos; incluso —como dixen— na emenda que nos presentan hoxe deixan claro que os incumpren, e a emenda podería facer que se deixasen de incumprir, e vostedes mesmos recoñéceno. Entón, por moito que veñan aquí defender unha lei, quedou unicamente en papel mollado. O noso grupo, de feito, abstívose xustamente explicando que, se non había un réxime sancionador e se non había prazos concretos, a lei quedaría, coma sempre, en papel mollado.

O problema é que non hai vontade política. A pesar do que veñan dicir aquí, obviamente, non hai vontade política. Quéixanse moito de que os colocamos sempre do lado dos homófobos, pero eu voulle dicir: é que non os colocamos nós, ¡é que se colocan vostedes! Todas as decisións que tomaron nos últimos anos son homófobas e tamén machistas, porque tamén dá para debater a moción anterior, que ás veces hai que escoitar neste parlamento moitas barbaridades. Manifestáronse e fixeron todo o posible contra o matrimonio igualitario, votaron en contra da lei de identidade de xénero e hoxe van volver votar en contra de impulsar unha lei de identidade de xénero coa escusa da lei de 2014. ¿Leu a lei de 2014? ¿Leuna? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E cre que a lei de 2014 de verdade...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tráíame os artigos específicos que protexen as persoas trans. ¿Que medidas están facendo? ¿Que medidas están pondo adiante para que as persoas trans deixen de pasar o sufrimento que padecen?

Porque a realidade non lla conto eu, contáronlla as familias: contáronlle o que viven cada vez que van ao médico, contáronlle tamén as enormes dificultades que teñen cando non se senten recoñecidas no seu carné de identidade. O elevado índice de exclusión, de paro, de intentos de suicidio..., ¿non lle parece que estará avisándonos e dándonos unha voz de alarma de que se está facendo algo mal e de que hai que tomar medidas? Nós cremos que si; por moito que repitan vostedes que hai unha lei, a realidade é a que é. Cinco anos despois, esta lei que foi un avance —e nós recoñecemos que foi un avance— é totalmente insuficiente.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Votaron en contra desta lei, hoxe van volver votar en contra, votaron en contra de retirar panfletos transfóbicos de Hazte Oír..., iso fixérono todo vostedes. E agora están pactando cos grupos que insultan o colectivo LGTBI, están pactando con quen está insultando reiteradamente.

E non escoitou moi ben: non estamos en contra do protocolo educativo; de feito, é bastante mellor —seguro— que se o fixesen vostedes, porque as asociacións teñen sensibilidade. Do que estamos en contra é de que non se implemente e de que non se faga absolutamente nada para avaliar o seu cumprimento.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Sobre as emendas: fixemos unha proposta de transacción entendendo que había vontade; despois de escoitar o voceiro do Partido Popular, entendemos que non hai ningunha vontade, que o único que se quería era vir aquí lavar a cara, sinceramente.



Aceptamos o punto 3 do BNG, porque cremos que está ben que quede no decreto, e aceptamos tamén o punto 6 do Bloque Nacionalista Galego; aceptamos o punto 7 do Grupo Mixto, cunha transacción —que xa lla fixemos coñecer—, e rexeitamos os puntos 1, 2 e 3 do Partido Popular. O punto 1 porque é un insulto, porque que veñan falar aquí dun informe que foi un copia e pega da lei e un copia e pega dunhas determinadas definicións e dicir que iso é unha avaliación da lei é un insulto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Xa remato.

No punto 3 están recoñecendo que meteron un decreto hai anos para que os CIM fixesen unha función e que o persoal dos CIM non ten esa formación nin ten eses recursos. Agora veñen dicir que hai que implementalo. Home, pois estaría ben que, cando implementaron o decreto, previsen isto e dotasen de formación e de persoal suficiente os centros de información ás mulleres.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Entón acepta o punto 4.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: O punto 4 está incluído na transacción. Pero non imos aceptar a votación por puntos, porque non votan o punto 1.

O señor PRESIDENTE: Ben, ¿pero acepta o punto 4 do Grupo Parlamentario Popular?

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: O punto 4 si. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematados logo os debates das mocións, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado. Non aceptou as emendas.

(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pide o uso da palabra.)

¿Si, señora Rodríguez-Vispo?

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Quería pedir a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a votación por puntos, señor Torrado?

O señor TORRADO QUINTELA: *Creo que habría sido más prudente pedirla en el debate, así que no la vamos a aceptar. (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, pois entón imos votar. Non acepta a votación por puntos.



Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; abstencións, 37.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María de la Concepción Burgo. Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea.*

(O señor Trenor López pide o uso da palabra.)

Señor Trenor, ¿para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano.

O señor TRENOR LÓPEZ: *Quería preguntarlle ao señor presidente se pode facer unha transacción coa nosa iniciativa e non aceptar a votación por puntos da nosa propia transacción.*

O señor PRESIDENTE: *¿Señora Quinteiro? Déanlle voz ao seu escano.*

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: *Deixamos o punto 4 noso inicial e a transacción está feita co resto dos grupos igualmente.*

O señor PRESIDENTE: *Grazas.*



Pois esa é a transacción que xa comentou ela. Imos votar a moción do Grupo Parlamentario de En Marea. Votamos, tal e como explicou a señora Quinteiro, esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir á parte resolutiva os seguintes puntos:

«1. Recuperar a convocatoria de bolsas propias de xeito inmediato.

2. Articular unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudiantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas, tal e como establece a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ola outra vez.



Cambiamos un pouco de torna, pero non de todo, que seguimos falando de dereitos.

No anterior pleno —lembrarán—, hai quince días, coincidindo coa comparecencia da conselleira de Educación, dicíamos desde o Bloque Nacionalista Galego, ao fío dese debate absolutamente artificial e manipulado ao redor das probas de acceso á universidade, que o que verdadeiramente supón unha fenda e supón unha pexa ou unha discriminación no sistema educativo é a clase social. Son os factores socioeconómicos os que condicionan enormemente o alumnado, as súas posibilidades de formación e mesmo tamén o seu rendemento académico.

Hoxe, desde o BNG, traemos esta iniciativa para pór o foco precisamente no dereito ao ensino, especialmente á educación superior non obrigatoria —o ensino universitario—, e á garantía de iguais oportunidades para todo o estudiantado do noso país. E facémolo, ademais, cunha proposta que pretende defender e ampliar o autogoberno galego.

Como saben, Galiza conta con competencias plenas en materia de ensino —é o que dispón o artigo 31 do Estatuto de 1981—, mais na actualidade o sistema de bolsas de axuda ao estudo depende do Ministerio de Educación do Goberno español e arrastra enormes problemas de xestión desde hai anos que están, ademais, a prexudicar enormemente o alumnado do noso país, fundamentalmente —insisto, aínda que non só, pero fundamentalmente— o alumnado universitario.

Arrastramos estes problemas desde hai moitos anos, pero especialmente a partir do ano 2012, coa reforma que aplicou o daquela ministro de Educación do Partido Popular, o señor Wert, e que se mantén tamén no día de hoxe, a pesar dos anuncios e das críticas que no seu momento fixo o Partido Socialista. Mantense no día de hoxe a división das bolsas nunha contía variable e nunha fixa e tamén a obriga dun 5,5 de nota media para garantir o mantemento desa axuda nos segundo, terceiro e posteriores cursos; non para acceder no primeiro ano de matrícula, pero si para manter esa axuda ao estudo universitario nos seguintes cursos.

No noso país, tomando como referencia o alumnado matriculado no curso 2018-2019, case vinte e sete mil estudantes solicitaron unha bolsa para cursar os seus estudos universitarios. Foron beneficiarias desas axudas dezaoto mil persoas, que percibiron unha contía media, aproximadamente, de dous mil euros. É unha contía que está lonxe de cubrir as necesidades económicas do alumnado, especialmente daquelas persoas que se ven na obriga de marchar da casa e de desprazarse a outra cidade ou mesmo a outra provincia para poder cursar os seus estudos superiores, e que foi reducíndose —esa contía media—, ademais, nos últimos anos como consecuencia do endurecemento dos propios criterios para acceder a estas axudas e tamén dos sucesivos recortes orzamentarios aplicados desde 2013 polo Goberno español. Para facérense unha idea, en 2012 a contía media da axuda no noso país situábase nos dous mil setecentos euros, aproximadamente, e no día de hoxe —insisto— son apenas pouco máis de dous mil.

Ademais de insuficiente, tanto no número como na contía, o estudiantado padece as consecuencias dun sistema que provoca enormes atrasos na tramitación, na aprobación e



no pagamento das axudas. Están a ser ingresadas nalgúns casos a piques de rematar o curso académico, o que obriga as familias a ter que asumir elevadísimos custos de transporte, de aloxamento, de manutención, de material... Unhas consecuencias que, ademais, xeran distorsións tamén nos propios orzamentos das universidades, que non ingresan tampouco o diñeiro que corresponde con esas matrículas becaadas até que se resolven as solicitudes. É unha situación que vulnera o principio fundamental sobre o que se sosteñen estas bolsas de axuda ao estudo, que é garantir a igualdade de oportunidades para o conxunto das e dos estudantes do noso país.

Pola contra, esas demoras, eses atrasos e esa mala xestión nestas axudas si que abre un importante nicho de negocio e un importante nicho de mercado para algunhas entidades financeiras, que ven neste adiamento un negocio para as súas empresas. Propoñen moitísimas veces —e fano moitas entidades, sobre todo o todopoderoso Banco Santander— adiantar unha parte —o noventa e cinco por cento, xeralmente— destas axudas ao alumnado, iso si, co correspondente cobro de comisións e mesmo intereses ao propio alumnado. Entidades financeiras no noso país —aquí, en Galiza— están a cobrar comisións do tres por cento para adiantar o noventa e cinco por cento da matrícula, aproveitándose en moitos casos, ademais, de ter sucursais da propia entidade financeira dentro das propias facultades. Están a facer negocio cun dereito e, sobre todo, aproveitándose da mala xestión da administración pública.

Recentemente, no mes de xuño deste ano 2019, a Airef publicou un estudo sobre o sistema de bolsas universitarias que sinalaba distintos factores que limitan a igualdade de oportunidades do alumnado e, entre eles, había catro fundamentais. O primeiro —do que falabamos antes—: os constantes atrasos na tramitación, na adxudicación e no pagamento das axudas. A propia Airef sitúa no setenta por cento o estudantado que non recibe a axuda até o segundo cuadrimestre, cando practicamente xa ten rematadas as súas materias e xa ten finalizado practicamente o curso, e iso impide a moitas familias, especialmente a aquelas que non teñen recursos suficientes, poder contar coa axuda necesaria para afrontar o inicio de curso.

A contía da bolsa de residencia non cobre nin por asomo as necesidades do estudantado, especialmente aquel que ten que verse na obriga de marchar fóra do domicilio familiar. Os umbrais de renda que se utilizan para seleccionar as persoas solicitantes e aprobar ou denegar as axudas non se actualizan desde o ano 2010, con todo o que iso carrega; entre outras cousas, por exemplo, porque se incrementou no último ano o salario mínimo interprofesional, iso pode supor —a non-actualización— que haxa familias que, simplemente por ver garantido o seu dereito a percibir un salario máis xusto, queden sen as correspondentes axudas ao estudo.

E, despois, unha cuestión que afecta enormemente ou de maneira máis especial sobre todo o noso país, que é a discrecionalidade coa que se actúa na aplicación de determinados criterios, entre eles o patrimonio. Isto —digo e insisto— é especialmente gravoso no caso da poboación galega, sobre todo daquelas familias que viven no rural. Independentemente da renda familiar, os criterios que actualmente están en vigor denegan axudas a aquelas familias e a aquelas persoas solicitantes que superen determinados umbrais de patrimonio,



distintos nos espazos rurais que nos espazos urbanos e que non teñen en conta a realidade social e económica galega. Hai persoas que quedan sen axudas por ter galpóns ou por ter naves agrogandeiras, máis alá de que a renda non chegue aos umbrais que a propia convocatoria fixa como mínimos.

O que propomos desde o BNG hoxe é que a Xunta de Galiza faga valer as súas competencias —que ten, ademais, o noso país recoñecidas— e que reclame a transferencia destas bolsas, como xa as ten Euskadi desde o ano 1985 e como ten recoñecido Cataluña, por certo, con tres sentenzas favorables do Tribunal Constitucional, a última do ano 2016.

Defendemos, ademais —de maneira sintética—, que a Xunta debe ser quen asuma as competencias das bolsas de axuda ao estudo por dúas razóns fundamentalmente —e con isto remato, presidente—: a primeira —como dicía ao comezo—, para garantir un sistema eficaz, máis áxil, que corrixa os desequilibrios actuais, que teña sobre todo en conta as especificidades do noso país e que garanta o dereito de acceso e igualdade de oportunidades non só no acceso ás axudas, senón tamén no acceso ao ensino universitario ao conxunto do estudiantado do noso país; e, en segundo lugar, para cumprir un acordo impulsado polo Bloque Nacionalista Galego nesta cámara en xaneiro de 2019, que concitou o apoio unánime de todas as forzas presentes neste parlamento e que ten por obxectivo acabar con esta década na que o Goberno do Partido Popular non só non defendeu o autogoberno do noso país —limitado, pero existente—, senón que ademais calou ante os ataques centralistas e os recortes nos dereitos que afectaron o conxunto do país, pero tamén o alumnado universitario galego.

Invocamos, pois, desde o BNG, este acordo parlamentario que insta a Xunta de Galiza a reclamar a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, e as bolsas de axuda ao estudo tamén o foron, señorías, no ano 2008.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe temos sobre a mesa unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que atende dous temas que, ao noso entender, son fundamentais: dunha banda, falamos do necesario ámbito competencial e, da outra, dunha ferramenta política de igualdade de oportunidades básicas como son as bolsas universitarias.

Pero vaíamos ao primeiro, o citado ámbito competencial. Aquí temos que destacar unha das moitas grandes mentiras do Partido Popular, unha das moitas grandes mentiras que



escoitamos en boca de Feijóo: «Queremos máis autogoberno, queremos máis competencias». Díxoo hai dez anos e repetiuno hai uns meses despois dunha década de parálise absoluta na que o Goberno de Feijóo foi incapaz de alcanzar unha soa transferencia nova. Mentiras repetidas tamén nos seus programas electorais, onde aseguraba que daría un novo impulso ao autogoberno baseándose no paquete de ata setenta competencias que todas as forzas parlamentarias acordaran como prioritarias. Eran setenta e conseguiron cero. ¡Seriedade e compromiso o seu, dende logo!

Todo o contrario: no xiro centralizador de Casado, xa andan como polos sen cabeza tratando de devolver competencias propias, como as probas de acceso á universidade, das que falamos na última sesión plenaria. Agora ata parte do ensino lles sobra. Renuncian a gobernar, renuncian a ampliar o horizonte deste país e lánzanse nunha perigosa senda recentralizadora que non vai mellorar en nada a vida da xente. Esperemos que recapaciten.

As galegas e galegos merecen, por suposto, gozar dun sistema educativo propio, centrado nas nosas necesidades, fortalezas e potencialidades; un sistema educativo propio con bolsas axeitadas que atendan as particularidades do noso país, como a dispersión poboacional, o enorme custo do transporte para a nosa xente, etc. Saben que moitas veces temos insistido neste parlamento en que as bolsas de axuda ao estudo supoñen un mecanismo fundamental para favorecer a igualdade de oportunidades ao alumnado con meirandes dificultades socioeconómicas, sendo un dos instrumentos polos que os fillos e fillas das clases máis desfavorecidas puideron acceder aos estudos tanto en niveis medios como superiores. Deste xeito, o investimento en bolsas educativas foi unha ferramenta fundamental para reducir a fenda socioeducativa que padeciamos.

A escusa da crise económica, sen embargo, serviu de discurso para xustificar o xiro neoliberal das políticas educativas, transformando esta ferramenta contra a inxustiza social nunha especie de premio á excelencia. Excelencia, excelencia, excelencia..., repiten. Nese contexto cabía entender xa a mudanza dos criterios que fixera aquel insigne ministro —que acabou descansando en París— para acceder ás bolsas universitarias, que reduciron o peso dos criterios socioeconómicos aumentando á vez as exixencias académicas, esquecendo unha cousa fundamental: que ambos os dous condicionantes están intimamente relacionados.

Nese marco, a Xunta de Galicia sacara adiante unha convocatoria de bolsas universitarias para o alumnado que accedera por vez primeira aos estudos universitarios e non acadara os requisitos académicos. Tratábase dunha convocatoria destinada —segundo dicía o propio texto— a tratar de cubrir, na medida do posible, as necesidades do alumnado universitario; liñas que, en prol da súa eficacia e eficiencia, deben adaptarse ás cambiantes circunstancias do contorno socioeconómico e ás variacións normativas producidas no ámbito estatal. Estaba claro: pretendían rectificar en parte os desatinos do Ministerio de Educación.

Así, a Xunta de Galicia realizou unha convocatoria para o curso 2016–2017 e outra para o curso 2017–2018 dotadas cunhas partidas de douscentos mil euros para cubrir —dicía— esas primeiras matrículas do alumnado. Estas axudas xa no seu momento dixemos que eran insuficientes, toda vez que só se ocupaban de cubrir o prezo da matrícula, pero deixaban á súa sorte todos os custos de vida universitaria do estudantado: o aloxamento, a



manutención, o transporte... Porén, no presente curso académico esta convocatoria que dicimos que era insuficiente acabou por desaparecer.

Por iso presentamos unha emenda de adición á proposición do Bloque Nacionalista Galego na que solicitamos a inclusión de dous novos puntos: o primeiro, que pasaría por recuperar a convocatoria destas bolsas propias de xeito inmediato, e o segundo, articular unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo mediante convocatorias anuais para garantir que todo o estudiantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolvesen sen exclusión por razóns económicas, tal e como establece a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

É dicir, apoiamos, por suposto, a proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego e agardamos que poidan incluír as nosas emendas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Desde En Marea imos apoiar esta proposición non de lei con relación á transferencia de competencias, entendendo que é unha medida de incremento do autogoberno que non prexudica a ninguén, que non prexudica o funcionamento de ningún dos entes con autonomía política dentro do Estado e que, pola contra, amplía dereitos cidadáns básicos a un espectro moi concreto do noso país, que é singularmente a mocidade galega —aínda que non soamente ela—, no acceso a un ben fundamental, que é o dereito á educación.

Sobre o dereito á educación como dereito fundamental, moitas veces no discurso centrámonos no espazo singularmente universitario, aínda que quero recordar tamén a necesidade para determinados niveis intermedios para poder realizar tamén esta formación en pé de igualdade. Quero recordar como o ano pasado, nunha visita que faciamos a un centro de FP, varios dos alumnos e das alumnas faciánnos notar —estabamos na Estrada, no centro de FP de ebanistería, de carpintería e de deseño de mobles— que na Estrada non había moitas posibilidades de alugar un piso e, ao mesmo tempo, as comunicacións eran difíciles para retornar aos lugares de orixe, e iso producía un encarecemento dese estudo por parte dos rapaces e as rapazas que estaban alí. Polo tanto, parecíanos que era algo que tamén merecía ser obxecto dunha especial atención e, polo tanto, aproveitamos esta intervención para reivindicar tamén unha atención completa a todo este sector.



Unha vez máis, cando se produce un problema coas bolsas, cos atrasos, coa insuficiencia das contías, etc., quen pagan son os mesmos: os fillos e fillas de clases traballadoras, de clases medias e de clases humildes, que teñen un custo de oportunidade económico para a súa formación e perden o acceso a un dereito fundamental precisamente por unha mala articulación institucional que, no día de hoxe, podía estar perfectamente resolta. Polo tanto, nós pensamos que non existe ningún motivo para deixar esta situación tal e como se produce agora. Temos unha competencia que exerce o Estado e que exerce de forma incorrecta; polo tanto, un mellor coñecemento da nosa propia realidade e das nosas propias necesidades podería dar lugar a unha mellora nas condicións educativas do noso estudantado.

Tres son as finalidades que nós entendemos que mellorarían con esta medida proposta polo BNG. A primeira delas: axilizar a xestión. No mes de marzo —como todos coñecerán— só o vinte e tres por cento do alumnado universitario —son datos oficiais das universidades galegas— cobraran as axudas que lles foran recoñecidas como bolseiros e bolseiras, ¡o vinte e tres por cento no mes de marzo! Tras a orde de pago de abril, o trinta e sete por cento do estudantado das universidades galegas non cobrara aínda as axudas ao estudo. En consecuencia, as previsións para este ano eran que, de media, o estudantado universitario tardaba sete meses —¡sete meses!— no retardo do pagamento das bolsas.

Isto para nós é un problema evidente que, como Parlamento, non podemos obviar, e é un problema porque limita dereitos fundamentais. Unha bolsa é unha axuda para estudar, complementa a renda familiar ou a renda persoal de quen non ten capacidade para sufragar estes gastos; gastos que son necesarios, señorías, para garantir o dereito fundamental á educación. Unha transferencia de bolsas permitiría establecer un calendario de ordes de pago ao inicio do curso académico ben feito, porque agora non se está facendo ben, a pesar de que existen posibilidades para facerse.

Nós sabemos que o atraso ten razóns contables: moitas veces tárdase en dar as ordes de pago porque, mentres as ordes de pago non se dan, o diñeiro permanece nas arcas públicas e, polo tanto, xera unha situación contable beneficiosa para a administración en tanto non se produce a transferencia. Nós pensamos que non se pode facer negocio nin no máis mínimo con relación aos cartos destinados a estudar.

En segundo lugar, esta transferencia produciría a mellora da eficiencia dos recursos dispoñibles. Non estamos falando dunha simple descentralización; estamos falando dunha transferencia, que é algo diferente, e isto permitiríanos establecer requisitos simplificados para o acceso ás bolsas e, en segundo lugar, que se tivese máis afinadamente en conta a realidade socioeconómica do noso país.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, vou rematando.

Queremos lembrar aquí tamén a vergoña do galponazo —que viña no catastrazo—, de facer por ricas as familias que tiñan alpendres para gardar a leña do inverno ou facer pagar eses inmobles como se fosen vivendas de luxo.



En terceiro lugar, tamén melloraría a eficiencia ter en conta o asentamento poboacional e a dispersión da poboación con relación aos centros de estudo para a cuantificación das bolsas relativas ao transporte, tendo en conta tamén o deficitario transporte público que existe no noso país, do que aquí temos dado boa conta durante moitas ocasións.

Finalmente, e isto é unha reflexión adicional á propia proposición, o aumento dos recursos dispoñibles; non soamente os recursos suficientes de vía ordinaria como consecuencia da transferencia, que é o que se fai normalmente, senón tamén a contemplación adicional dun financiamento autonómico adecuado ás necesidades para poder levar a cabo a efectividade do dereito fundamental á educación de todas as persoas que estean en condicións de recibir unha bolsa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Entendemos que foi un lapso; houbo unha lapso no posicionamento del: cando dixo En Marea quería dicir Grupo Mixto. Entendemos todos iso: posicionamento do Grupo Mixto.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo.

Os socialistas imos apoiar esta PNL, por suposto, en principio dende o punto de vista xenérico, porque consideramos que sempre é bo conseguir o maior número de transferencias e reforzar o autogoberno, e isto serve para iso. E, por outra parte, porque unha das competencias fundamentais que ten a nosa autonomía é a educación, e a xestión das becas forma parte desa competencia.

Por outra parte, o Tribunal Constitucional, xa en catro sentenzas —que eu coñeza—, instou o Goberno central a ceder ás comunidades autónomas a xestión das becas. De feito, na última, en 2016, o Tribunal Constitucional dixo exactamente que pedía ao Goberno central que deixase de reter as competencias sobre a xestión das becas e que permitise a intervención das comunidades autonómicas cando o solicitasen; e díxoo nos mesmos termos en 2001, 2005 e 2015.

Dende logo, nós cremos que a nosa comunidade autónoma ten os recursos administrativos suficientes para xestionar estas becas, e tamén non podemos olvidar que os propios reitores —os tres reitores— reclamaron esta transferencia en multitude de ocasións. Polo tanto, non hai ningún elemento para non facelo.

Por outra parte, si que é certo que, ademais, afecta un número moi importante de persoas, porque, polo menos a niveis universitarios, arredor do cincuenta por cento do alumnado solicita algunha beca; becas que os socialistas consideramos un dereito. Un dereito que



rompeu o Partido Popular —tamén hai que dicilo—, porque os cambios que se están dando por parte do Partido Popular —e por iso está funcionando mal agora o sistema de becas— fixeron que un dereito como era a beca para todo aquel que tivese as condicións para tela se convertera nunha axuda competitiva. Entón, por suposto —para resumir—, hai que darlle esa nova consideración de beca.

Dende logo, o Goberno socialista vai cambiar —así o dixo en numerosas ocasións— o sistema de becas. É certo que non o fixo na totalidade, pero si que é certo que no decreto aumentou a cantidade fixa, o que beneficiou arredor de quince mil universitarios galegos, e retirou a nota media para entrar. No propio Decreto 951/2018, que estableceu o réxime de becas para ese ano, asumiu —no propio decreto— un compromiso firme de revisar en profundidade o actual modelo de becas de axuda ao estudo, mellorando o seu financiamento de maneira que poida incrementarse tanto o número de estudantes bolseiros como a contía de becas. Tamén se recuperaron, por certo, as becas Séneca, que foran eliminadas.

Hai que recordar —imaxino que todos o temos na cabeza— que os orzamentos de 2019 non foron aprobados e que, polo tanto, se está funcionando con orzamentos pasados. Porque a idea que se tiña neses orzamentos de 2019 era subir ata un mínimo de dous mil millóns a contía dos orzamentos de becas, dende os mil catrocentos cincuenta.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Os elementos fundamentais son moitos —remato—, e eu fixen varias iniciativas ao respecto —como os demais grupos da oposición— sobre este sistema de becas inaugurado en 2013. Un dos problemas, dende logo, son os atrasos, que hai que cambiar e que hai que transformar; pero tamén é certo que os atrasos veñen dados, fundamentalmente, por esa contía variable que impuxo o Partido Popular. Teño que dicir que o Goberno socialista este ano aumentou a plantilla de traballadores do Ministerio en Galicia en trinta persoas. Pero si que é certo que hai que telo en consideración e cambiar ese dereito.

Si que é certo que se cambiará todo o sistema de becas, para o que, ademais, foi convocado o Observatorio de Becas hai poucos meses; un Observatorio de Becas e Axudas ao Estudo que o Partido Popular non convocaba dende o ano 2011.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Termino, en unión coa anterior intervención: outra falta de diálogo clara presente sempre no Partido Popular.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.



Boas tardes, señorías.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario Popular vai apoiar esta proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego. Señorías, facemos este apoio explícito por pura coherencia coa traxectoria tanto do Grupo Popular no Goberno como do Grupo Popular nesta cámara.

Como Goberno, xa no ano 2010, no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Comunidade Autónoma de Galicia-Estado, tratouse este asunto, sendo unha das competencias da listaxe obxecto da reunión —como dicía— co Goberno do Estado. Naquel momento —en febreiro do 2010— o Goberno socialista do señor Zapatero propoñía, como paso previo a un traspaso efectivo de competencias, que se asinase un convenio ponte de colaboración para preparar administrativamente o traspaso do pleno exercicio das competencias en materia de bolsas de axuda ao estudo.

Por certo, señora Rodil, este é o sistema que rexe en Cataluña. Malia que, efectivamente, o Goberno do Estado do señor Zapatero acordou coa Generalitat o traspaso desta competencia, vostede seguro que sabe que nunca se levou a efecto. Por iso, desde o curso académico 2005-2006 asínanse convenios bilaterais sobre esta cuestión. Comento isto porque parece que moitas veces vostedes miran demasiado cara a fóra poñendo por exemplo outros territorios e minusvalorando o que somos, o que facemos e o que conseguimos entre todos.

Parece que quere obviar datos favorables do noso sistema educativo, como a baixada da taxa de abandono escolar temperá, que nos sitúa por debaixo da media española; os índices PISA, cuxo último informe salienta as melloras das competencias dos alumnos e alumnas galegos, ou, por exemplo, a alta porcentaxe de empregabilidade da formación profesional tanto ordinaria como dual.

¿E sabe que, señora Rodil? Neste caso concreto, Cataluña non é un modelo a seguir, porque o seu endebedamento implicou, entre outras cuestións, que as taxas universitarias subiran dun xeito tal que nin as bolsas poden compensar este incremento; como tampouco o é o sistema do Goberno do País Vasco, porque xustamente a recente sentenza —como vostede saberá— o que amosa é que eses criterios e eses umbrais da renda dos que vostede falaba implican unha discriminación con respecto aos outros alumnos e alumnas doutros territorios.

Pero, pola contra, o bo facer do Goberno galego do Partido Popular permitiu que as taxas universitarias aquí, no noso país, se sigan mantendo entre as máis baixas de España e que as axudas complementarias das bolsas galegas ás bolsas do Ministerio acaden máis de mil seiscentos beneficiarios, como recordaba a conselleira na súa comparecencia na última sesión plenaria.

Nesa mesma sesión a propia conselleira afirmaba que o Goberno galego estaba disposto a estudar con rigorosidade a necesidade de orzamentos e recursos humanos para facer efectivas as transferencias de bolsas universitarias a Galicia. Esta aseveración forma parte dunha declaración de intencións do Goberno galego para abordar diferentes cuestións xunto ao Ministerio de Educación referentes ao ensino e ás universidades galegas, entendendo que



Galicia quere defender as súas singularidades e o seu modelo; un modelo baseado na calidade e na aposta polo talento, pero tamén na eficiencia, na equidade e na igualdade de oportunidades.

O texto resolutivo da súa proposición menciona a transferencia da competencia e os recursos económicos a ela correspondentes. Nós entendemos que, cando fala de recursos económicos, vai implícito o custo efectivo dos medios persoais, materiais e informáticos requiridos para desenvolver con solvencia e eficacia as funcións correspondentes á Administración pública autonómica. Pero queremos deixar constancia de que non só se trata de competencia e dun montante orzamentario, senón tamén dos medios humanos e materiais que permitan executar e xestionar esta competencia coa eficiencia exixida ás administracións públicas precisamente para evitar os atrasos ou as disfuncións que todos vostedes comentaban aquí anteriormente.

Señorías, o Partido Popular ten clara a súa posición: efectivamente, aspiramos a máis e mellor autogoberno conforme o noso status constitucional de nacionalidade histórica. Queremos avanzar na defensa do noso autogoberno real de acordo cun plan ordenado e establecendo prioridades, pero tamén nos reservamos o noso dereito de valorar se a Galicia lle convén asumir calquera outra competencia que sexa transferida a outra comunidade autónoma.

Señora Chao, non se trata só de competencias; trátase de telas e de exercelas. Vostedes tiveron competencias que non souberon exercer, *ergo*, botáronos dos gobernos das cidades onde estaban. (*Murmurios.*) Por iso nós o que queremos é poder exercer as competencias nas mellores condicións posibles.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora ANTÓN VILAŠANCHEZ: Señora Burgo, se vostede está tan a favor desta transferencia, pode dicirlle ao seu goberno —cando o haxa— ou a alguén —se alguén colle o teléfono en Madrid— que aposte por implementar o real decreto que agora mesmo xa está en vigor, o Real decreto 1721. Empece por iso, e despois podemos falar da transferencia efectiva, cando alguén en Madrid teña a ben coller o teléfono.

Neste sentido, quero recordar que as bolsas de axuda ao ensino xa estaban —como dicía— na axenda do Goberno galego, e por iso o noso voto vai ser favorable a esta proposición non de lei, sempre que conserve o seu texto orixinal.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Vaia por diante tamén o agradecemento ao conxunto dos grupos da Cámara polo seu apoio.



Por collelo aquí ao final, na súa intervención, señora Antón: para querer máis e mellor autogoberno, levamos unha década sen unha soa transferencia, ¡nin unha soa! E aí está a AP-9 ou está Tráfico, por poñer dous exemplos só. Con ansia fervorosa, desde o BNG apoiámos esa vontade de máis e mellor autogoberno, pero que se note, ¡que se note!

Vou tentar estruturar así un pouco a intervención para non perderme. Efectivamente, nós recolleemos na parte resolutiva que ten que vir acompañado dos recursos económicos necesarios, e ese tamén é o traballo do poder executivo, de quen ten responsabilidades de goberno, que é abrir unha mesa de negociación e defender, evidentemente, que non só teñen que vir as contías que se corresponden coas bolsas ás que teña dereito Galiza, senón tamén todo o persoal e todos os recursos humanos e materiais que lle correspondan, como debe negociarse calquera transferencia competencial, ou así o entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego.

Nós non minusvaloramos Galiza en ningún caso, pero é lóxico —e así foi a miña intención tamén na primeira intervención— que fagamos un repaso de cal é a realidade competencial da nosa contorna máis ou menos inmediata, por iso eu facía referencia a esa transferencia no ano 1985 do caso vasco. Podemos falar longo e tendido desa sentenza recente que considera discriminatorias as bolsas no País Vasco, porque o que cuestiona son os niveis —vostede o dicía—, os umbrais de renda. Para facernos unha idea, a media de ingresos anuais das familias no conxunto do Estado español son vinte e oito mil euros anuais, cando no caso do País Vasco falamos de máis de trinta mil. É dicir, eles o que adaptan son as súas bolsas á súa realidade social e económica. Pero —insisto— tamén é verdade que nós faciamos referencia a esas sucesivas sentenzas do Tribunal Constitucional porque o Estado español está usurpando unhas competencias que non lle corresponden, e o mellor exemplo é o caso catalán, onde se pretendía substituír o que é unha transferencia competencial pola sinatura dun convenio que lonxe está de cumprir co marco competencial do noso país.

Simplemente, por rematar, dúas cuestións. En relación coa emenda, non imos aceptala, con independencia de que estamos absolutamente de acordo co que di a señora Chao. A convocatoria das bolsas específicas da Xunta de Galiza no ano 2018 é duns ínfimos cento dez mil euros que nin de lonxe chegan para cubrir as necesidades do estudantado galego; exclúe, ademais, aquelas persoas que xa percibiran esa axuda en anos anteriores, e non estamos para nada de acordo. Pero a nosa proposta hoxe ten un carácter moi concreto e moi claro, e teremos tempo —estou absolutamente convencida— de ver cales son os criterios e o sistema que se ten que aplicar no noso país unha vez teñamos transferidas tamén esas competencias.

E, simplemente, por rematar: cando falamos de soberanía e cando falamos de poder político, eu creo que hoxe temos un bo exemplo do que significa, que é ter ferramentas para poder mellorar as condicións de vida das traballadoras e dos traballadores deste país; hoxe creo que damos boa conta diso.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir á parte resolutiva os seguintes puntos:

<<2.- O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir ao Ministerio de Industria e á dirección da SEPI a súa inclusión no Consello de Administración de Navantia.

3.- Desenvolver tódalas iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia.

4.- Esixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo igual a das baixas.

5.- Instar á dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.

6.- Acelerar na Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Ferrol, estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial, o desenvolvemento do estaleiro 4.0 e a competitividade do estaleiro.

7.- Instar o Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.

8.- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada en todas as reunións e negociacións que se desenvolvan para dar cumprimento aos anteriores puntos.>>).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Manuel Pérez Seco, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Dirixirse ao Goberno central para lle solicitar que continúe o seu labor de apoio a Navantia e, moi especialmente, na procura de novos pedidos e encargos no mercado internacional, co obxecto de garantir a suficiente carga de traballo para o estaleiro de Ferrol.

2º. Que no ámbito das súas competencias e en colaboración con Navantia desenvolva un plan con dotación orzamentaria suficiente e un calendario de actuacións, no que se contemple:

a) Promover a formación de novas incorporacións ao estaleiro, así como a formación FP Dual.

b) Promover a coordinación entre a empresa principal e as empresas auxiliares para os plans formativos.

c) Desenvolvemento do Centro de Innovación e Servizos (CIS A Cabana, Ferrol) asociado ao naval.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Quero, en primeiro lugar, amosar a solidariedade e o respaldo do Grupo Parlamentario Popular aos transportistas do carbón, que hoxe finalizaban unha marcha a Madrid denunciando a intención do Goberno de Pedro Sánchez de pechar, pola vía dos feitos e mediante os prezos dos dereitos de emisión de CO₂, as centrais térmicas de Galicia. A política irresponsable do Ministerio de Transición Enerxética é o que pretende e, dende logo, nós estamos e queremos estar do lado dos traballadores. (Aplausos.) O Partido Socialista conseguiu pechar Meirama e agora o Partido Socialista quere pechar a central térmica das Pontes. Dende logo, non conten con nós, e vaia por diante o noso apoio, a nosa solidariedade e o noso respaldo aos transportistas do carbón da comarca de Ferrolterra.

Unha vez que no próximo mes de agosto se produza a botadura do segundo buque de aprovisionamento e combate que constrúe Navantia Ferrol para a Armada australiana, vaise producir un descenso na carga de traballo nos estaleiros da ría de Ferrol, un descenso que vai afectar de forma especial o gremio de aceiros e de forma especial os traballadores da industria auxiliar.

Nós traemos unha iniciativa que responde a un chamamento común na comarca de Ferrolterra e en toda a ría de Ferrol, no que se nos pide aos partido políticos unidade de acción para conseguir que non haxa esa baixada da carga de traballo que podería destruír, a partir do verán, arredor de cincocentos postos de traballo. Isto é así porque o traballo efectivo, o traballo real de construción das fragatas F-110, non chegará aos talleres co corte de chapa ata dentro de dous anos aproximadamente, a principios do ano 2022. Isto debulla, sen lugar a dúbidas, un horizonte de incerteza para os traballadores de todo un sector na comarca de Ferrolterra, e nós, dende logo, cremos que os partidos políticos, os gobernos e as institucións o que temos que xerar é certeza, e non dúbidas sobre o futuro.



O certo é que se algunha decisión adoptou o Goberno de Pedro Sánchez nos últimos quince meses non foi precisamente para xerar certeza, senón precisamente para todo o contrario: xerar incerteza. Porque a única decisión adoptada en todo este tempo foi na dirección contraria: desviar carga de traballo de Navantia Fene para levala a Cádiz, cunha das plataformas dun parque eólico; esa foi a única decisión do Goberno de Pedro Sánchez nos últimos quince meses.

Polo tanto, nós claro que estamos preocupados. Estamos preocupados porque, sempre que gobernaron os socialistas, ao sector naval foille mal na ría de Ferrol. Aí están as reconversións navais dos anos oitenta, dos anos noventa e dos primeiros anos deste século: todas perpetradas por gobernos socialistas, todas destruindo milleiros de postos de traballo. E, agora que as cousas estaban encamiñadas, agora que levabamos anos traballando na consecución dunha carga de traballo para os nosos estaleiros, agora que tiñamos enriba da mesa o proxecto de construción das fragatas F-110, chegou o Partido Socialista e mandou parar. O primeiro que fixo o Goberno de Pedro Sánchez foi atrasar durante dez meses a firma da orde de execución das fragatas F-110, ¡dez meses! E, total, ¿para que? Para facelas coincidir cunha campaña electoral. Alá cadaquén coa súa responsabilidade; alá cadaquén.

Nós, dende logo, o que pedimos é que se poña carga de traballo inmediata nos estaleiros da ría de Ferrol, e é posible facelo mediante dous mecanismos. O primeiro: acelerar todo o posible o proxecto das fragatas F-110, un proxecto que se hoxe é posible é porque houbo un goberno que traballou nel durante anos, desenvolvendo as fases iniciais de definición dun novo buque e desenvolvendo o traballo que permitiu deseñar un buque para a Armada española, pero tamén para outras armadas de todo o mundo. Desenvolvemos a enxeñería, impulsamos o proxecto e incluimos partidas nos orzamentos xerais do Estado, eses que aprobou o Partido Popular e eses que logo tratou de aplicar —pero a medias— o Partido Socialista: douscentos cincuenta e dous millóns de euros nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. ¿Que fixo o Goberno de Pedro Sánchez? Paralo, paralo todo. ¿E para que? Para firmar a orde de execución dos barcos en plena campaña das eleccións xerais e das eleccións municipais; utilizou esa carga de traballo en beneficio dun partido e en contra dos traballadores do sector naval.

Hoxe o que lle podemos pedir ao Goberno socialista é axilidade. Aquí non podemos seguir mirando uns para outros mentres o Goberno non fai nada, pensando unicamente no traballo de Pedro Sánchez. ¿E que pasa cos traballadores do naval? ¿Que teñen, que agardar a ver se a Pedro Sánchez lle van ben as cousas? ¿É que todos temos que parar de vivir e mirar a Pedro Sánchez porque o verdadeiramente importante é que a Pedro Sánchez lle vaia ben? ¡É que levamos quince meses de parálise, quince meses cunha profunda responsabilidade!

Señor Torrado, comprenda que non estou na mellor das condicións para expresarme. (Risos.) Polo tanto, nós o que lle pedimos ao Goberno é que governe, porque o único que fixeron foi vir e prometer, pero non fixeron absolutamente nada.

Hoxe os nosos estaleiros na ría de Ferrol estarían en disposición de comezar a construír de forma inmediata, en semanas, un AOR para a Armada española, un buque de aprovisionamento loxístico para a nosa armada. Só fai falla que o Goberno o encargue;



defensa precisao. Polo tanto, ese encargo daría carga de traballo e certeza aos traballadores do naval xa, de forma inmediata, e cubriría este oco dende a entrega deste AOR que fixemos para Australia ata o inicio do corte de chapa das series das fragatas F-110.

O que lle pedimos ao Goberno é compromiso serio e firme na defensa dun sector estratéxico. En Ferrol levamos máis de douscentos anos construíndo barcos; é o que sabemos facer e é ao que dedicamos o máis precioso que ten a nosa comarca: dedicamos toda a nosa ría, un auténtico viveiro de marisco, á construción de barcos de guerra e de barcos civís. Queremos seguir facendo o que levamos facendo ao longo de toda a nosa historia.

Por iso vimos hoxe con esta iniciativa, que cremos que debería suscitar a unanimidade dos partidos políticos, a mesma unanimidade que suscitou en toda a comarca de Ferrolterra. Nós hoxe non vimos aquí pelexar nin coas mareas de Podemos —ou como queira que se chamen—, (*Murmurios.*) nin co resto dos partidos; non. Nós o que queremos é lanzar unha mensaxe clara aos traballadores do sector naval, e é que o Parlamento de Galicia está preocupado polo que poida pasar en Ferrol nos próximos dous anos.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Hai xente que non pode esperar. Nós sabemos que a Pedro Sánchez só lle preocupa Pedro Sánchez, pero hai xente que quere saber se en setembro vai seguir tendo traballo, e esa xente o que nos pide hoxe é unha resposta clara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Xa estamos de novo no pim pam pum do bipartidismo. Señor Tellado, buscando culpables non se soluciona nunca nada.

Estou de acordo coa maioría da súa intervención e, de feito, esperemos que apoiem a nosa emenda, porque complementa a súa; pero imos votar a favor da súa porque, evidentemente, estamos de acordo. De feito, propuxemos unha practicamente no mesmo senso —máis completa— na Comisión 6^a. Pero non se poden dicir cousas que non son verdade. Non é verdade que o señor Sánchez eleve os dereitos de CO₂. Sabe vostede que se subastan na Unión Europea, non os marca o señor Sánchez; iso é así e vostede sábeo.

Os postos de traballo garántense con prevención, con previsión e con traballo previo. Que a central térmica das Pontes, tal e como está a evolución desde hai xa catro anos dos dereitos de CO₂, ía ter pouco traballo era evidente. Era evidente que os transportistas non ían ter traballo todos os días, os cento cincuenta —creo que son— camioneiros que traballan na ruta do carbón do porto exterior de Ferrol ás Pontes; iso podíase prever.



O que non é lóxico é que vemos o problema grave destes señores e, en paralelo onte, por outra parte, saen as asociacións de transportistas galegas dicindo que lles faltan mil quiñentos camioneiros e que non atopan camioneiros para levar os camións; onte saíu a noticia: dez mil en España, mil quiñentos en Galicia. Entón, se un goberno fixese o seu traballo, tanto o Goberno da Xunta como o Goberno do Estado, todo iso sería previsible que fose solucionable. Non é lóxico que cento cincuenta señores estean no paro neste momento e, por outra parte, as empresas do sector digan que reclaman mil quiñentos só en Galicia. Iso si que é traballar por garantir os postos de traballo; evidentemente, iso é traballar, non botarlle a culpa a alguén.

Seguen falando de que o Goberno do PSOE atrasou dez meses a posta en marcha das F-110, esquecendo que o anterior Goberno as tivo paradas dous anos, e xa sabemos por que, non o imos repetir. É verdade —e así o plantexei eu xa na comisión— que o AOR se podería poñer en marcha dunha maneira rápida, pero non inmediata; tampouco se vai poder cortar chapa en setembro, evidentemente. Para que o AOR puidese cortar chapa en setembro isto tiña que contratarse no ano 2017. No ano 2017 o anterior Goberno, que xa sabía que no ano 2019 Navantia ía quedar sen traballo —digamos— que non fora de enxeñería, sen traballo de construción, xa podía ter planificado o AOR; non se fixo. Evidentemente, agora é responsabilidade do Goberno do Partido Socialista, e nós estamos de acordo en reclamarlle a urxente decisión de buscar traballo. Pero non enganemos a xente: poñer en marcha isto non implica —aínda que é verdade que a enxeñería está totalmente desenvolta— meter a cortar chapa en setembro tampouco; esa é a realidade. Para iso a decisión tiña que ser hai, como mínimo, ano e medio ou dous anos.

Por tanto, a nosa emenda vai nesa liña de avancemos, de fagamos propostas concretas. Entón, a primeira, evidentemente, é a aprobación inmediata de carga de traballo pública estatal, como solicita a PNL do PP, por iso votaremos a favor. Despois, tamén a implicación da Xunta de Galicia na xestión directa de Navantia —para non poñerse de perfil, para non só botar a culpa, senón tamén poñerse a facer propostas concretas—, tanto en todas as reunións do Plan industrial como no seu Consello de Administración, porque nós entendemos que se o Estatuto de autonomía reconece que é unha empresa estratéxica en Galicia, renunciar a esa soberanía galega sobre este tipo de empresas considerámolo totalmente inaceptable. E, tamén, aproveitar estes meses, que realmente vai haber menos actividade, e que non queden alí cruzados de brazos, senón que se poñan en marcha as melloras de produtividade no estaleiro que o fagan máis competitivo e así non ser tan dependente da contratación pública estatal. Neste último punto plantexaríamos tamén tres propostas concretas: por unha parte, a aprobación do financiamento necesario para a posta en marcha do Plan industrial do estaleiro 4.0.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Aquí o señor Sánchez si que é totalmente responsable: déixese de cálculos electorais, pónase xa a gobernar e dote suficientemente este plan.

Logo, desenvolver de inmediato unha planificación racional de entradas e saídas de persoal do estaleiro que garanta a transferencia de coñecemento. É imprescindible; non pode ser



que, por aforrar unha miseria de cartos, se poña de maneira inmediata na rúa centos de persoas cunha enorme bagaxe de experiencia —e eu coñezoo porque traballei con eles hai moitos anos— e que non se aproveite para solapalo coas novas incorporacións.

E, por último, acelerar na Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Ferrol, as estratexias e actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia, aspecto absolutamente decisivo para que o estaleiro 4.0 se poida desenvolver. Estes traballos previos van ser complexos, porque vai haber implicacións e impactos negativos importantes que deben de ser acometidos de inmediato para buscar unha solución o menos lesiva...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...e que compense xustamente as que sexan inevitables, como lamentablemente vai pasar para veciños da zona do dique seco. As implicacións van ser inevitables e hai que empezar a traballar xa; non esperar outros dous anos e, entón, que cheguen os problemas e non poidamos poñer en marcha o estaleiro 4.0 cando por fin o señor Sánchez se decida a poñer os cartos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Tamén dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos amosar o noso apoio a todos os transportistas, así como á familia destes transportistas que están de camiño ou xa chegaron a Madrid, transportistas que se adican ao transporte do carbón dende o porto de Ferrol á central térmica das Pontes. *(Aplausos.)*

Señor Tellado, deben de recoñecer dende o PP que quen deu o impulso ao contrato das fragatas foi un goberno socialista. *(Murmurios.)* Un goberno socialista foi quen asinou o pasado 23 de abril de 2019 a orde de execución para a construción de cinco fragatas F-110 para a Armada española, o maior contrato que nunca se fixo entre o Ministerio de Defensa e Navantia.

O Goberno actual non foi quen atrasou o programa de construción naval, como parece querer evidenciarse nesta exposición de motivos que nos presentan na iniciativa; máis ben todo o contrario, xa que foi o actual Goberno o que desbloqueou o programa que tiña paralizado o Goberno do señor Rajoy. Porque o Goberno do señor Rajoy tiña gardado nun caixón, así que, se non fose por un goberno socialista, aínda teriamos que esperar máis para que este contrato se puxese en marcha. *(Aplausos.)*



Este contrato sabemos que é unha peza fundamental para os estaleiros da ría de Ferrol, un proxecto que está orzado aproximadamente en catro mil quiñentos millóns de euros e que se prevé que xerará entre doce e dezaseis millóns de horas de traballo, cunha ocupación para uns sete mil traballadores e traballadoras, tanto directos como indirectos, durante os próximos dez anos. Isto vai axudar a dinamizar a comarca de Ferrolterra.

O Goberno do PP co señor Rajoy á fronte, señor Tellado, estivo gobernando en España durante sete anos, mentres vostedes aquí en Galicia calaban. Sen embargo, tras a moción de censura do señor Pedro Sánchez, hoxe estalle reclamando ao Goberno de España todo aquilo que vostedes non fixeron en sete anos de goberno do PP. En definitiva, esta iniciativa é unha estratexia do Partido Popular de Galicia para ocultar o que non fixeron vostedes en sete anos.

Hai que destacar que as fragatas F-110 serán o primeiro gran programa naval español desenvolto no marco do estaleiro 4.0, o que implicará os máis avanzados sistemas de control e simulación integrados. Esta nova xeración de fragatas F-110, cuxa construción comezará en breve na ría de Ferrol, destaca por contar cun deseño propio español e un alto grao de soberanía industrial e tecnolóxica. Ao redor do oitenta por cento das compras de subministración serán realizadas a empresas españolas.

Por outro lado, a empresa Navantia, a través do seu Plan estratéxico, impulsa a modernización e a dixitalización do estaleiro de Ferrol, avanzando cara ao estaleiro 4.0. Isto inclúe uns investimentos moi ambiciosos por valor de cento sesenta e cinco millóns de euros aproximadamente, entre os que destaca pola súa contía e inmediatez un novo taller de fabricación —o máis moderno de Navantia— que vai permitir empezar a aplicar o estaleiro 4.0 para a fabricación dos sub-bloques das fragatas F-110, utilizando así as técnicas máis modernas da construción naval.

O que ten que facer o Partido Popular de Galicia, e o señor Feijóo á fronte, é encargarse das súas competencias e preocuparse por apostar máis decididamente pola formación dos traballadores e traballadoras que van ter que incorporar Navantia e a industria auxiliar e impulsar a FP dual, financiando adecuadamente o Campus Industrial de Ferrol e impulsando o Centro Tecnolóxico da Cabana.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos a seguinte emenda: punto primeiro, dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que continúe o seu labor de apoio a Navantia e, moi especialmente, na procura de novos pedidos e encargos no mercado internacional, co obxecto de garantir a suficiente carga de traballo para o estaleiro de Ferrol; e punto dous, que no ámbito das súas competencias a Xunta de Galicia, en colaboración con Navantia, desenvolva un plan o suficientemente dotado orzamentariamente e un calendario para promover a formación de nova incorporación ao estaleiro así como a formación dual, a coordinación entre a empresa principal e as súas empresas auxiliares para os plans formativos e o desenrolo do Centro de Innovación de Servizos do CIS da Cabana.

O noso voto vai ser a favor aínda que non acepten a nosa emenda, xa que o Goberno de España está na procura de novos pedidos para os estaleiros da ría de Ferrol.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

«Navantia ten que ofrecer alternativas aos seus estaleiros de Ferrol-Fene para garantir carga de traballo a curto e medio prazo». Así comeza a exposición de motivos da PNL que nos trae ao debate o Partido Popular sobre a carga de traballo de Navantia.

Pois si, todo claro e todos de acordo, porque os problemas de carga de traballo de Navantia comezaron hai uns pouquiños meses coa chegada do Goberno socialista; non é coma se levase anos e anos debaténdose entre a vida e a morte, con Navantia, toda a comarca de Ferrolterra. Ademais, o Partido Popular nunca tivo responsabilidades de goberno no Estado e sempre estivo do lado dos traballadores de Ferrol. ¡Vaia!, todos vimos as pancartas do Partido Popular encabezando centos de mobilizacións que defendían e defenden a vida en Ferrol e na comarca.

Porque ninguén se dera de conta ata o de agora de que, nese *impasse* de dous anos que van entre a posta a punto e entrega dos dous buques de apoio loxístico e o comezo da construción das fragatas F-110, a xente de Navantia e as súas empresas auxiliares quedaban a velas vir. Coa botadura do primeiro deses buques, arredor de catrocentos traballadores pasarán ao paro, e ata a entrega do segundo vai ser un goteo constante, é dicir, máis deses catrocentos. Na actualidade xa hai empresas auxiliares que comezaron a despedir traballadores. Por iso é urxente que se fagan os esforzos posibles para que neses dous anos Navantia continúe con actividade.

E lembren, para que non haxa erro, tanto Partido Popular de Galicia como Partido Socialista de Galicia: falamos de Navantia Ferrol, e Ferrol está, de momento, en Galicia. E falamos, coma un dos posibles, da construción dun novo buque de soporte loxístico que daría traballo para máis ou menos trinta e dous meses; as obras poderían comezar de inmediato porque a enxeñería esta feita. Esta ou outra carga de traballo —repito, esta ou outra carga de traballo—, porque falamos de non derivar labores para o sur, como se veu facendo e vén facendo.

Aí é onde se comproba a vocación das forzas políticas e o que defenden. Para vostedes dous é unha sinxela conta numérica de potencial de votos: Andalucía, oito millóns de votantes; Galicia, menos de tres. Para nós é unha cuestión de país, de dereitos a exixir desde esta atalaia. Hai forzas políticas que teñen raíces diseminadas por todo o Estado e hai que cumprir con todos, e hainas que só temos ataduras aquí.

A Xunta de Galicia non defendeu con firmeza o naval galego nin con gobernos do PP nin con gobernos do PSOE. O señor Conde, conselleiro de Industria do Partido Popular, chegou a mostrar a súa preocupación; a énfase da Xunta foilles todo un exceso.



Pero, ademais, neste asunto faise necesario investigar a demora no encargo da construción das fragatas F-110, porque temos dereito a saber que pasou. Faise necesario remitir toda a información oportuna á Xunta de Galicia e darlle traslado á Fiscalía Anticorrupción para o estudo das posibles accións que foran constitutivas de delito. ¿Están dispostos a facelo?

Aínda hai máis, porque a súa PNL é desas de boas intencións aparentes e que, por iso — porque son aparentes—, non concretan nada. Concretemos, pois: ¿van vostedes reclamar a necesidade de recuperar para Navantia a construción civil? Porque Navantia está encorsetada no mercado militar, e isto vai acabar co estaleiro e coa comarca. Navantia non pode renunciar a outros traballos no campo eólico, nas reparacións, turbinas..., non pode renunciar a nada. E vostedes, ¿que?, ¿moveron ficha a este respecto? Porque nós, o BNG, tamén con Navantia, non podemos renunciar ao peso político que deberíamos ter e que con vostedes non temos nin teremos.

Por último, señor Tellado, urxe a modernización, urxe facer realidade ese estaleiro 4.0. Desde o BNG exiximos de xeito inmediato os investimentos que se anunciaron no seu momento para modernizar as instalacións de Navantia na ría de Ferrol, para que volva estar no mapa da construción naval coa presenza que lle pertence. Non se trata, pois, de apaños para remendos, de retallos para ir tirando e esmorecendo aos poucos ata que a súa capacidade mingüe tanto que haxa motivos xustificados para lle dar outro golpe máis de morte á comarca que se sume ao desastroso Plan industrial.

Concreten vostedes, sexan claros, comprométanse. ¿Élles tan difícil? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Se abordásemos a iniciativa do Partido Popular sen ter en conta o seu contexto, pouco teríamos que obxectar. ¿Quen vai estar en contra de garantir a carga de traballo do estaleiro de Navantia? Non obstante, a iniciativa non é inocente, nunca o é. Preséntase hoxe e non antes porque o seu obxectivo non é protexer o emprego da industria ferrolá — tempo tivo, responsabilidades de goberno tivo para facelo—, senón, coma sempre, facer campaña.

¿Por que dicimos isto? Porque os feitos demostran que Navantia só preocupa ao Partido Popular cando hai eleccións no horizonte. Hai dous exemplos claros. Primeiro, se repasamos as iniciativas que o Partido Popular presentou na actual lexislatura acerca de Navantia, obsérvase un dato ben curioso: non hai unha soa iniciativa que rexistraran antes do 31 de outubro do ano 2018; dito doutro xeito, non rexistraron unha soa iniciativa sobre Navantia durante o último mandato de Mariano Rajoy para exixirlle ao Goberno central que fixese o favor de lembrar que en Galicia existe unha comarca que vive da construción de barcos. Hoxe viñeron, como tantas outras veces, difundir a súa propaganda de campaña e tentar lavar a cara da súa mala xestión en materia de política industrial, que está deixando este país convertido nun auténtico ermo para a industria.



Hoxe o Partido Popular dinos que está moi preocupado por Navantia, e ten razóns para estalo, porque están moi preocupadas todas as traballadoras e traballadores, que ven un horizonte escuro e por iso levan numerosas mobilizacións, ignoradas unha vez tras outra por este goberno. Ten razóns para estar preocupado e ten, por suposto, responsabilidade, porque Navantia —moi ao seu pesar—, a empresa pública Navantia, leva moito tempo sufrindo a pésima xestión dun Partido Popular que renunciou hai moito tempo a intervir para salvagardar un sector estratéxico con enormes potencialidades para o noso país.

Segundo exemplo: en lugar de investimentos reais, o que nos deixa o Partido Popular respecto a Navantia son sempre mentiras electorais que nunca se fixeron realidade; poderíamos falar do dique flotante, dos contratos pantasma con Pemex, etc. Tantas mentiras que non é doado ter a cifra exacta das promesas de construcións de barcos que iamos ter en Galicia que fixo Feijóo dende a primavera de 2012; anuncios dos que unicamente dous foron reais —e había máis de vinte— e aos que hoxe temos que sumar acusacións de corrupción que as autoridades mexicanas acaban de lanzar contra algúns dos ex-directivos da petroleira máis implicados nos contactos con Galicia: Emilio Lozoya, Carlos Roa ou José Manuel Carrera Panizzo, outras desas amizades perigosas do señor Feijóo. Será desa certeza da que lle gusta falar ao señor Tellado: a de que Feijóo, se pode ter un amigo perigoso, vaino ter.

Os datos aí están: importantes caídas das vendas e carga de traballo, alto nivel de endebedamento, desequilibrio patrimonial e as meirandes perdas da súa historia. Por iso, este grupo leva moito tempo reclamando actuacións públicas decididas tanto neste parlamento como nas Cortes do Estado. Podemos lembrar que o 21 de marzo de 2017 o Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta unha proposición non de lei presentada polo noso grupo parlamentario que, ademais de exixir a concreción e a aplicación do Plan estratéxico de Navantia, solicitaba que se definisen as actividades estratéxicas da compañía atendendo á súa capacidade para diversificar a oferta. No seu día exiximos tamén que o desenvolvemento do Plan industrial tiña que facerse tendo moi presentes as novas necesidades do estaleiro 4.0

¿Que queremos dicir con isto? Que, por suposto, nosoutros non temos ningunha razón para opoñernos ao contido da iniciativa popular. Benvidos sexan ao espazo de defensa das traballadoras e traballadores de Ferrolterra, benvidos sexan asumindo as demandas que vimos artellando dende a oposición todos os grupos da Cámara con moi pouca colaboración da súa banda.

Póñanse a traballar coa industria do país e a ver se desta non é unicamente retórica.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.



Señora Chao, fala vostede sen saber, sinceramente. Eu, a verdade, teño que dicirlle que entendo que a súa actitude responde, sobre todo, a ese sentimento de ser cómplices do Goberno de Pedro Sánchez e que teñen que buscar calquera tipo de explicación para non falar de que fixeron vostedes polo sector naval. ¿Sabe que fixeron vostedes polo sector naval? Nada, nunca fixeron nada; esa é a realidade.

Señor Rivas, como diría a campaña que está facendo a Consellería do Medio Rural, vostede é moi de monte e eu son moi de mar. Cando queira, explícolle os problemas de Ferrol e invítoo a visitar a comarca. Creo que lle viría ben saber que nós somos os que reabrimos Astano —nós, o Partido Popular— e que nós fomos os que diversificamos o sector naval coa eólica mariña; fomos nós, ¡nós! Polo tanto, eu entendo que vostede aproveitou as circunstancias para vender ese discurso de nacionalismo decimonónico. Pero nós apostamos sempre —¡sempre!— polo sector naval dende o Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

Miren: ¿saben que fixeron os socialistas nada máis chegar ao Goberno de España? Quitar un enxeñeiro naval que presidía Navantia para poñer unha enxeñeira de montes. Iso é o que lle preocupa ao Partido Socialista o sector naval.

Eu lamento, señor Casal, que a vostede lle custe aínda moito criticar o Partido Socialista e que prefira criticarnos a nós. Pero, mire: aquí cada un sabe o que fai e cada un sabe o que fixo. Cando nós chegamos ao Goberno no ano 2011, a ría de Ferrol tiña cero contratos, ¡cero!; cero contratos foi o que deixou Zapatero durante os seus últimos cinco anos de goberno. ¿Nós que fixemos? O contrato do flotel: cento setenta e cinco millóns de euros, un millón cento cincuenta mil horas de carga de traballo; o contrato para deseño e equipamento dun LHD para a Armada de Turquía: cento corenta millóns de euros, oitocentas mil horas de carga de traballo; a construción dun BAM —buque de acción marítima— para a Armada española: cento sesenta e sete millóns de euros de facturación, un millón cento dez mil horas de carga de traballo; na eólica mariña —que vostede se ría, vostede especialmente—, 29 *jackets* para Iberdrola: noventa millóns de euros en Fene, que estaba pechado cando chegamos ao Goberno e abrímolos nós; un segundo contrato para a fabricación de corenta e dous novos *jackets* para Iberdrola, e outro de cinco macroestruturas flotantes. Devolvemos carga de traballo onde o Partido Socialista deixou miseria e paro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: A nosa proposta é moi clara e debería concitar unanimidade. Eu lamento a actitude do Partido Socialista de Galicia, un Partido Socialista pregado que, cando ten que elixir entre Pedro Sánchez e Galicia, elixe sempre Pedro Sánchez; esa é a realidade. Pena, señor Pérez Seco, que vostede teña que volver á comarca de Ferrolterra explicar cal é a súa postura e xustificar quen nunca fixo nada.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, ¿que me conta das emendas?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós cremos que o texto que presentamos recolle un sentir unánime na comarca de Ferrolterra e é o que imos manter.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

<<—Trasladar ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo de 3 meses, un informe sobre as camas e recursos sanitarios pechados no verán 2019, así como os informes detallados que xustificaren ditos peches.>>).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Hoxe o BNG trae de novo a situación na que se atopa a sanidade pública do noso país, a situación que ocupa un día si e outro tamén os xornais do noso país, onde profesionais e doentes alarman, alertan e se queixan da situación na que se está a prestar a asistencia sanitaria, porque o Partido Popular, ano tras ano, verán tras verán, pecha de novo un número abusivo de camas nos centros hospitalarios galegos, este ano 2019 arredor das mil camas.

A título de exemplo: na área de Vigo, o vinte por cento das existentes; en concreto, no Meixoeiro pechan plantas enteiras —o sesenta por cento— e pasan a estar pechadas durante tres meses trescentas trinta camas, e no Cunqueiro, velas enteiras. En Monforte, vinte e oito camas de Medicina Interna, e isto leva a que haxa que redistribuír os doentes polas outras plantas, incluídas as de Maternidade e Pediatría. Na Mariña, trinta camas. No CHUAC, duascenas vinte e tres, ademais das bloqueadas en servizos especiais, como poden ser a UCI ou pode ser Reanimación, que, evidentemente, non poden pechar, pero si as deixan a medio gas. En Santiago, cento dez camas en Conxo dende a segunda quincena de xullo á segunda de agosto, ademais de doce quirófanos no CHUS de Santiago. No Hospital do Salnés pasaron de pechar a terceira planta enteira a, este ano, ir pechando alternativamente camas nas diferentes plantas: en xullo, doce camas na segunda; en agosto, doce camas na primeira; en setembro, doce camas outra vez na segunda; agora si, o de setembro sen data de apertura, como nos teñen acostumados, que teoricamente é pola razón das vacacións do persoal, pero rematan as vacacións do persoal e as camas seguen pechadas. En Pontevedra, por encima das sesenta no CHOP. E en Lugo, unidades enteiras: Medicina enteira, unha planta



batiburrillo onde está Trauma, Otorrino e Neuroloxía; e pechan Paliativos tres meses, curioso, onde hai profesionais especializados na atención a estes doentes, pechan totalmente a planta.

É evidente que esta situación non é inocua; por moito que insistan, non é inocua e ten consecuencias en todos os ámbitos. Ten consecuencias no ámbito asistencial, porque é evidente que con menos recursos operativos non se pode prestar a mesma atención á poboación; vai significar unha maior dificultade para o acceso ás prestacións sanitarias. A paralización da actividade cirúrxica ao mellor en determinados casos podía entenderse que se peche; o que xa non é entendible é por que hai que pechar Medicina Interna, Uroloxía ou outro tipo de especialidades.

¿Iso a que leva? Pois a unha sobrecarga de traballo e á mestura de doentes en plantas — como dixen antes — onde hai patoloxías diversas, unha máis infecciosas que outras, incluída a mestura con cuestións como pode ser Pediatría ou Maternidade que, dende logo, non son de recibo. Aumenta o risco de estar ingresado nestas plantas; dende logo, aumenta a presión asistencial dos profesionais, que para a atención aos doentes teñen que andar recorrendo varias plantas; e aumentan, evidentemente, as listas de espera, esas listas de espera que nos teñen acostumados a non publicar, a publicar soamente as estruturais e a non dar conta do que pasa. Publican as estruturais e o resto vanas metendo no buzón. Porque as listas que publican son as cirúrxicas e as primeiras consultas, co cal, apúranse a dar a primeira consulta, mais logo as probas diagnósticas, as revisións e as consultas sucesorias resulta que, como non computan para a lista de espera, van quedando no que lle chaman o buzón.

E, claro, é que as consecuencias teñen nomes e apelidos; as consecuencias téñenas persoas de carne e óso que sofren estas cuestións. Vou ler só a referencia dun medio de comunicación dunha situación que a finais do mes pasado saltou e se fixo pública nos medios de comunicación, en concreto na miña comarca, no Salnés: un doente explicaba ao medio de comunicación que estaba indignado, porque resulta que en febreiro de 2018 levou o seu volante a Cita Previa para que lle desen cita e, a partir dese momento, di textualmente o Sergas: «Adquirimos o compromiso de programar a súa cita no menor tempo posible, comunicarlle a data na que será atendido, por correo ou por vía telefónica, e avisalo con suficiente antelación».

O tema é que non o dan avisado. Febreiro do ano 2018, unha valoración de Uroloxía tras ser operado de próstata, e *sine díe*; estamos en xullo de 2019 e non sabe nada de cando o van citar. Claro, isto non está en lista de espera porque é consulta sucesiva. Entón, unha persoa que tiña que ser chamada para revisión e para ver probas leva un ano e catro meses agardando, pero non está en ningunha lista de espera; co cal, poden vir aquí os responsables da sanidade pública do noso país dicir que teñen unhas listas de espera esplendorosas e magníficas.

A isto sumamos outro caso: Antonio foi operado de cataratas e durante a operación descubriúselo un glaucoma; tiña que facer controis e dixéronlle que tiña que ser visto en seis meses; os seis meses pasaron en marzo e resulta que lle din que, como moi pronto, igual para outubro.



Claro, ¿é que din os doentes? Que é insoportable estar vivindo día si e día tamén coa incerteza de saber se están mal, se está empeorando a súa situación de saúde ou que está pasando, porque se o seu especialista lles di que os queren ver en seis meses, ¿por que logo os van ver en ano e medio ou en dous anos? Non é de recibo. ¿E que din? Que están cansados de que o Sergas lles negue a existencia de listas de espera cando eles as sofren en carne e óso. Estes son dous exemplos da comarca do Salnés; podíamos poñer miles, porque esa é a realidade do noso país.

¿Que outra consecuencia ten o peche de dispositivos? Pois o aumento das listas de espera ou o colapso de Urxencias. Os colapsos de Urxencias son consecuencia directa dese peche de camas; os pacientes están amoreados nos corredores en condicións que atentan contra a intimidade e a dignidade das persoas. Podemos poñer o exemplo do CHUAC da Coruña, denunciado hai uns días. Houbo doentes que esperaron ata 72 horas para que se lles habilitara unha cama para ser ingresados, ¡72 horas! Nada, non pasa nada, son estatísticas. Para o Partido Popular son estatísticas. Pero non, son persoas de carne e óso.

¿Cal é outra consecuencia disto? Pois a presión cara abaixo, cara o centro de saúde e cara os PAC. Se a xente non é atendida, vai onde considera que pode ter algún tipo de resposta, e colapsa tamén este recurso. Os profesionais teñen outra consecuencia, pois están prestando unha atención que a cidadanía percibe como precaria, que non son ben atendidos. E para os profesionais é frustrante. É frustrante non poder atender en condicións a poboación.

Non se garante a drenaxe dos doentes de urxencias a unidades onde teñen que ser hospitalizados. E iso, dende logo, é inaceptable para os doentes, para as familias e para os mesmos profesionais.

Ten consecuencias tamén no ámbito laboral, por suposto: a presión dos profesionais sanitarios. É dicir, non se contrata, e hai profesionais nas listas de contratación, mais a escusa do Partido Popular é que non hai. Podíamos aceptar que non hai facultativos ou facultativas en determinadas especialidades, pero no resto si que os hai, e non o fan. Hai 800 camas hospitalarias menos dende o ano 2009 en Galiza, un 10 %, e aumentaron as camas nos centros privados. Pechan as camas nos hospitais públicos e non pechan as camas nos hospitais privados.

Por iso o BNG trae aquí esta iniciativa, na que o que demandamos é non pechar unidades de hospitalización, realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...ao peche de camas, ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas —camas, quirófanos...— e non realizar derivacións, rematar coa práctica de sacar das listas de espera os que non queren ir á privada, rematar con metelos no buzón cando son consultas sucesivas, restituír ás listas de espera estruturais as persoas que foron quitadas delas e presentar no Parlamento un informe de cal é a situación de derivación á privada.



Dende logo, o que demandamos son medidas. Son medidas porque, dende logo, tomar medidas non é trasladar os executores das políticas públicas de sitio, espallar os problemas. Non se soluciona cambiando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...o señor Rubial de Vigo para Ourense, da dirección xeral de Santiago para Vigo e de Vigo para Ourense, espallando o problema. Non se soluciona estendendo os contratos de precariedade, que eran para médicos, tamén para...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PRADO CORES: ...enfermaría e non se soluciona anunciando...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...cuestións para dentro de catro anos, como é a hospitalización a domicilio.

Solúciónase con cuestións concretas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, ano a ano asistimos á mesma cuestión: estes peches de camas sistemáticos. E, por riba, a Xunta é incapaz de explicar cales son as razóns asistenciais para cada un dos peches, tanto de camas como de servizos.

Este ano —xa foi exposto aquí— a Xunta pechará por volta de 900 camas no Sergas aducindo traballos de organización ou obras nos centros. Pero isto non xustifica todos os peches. Certamente entendemos que determinados peches de camas poden responder a casos concretos de dispoñibilidade de profesionais especializados ou á necesidade de obras e remodelacións, pero estamos a falar dun peche masivo e sistemático que responde unicamente á vontade de aforro de recursos e á non contratación de profesionais. E, neste caso, trátase fundamentalmente de profesionais de enfermaría, auxiliares ou celadores e celadoras. Monforte, 28 camas; Burela, 9 camas en trauma e 12 pechadas por obras; Santiago, eses 12 quirófanos pechados no conxunto da EOXI; no HULA, plantas como medicina interna e paliativos; Pontevedra, 80 camas; o Salnés, 33. Poderíamos seguir, pero é que non é entendible que nos meses de verán se recorten deste xeito sistemático as camas e, en última instancia, se recorte a actividade asistencial. Porque non é entendible que non se siga programando a actividade ordinaria en consultas externas, probas diagnósticas e determinadas intervencións cirúrxicas non urxentes, precisamente tamén para reducir esas listas de agarda.

En lugar diso, o que fomenta este peche de camas e servizos son as derivacións á privada en determinados hospitais, como os que citabamos, o de Burela ou Monforte. E tamén aumenta



o traslado de pacientes destes distritos ao HULA. Tamén é evidente a incidencia que ten en fomentar, en aumentar, a saturación dos servizos de urxencias, por poñer outro exemplo amais do que se puxo aquí. No Arquitecto Marcide sinalaba unha persoa que tivo o seu avó 60 horas agardando a ser trasladado á planta dende urxencias. O mesmo temos coa influencia que isto ten en PAC e centros de saúde; e, sobre todo, porque en determinados lugares de afluencia turística tamén se pechan pola tarde PAC e centros de saúde, que é o que tamén contribúe a esa saturación das urxencias.

Por outra parte, tamén foi exposto —e continuamente se traslada a esta Cámara esta problemática— que o verán dificulta o traballo do persoal. ¿Por que? Porque non se cobren axeitadamente as vacacións, porque se mesturan pacientes de distintas especialidades nunha mesma unidade e, ao mesmo tempo, persoal de distintas áreas sen experiencia na propia planta. O traballo dificultase, e, ademais, únese a que non se contratan os profesionais suficientes e isto aumenta o desemprego do persoal sanitario.

Tamén concordamos con que é fundamental que esta Cámara coñeza a magnitude das listas de agarda, tendo tamén os datos desa lista de agarda non estrutural, e rematar con esa práctica de penalizar as persoas que se opoñen a ser derivadas a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes. Concordamos con esa cuestión.

A emenda que presentamos ten que ver con que, como continuamente a Xunta non xustifica axeitadamente o peche de todas as unidades de camas e non explica as razóns asistenciais que teñen que ver con isto, propoñemos que se traslade por parte da Xunta ese informe sobre as derivacións á privada, un informe detallado sobre cal é a xustificación que dá a Xunta de cada peche. Porque continuamente se fala desas remodelacións, pero as obras non xustifican todos os peches, os sistemáticos peches do verán. Así pois, aínda que non se aceptara a nosa emenda, por suposto imos votar a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Efectivamente, unha vez máis debatemos esta cuestión que, dende o noso grupo, xa trouxemos nun pasado pleno. Entendendo que, ante a persistencia dunha política de peche de servizos, e non só das camas senón tamén do que ten que ver coas probas diagnósticas e tamén cos recortes na cobertura das vacacións en atención primaria por parte da Consellería de Sanidade, era mester coñecer os datos oficiais das listas de agarda non estruturais. E, unha vez máis, aquí votouse en contra do cumprimento da lei, da normativa que, como explicamos, contén o Regulamento do Parlamento e o propio Estatuto de Autonomía en virtude da cal hai que facilitarlles aos deputados e deputadas a información que se solicite para facer o seu traballo. Levamos dous anos e medio agardando a resposta a unha petición ao abeiro do artigo 9, de incumprimento legal reiterado por parte da Xunta de Galicia, e, unha vez máis, hoxe vólvese solicitar esta información.



E, precisamente, cando acontecía isto, e nesta Cámara se votaba en contra de dar cobertura aos permisos, ás baixas e ás vacacións durante estes meses en tanto en canto houbera persoal suficiente e houbera lista de agarda, e mentres, efectivamente, por parte do Partido Popular se esgrimía unha vez máis que non eran precisas todas as camas, xurdían xa as primeiras novas de problemas nos servizos de urxencias dos hospitais —que, por certo, se vostedes atenden aos datos das consultas nos últimos anos, está incrementando de maneira eu creo que importante a proporción de consultas que se dan nas urxencias froito, efectivamente, do recorte noutros servizos que rematan concentrando a presión asistencial nestas unidades—. É algo que se constata, e aquí púxose algún exemplo, tamén coa información que nos chegaba de Ferrol, desas persoas que levaban 60 horas agardando por unha cama no Arquitecto Marcide. Aconteceu esta semana xusto despois de negarse nesta Cámara que o peche de camas estivese inxustificado, como está.

A realidade é que, a pesar diso e a pesar de que a conflitividade dentro do Servizo Galego de Saúde continúa, o Partido Popular segue facendo oídos xordos. E cando continúan as protestas por parte do persoal eventual ante a situación extrema de precariedade, sacan da manga un contrato lixo que xa se rexeitou, primeiro, polos profesionais de medicina. E estou falando dese contrato lixo que as profesionais e os profesionais e as centrais sindicais non queren porque, evidentemente, só perpetúa un modelo de precariedade no que os profesionais teñen que estar á disposición do Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade, as 24 horas e 365 días do ano. Non queremos máis precariedade, non queremos máis excusas. A Xunta de Galicia ten que sacar xa a concurso as prazas existentes e deixarse de inventos. A realidade é que non se pode admitir máis precariedade. Xa se rexeitou por parte dos profesionais de medicina e estase a rexeitar por parte dos profesionais de enfermaría.

E, evidentemente, como publicamente o único que colleitou esa proposta estrela do Partido Popular foi rexeitamento por parte dos profesionais, cando se denunciou esta cuestión sacaron esta semana un movemento de cambio dos xerentes. É unha absoluta vergoña que entendo que o conselleiro de Sanidade terá que explicar nalgún momento nesta Cámara, e que nos explique por que mantén unha persoa imputada por presunto homicidio imprudente á fronte dunha xerencia. Simplemente o que se fai é mudalo e trasladalo, neste caso, a Ourense. É unha persoa con absoluta incapacidade, incapacidade manifesta, para xestionar as cuestións e os problemas de índole laboral. Vímolos no conflito dos celadores e celadoras, vímolos no conflito das auxiliares de enfermaría e estámolos a ver co conflito de atención primaria, no que a súa falta de dilixencia provocou a dimisión de máis de 25 xefes e xefas de servizo na atención primaria. E como iso tampouco funcionaba e estábanse dando xa as primeiras saturacións nos servizos de urxencias, sacan da manga un anuncio de hospitalización a domicilio para todas e todos; unha realidade, un anuncio de algo, que non se pode dar porque, como saben as súas señorías ou polo menos os portavoces de sanidade, nin a hospitalización a domicilio é para todos os doentes nin resolve sequera unha situación de peche de camas. Se non, pregunten a esas persoas que estiveron agardando 60 horas nas urxencias por unha cama nun hospital.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Esta realidade —e vou rematando xa— só se vai resolver cando a Xunta de Galicia poña a totalidade dos medios humanos necesarios para devolver a calidade aos servizos sanitarios.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei, e dende logo que chamamos a secundar esas mobilizacións do vindeiro venres, polas que van volver saír á rúa ás doce da mañá contra a precariedade dos contratos lixo no Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

«Non sempre se produce contratación fraudulenta no Sergas», esta é a nova gran perla da política autonómica da Consellería de Sanidade. Non sempre se produce contratación fraudulenta no Sergas. É todo un alivio, non sempre se produce. Polo cal, incluso os que somos malos alumnos, papanatas intelectuais e todas estas cousas somos capaces de inferir que algunha vez si se fai. Agora só nos queda por saber canto. É dicir, que existe un implícito, ou explícito, recoñecemento de que o Sergas contrata de maneira fraudulenta. Non vale con que o digan os xuíces, que xa o din, senón que por fin o Goberno asume que contrata de maneira fraudulenta.

Pero ¿por que ten que ver con isto? Porque este é o problema do sistema sanitario de Galicia: que o Sergas contrata pouco e, cando o fai, faino en fraude de lei. E anuncia moito pero contrata pouco, contratan a tempo parcial e explotan a tempo completo. Son profesionais da explotación, este é o sistema de saúde de Galicia que temos.

E se hai que defender un xerente dunha EOXI dicindo que é o mellor do mundo, deféndese. E se a semana que vén hai que botalo e a ver se así nos reciben aos profesionais, pois bótase. Porque principios, poucos. E se hai que anunciar agora unha hospitalización a domicilio, que se leva rexeitando anos dicindo que é que non entendemos o sistema, pois agora anúnciase. E se hai que anunciar unha hospitalización a domicilio sen anunciar máis profesionais, pois anúnciase. E se hai que pechar camas, entón si, péchanse moitas. ¿Por que? Porque iso supón non ter profesionais para atendelas. Estamos acostumados os que participamos habitualmente na Comisión 5ª a escoitar coma un mantra, con certa displicencia e incluso cun ton case despectivo —e incluso paternalista ás veces—, que non se pechan as camas. Claro, as camas están alí, de feito están todo o ano. E a metade do ano —non no verán, ¡eh!, senón na metade do ano— permanecen pechadas moitas delas. ¿Que significa pechadas? Pechadas significa que non se poden utilizar. E ¿por que non se poden utilizar? Porque non hai persoal. ¿Como imos levar persoas, pacientes, a unha planta onde non hai persoal? Ben, isto igual é o seguinte invento do Sergas, a autoxestión sanitaria: nós poñémolle unha cama e xa vostede se vai autoxestionando. Porque son capaces con tal de non contratar persoal. Onde os demais vemos unha oportunidade para mellorar o sistema —por exemplo, aproveitando para facer ou para liberar as listas de espera, esas que non contan pero que teñen, aproveitando para poder facer moitas máis intervencións, para poder



recibir ou pasar primeiras consultas moito máis, onde podemos ter un oco ou un espazo para implementar novas medidas, para optimizar a situación do sistema—, o Partido Popular ve unha oportunidade para recortar. Porque son extremadamente dilixentes e, en canto hai algún dato que poida permitir interpretar que se pode recortar, recortan. Agora, oxalá foran tan eficientes para, en canto hai unha demanda alta de persoal, incrementar máis. Porque, cando baixa en verán, entón reducimos persoal; pero, cando sobe pola gripe en inverno, non, ¡non vaia ser! Porque por subir hai que pagar, e pagar persoal dos servizos públicos é un problema, sobre todo se hai que facelo legalmente. Porque, claro, é moito mellor facelo en fraude de lei, aínda que —xa sabemos— non sempre se produce contratación fraudulenta no Sergas. Non sempre, algunhas veces si. É todo mentira salvo algunha cousa. Non sempre se produce contratación fraudulenta.

Hai un problema de persoal, e este é o problema que leva a estes problemas: a que teñamos peche de camas, porque é unha oportunidade para contratar menos; a que teñamos problemas de listas de espera, porque non temos profesionais suficientes; a que se poidan facer anuncios —dá igual de onde saen, porque entón xa traballará alguén, iso nunca se sabe—. E ese problema de persoal leva a ter unha precariedade maior do 25 %. Iso lévanos a ter unhas listas de espera ocultas elevadísimas —que vostedes non queren contar nunca pero que están aí, que todos o sabemos—. Iso lévanos a ter un peche de camas superior cada ano argumentando —como unha pescadilla fantástica— que o ano pasado houbo menos aproveitamento dos servizos hospitalarios. Non hai profesionais, atenden menos profesionais, e, como o ano pasado atenderon menos profesionais, este aínda imos reducir un pouco máis. E, se quitamos todos os profesionais, ninguén irá aos hospitais. E non lles quero dar ideas. ¡Ninguén irá aos hospitais!

Pero a ver se podemos facer á inversa.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Poñamos máis e comprobemos como entón si que somos quen de sacar traballo adiante e de liberar o traballo que ten acumulado o Sergas. E entón demostraremos que o fenómeno inverso tamén se produce.

Léano en termos económicos, é unha cuestión de oferta e demanda. Pero léano no sentido bo, non no sentido de recortar senón no outro: vamos implementar, vamos dotar de máis profesionais, esta é a oportunidade. Temos un problema de persoal e quen non o queira ver está demacrando o sistema sanitario, que é o que está pasando. E, a partir de aí, nós imos apoiar todas as iniciativas que defendan —como é neste caso— o aumento de recursos. Porque temos un problema de recursos, especialmente de persoal, no sistema sanitario público de Galicia. E a ver se somos capaces de que algunha vez non exista nunca contratación fraudulenta no sistema en lugar de escoitar o de que non sempre ocorre, que non sempre ocorre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Asistimos hoxe á enésima tempada da serie «Peche de camas», que ten capítulos anuais no Pleno, na Comisión 5ª e incluso na Deputación Permanente; é dicir, isto é anual e é repetido.

Pero, mire, señora Prado, eu non teño nada que modificar ao manifestado na Comisión 5ª o pasado ano diante dunha iniciativa que é exactamente idéntica á que presenta hoxe na exposición de motivos. Bueno, minto, engadiu 23 palabras ao principio da exposición de motivos e, despois, engadiu na parte final outras consideracións na parte resolutiva. E hoxe repítea textualmente e eu teño que repetir o mesmo que lle dixen na comisión do pasado ano.

Farei tres consideracións respecto do tema da iniciativa que tamén foron repetidas neste hemiciclo. Primeira, que as camas non se pechan, habílanse ou non segundo as necesidades. E iso non é paternalismo, señor Torrado, iso é a realidade. A segunda é que a planificación e a eficiencia implican adecuar os recursos ás necesidades. E a terceira é que as necesidades se obxectivan con indicadores, datos e cifras. A ocupación de camas nos últimos veráns roldou o 75 %, e o Sergas vai manter habilitadas este ano —aproximadamente como o ano pasado— o 88,3 % do total das camas galegas —as mesmas que no ano pasado—.

E todos vostedes, señorías, saben que no verán hai menos morbilidade por enfermidades crónicas, que hai unha parte importante do persoal que colle as súas vacacións regulamentarias, ás que ten dereito, e que se aproveita —como recoñeceu a señora Vázquez Vero— para facer reformas e mantemento nas unidades de hospitalización.

Pero, miren, señorías, a situación que se produce en Galicia é idéntica á do resto dos servizos sanitarios de todas as comunidades autónomas, governe quen governe. Por exemplo, este ano Andalucía pecha 1.800 camas. Parecen moitas, pero o pasado foron 2.400 e o anterior 2.600 e non gobernaba o Partido Popular en Andalucía. Valencia, 3.000; Cataluña, 1.900; Madrid, 1.400; e Baleares, Castela-A Mancha, Murcia, Castela-León, Navarra, Cantabria, Aragón e, por suposto, Galicia deshabilitan camas. E diminúen o número de camas funcionantes para axeitalo ás necesidades reais deste período e á escaseza de persoal —fundamentalmente persoal médico— que se produce no verán. E todas estas comunidades autónomas o que fan é unha xestión responsable.

Cada unha das xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde establece a planificación estival na hospitalización así como na xestión das vacacións do persoal para evitar prexuízos na atención á cidadanía. E faise con meses de antelación, pídense as vacacións con meses de antelación, para tentar minorar as dificultades para cubrir determinadas prazas, nomeadamente agora na atención primaria. As ausencias de persoal



débense cubrir, e cóbrense, sempre que a demanda asistencial o requira e a dispoñibilidade de persoal o permita, garantindo sempre —como dicía— a saúde da cidadanía.

Respecto do punto da privatización e derivación a centros concertados teño pouco que engadir ao manifestado nas últimas intervencións. Despois daquela profecía de que a Lei de garantías sanitarias ía converter en privado ou ía levar á privada a todos os cidadáns resulta que, despois de máis dun ano, nin unha soa persoa foi atendida, cumprindo a Lei de garantías, nun só centro privado. A profecía converteuse en falacia.

E a maiores da iniciativa do ano pasado, que, como dicía, é cortada ou copiada e pegada, engadiu a señora Prado o tema das listas de agarda. E sobre ese tema eu quería dicir que as listas de agarda en Galicia son as mellores da serie histórica e están entre as mellores de España, tanto en cirurxía como en consultas ou como en probas.

Respecto das listas non estruturais creo que a postura do Grupo quedou expresada claramente no debate da moción do Grupo de En Marea no pleno anterior.

En resumo, señorías, o Servizo Galego de Saúde planifica as camas funcionantes segundo as necesidades previstas. Neste ano hai previsión de ter habilitado un 88,3 % do total de camas dos hospitais públicos galegos, que tiveron unha ocupación media no verán pasado do 75 %.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor NÚÑEZ CENTENO: De ser preciso, de ser necesario, habílanse as camas, como ten ocorrido cando fixo falla; ou incluso en situacións especiais, como puido ser no accidente de Angrois.

E creo que todos vostedes, señorías dos dous lados das bancadas, todos, coñecen perfectamente a dificultade que existe para a substitución de profesionais facultativos en moitas especialidades.

Por todo o exposto non imos apoiar a iniciativa.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu quero empezar por agradecer o apoio manifestado polo Grupo de En Marea e polo Partido Socialista. E quero dicir que imos apoiar a emenda presentada polo Grupo Mixto, porque cremos que, efectivamente, mellora o texto.

E, efectivamente, é unha iniciativa que reclama as mesmas cousas que hai un ano. E temo que para dentro dun ano estará igualmente vixente. Temo que vai seguir vixente porque vostedes non están solucionando absolutamente nada, señor Núñez Centeno.



Vostede acaba de dicir que adaptan os recursos ás necesidades. Non, adaptan as necesidades da xente aos recursos, e dan asistencia ao peso: ata aquí chegamos, e, a partir de aquí, non atendemos. Esa é a realidade.

Eu estáballe dicindo na anterior intervención —que non me deu tempo— que o que teñen é que tomar medidas, que non chega con espallar os problemas, non chega con que vostedes anden cambiando os executores das súas políticas, como o ex-director xeral de Asistencia Sanitaria, Félix Rubial, que o sacaron da Dirección Xeral despois do *affaire* da súa nefasta actuación co tema da hepatitis C. Lévano para a EOXI de Vigo e ten unha actuación nefasta, actúa de costas viradas absolutamente a todos os profesionais, fai un auténtico desastre, e resulta que agora a solución que dan é trasladar a Atila para Ourense. Esa é para vostedes a solución: andar espallando o mal pola aldea. ¡Así non se solucionan os problemas!

Igual que non se solucionan os problemas ampliando ese contrato de precariedade que lles rexeitaron os facultativos, que lles dixeron que non é a solución porque a solución de precariedade non se soluciona con contratos que xeran máis precariedade. E agora pretenden estendelo á enfermaría, que xa lles están dicindo que tampouco, que non aceptan ese contrato porque o único que supón é consolidar esa precariedade. Esa enfermaría ten unha temporalidade das máis altas do Estado, ten unha temporalidade entre os profesionais do Sergas do 30 %. E o 90 % do persoal de enfermaría enquisado manifestou que se sentía en precario a pesar, ao mellor, de que algúns teñen contrato estable, de que están estabilizados. Porque a situación tremenda na que teñen que traballar consideran que é unha situación de precariedade. Así non solucionan, dende logo, os problemas, nin moitísimo menos.

E sobre os argumentos, o mesmo. Descende a actividade, claro. Se pechan as camas, se non hai quirófanos, se non hai profesionais, ¿como vai haber actividade? Pero é que vostedes xogan a facer unhas trampas tan burdas que ata un neno de 2 anos é capaz de detectarllas, señor Núñez Centeno. Sen profesionais, sen camas, sen quirófanos, sen tal..., ¿como vai haber actividade? Claro, esa é a base para calcular a actividade do ano que vén. É que é un pouco burdo, paréceme que é un pouco burdo.

Sobre as vacacións do persoal, ¿quere dicirme que, nas listas de contratación de enfermaría, de TCAE, de celadores, non hai persoal para contratar? ¡Sabe que si! ¡De sobra! ¡De sobra! Entón menten máis que falan. Eu o que lles quero dicir é que, facendo o mesmo, non poden agardar resultados distintos.

Nós facémolles unha serie de propostas: aproveiten o verán, xa que non hai actividade, para baixar a lista de espera...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...para contratar o persoal preciso para todas as categorías, para darlles solucións aos problemas que ten a xente e para non derivar á privada nin favorecer o negocio da privada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: Eu quero rematar —se me dá medio segundo, presidente— dicindo que acaba de saltar a noticia de que Povisa, nos seus obxectivos, marcou que hai que reducir as actuacións —consultas, probas e intervencións— en pacientes Sergas que non aporten valor engadido para aproveitar esa liberación de recursos para mellorar cada vez máis o tempo para dedicarlles aos pacientes privados.

A señora PRADO CORES: ¿Este é o seu modelo, señores do Partido Popular?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ¿Este é o modelo de pechar recursos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas. Terminou o seu tempo.

Temos que empezar a adaptarnos máis aos tempos; se non, isto vai ir moi mal. *(Murmurios.)* Teremos que empezar a adaptarnos máis. Hoxe foi de proba, pero a partir de agora imos ser un pouco máis estritos. Daranse vostedes conta. ¡Miren como imos!

En fin, ata mañá ás dez.



Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pierres López, María Luisa	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Casal Vidal, Francisco	(M)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Miranda Pena, Flora María	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Mouriño Villar, Antonio	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Novo Fariña, María Isabel	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(M)
35. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Oubiña Solla, Rosa	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pérez Seco, José Manuel	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

